

Daniel González Palau

**Os irmandamentos
en Galicia:
Globalización,
redes e
gobierno local**

Edita:

IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional)

Redacción e administración:

Avenida Joselín, 7. Portal 3-4ºB

36300 Baiona (Pontevedra)

Galicia (España)

Tel/Fax: (+34) 986357 238

E-mail: info@igadi.org

Web: <http://www.igadi.org>

Directores da colección:

Fernando Pérez-Barreiro Nolla e Xulio Ríos Paredes

Revisión lingüística:

Irene Romero Iturralde

Deseño e maquetación:

Breogán Xuncal Pereira

Impresión: Feito**Depósito legal:**

ISBN-13: 978-86-613-8468-6

Nº de rexistro: 10/15066

Tirada: 1.000 exemplares

Esta edición contou co patrocinio da Dirección Xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) da Xunta de Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



**TEXTURAS
INTERNACIONAIS**

O IGADI non comparte necesariamente as opinións expresadas polos autores.

Índice

Presentación	5
 Primeira parte: dimensión teórica	
1. Marco contextual e teórico:	
1.1. Globalización, complexidade e crise de intelixibilidade	11
1.2. A teoría de redes sociais	17
2. Os gobernos locais do século XXI:	
2.1. O desenvolvemento da globalización: a sociedade-rede	25
2.2. O goberno na sociedade-rede: evolución e configuración do modelo relacional	34
2.3. As novas dimensións do desenvolvemento local no contexto da sociedade-rede	44
2.4. A cooperación descentralizada: a internacionalización das cidades e a paradiplomacia urbana	58
3. Os irmandamentos coma ferramenta de desenvolvemento local:	
3.1. Introducción: que son os irmandamentos?.....	65
3.2. Orixe europea e desenvolvemento comunitario ...	72
3.3. O modelo americano: as <i>sister cities</i>	81
3.4. España e o modelo galego	84
3.5. Nacemento e desenvolvemento dun	87
irmandamento: modelos clásicos e descritivos	
3.6. Os irmandamentos na sociedade-rede	96

Segunda parte: dimensión avaliativa

1. Metodoloxía	105
2. Análise de datos Galicia 2009:	
2.1. Primeiro nivel de análise	110
2.2. Segundo nivel de análise	138
2.3. Terceiro nivel de análise	142
3. Conclusións:	
3.1. O modelo galego de irmandamentos	151
3.2. Resumo executivo	165

Terceira parte: dimensión propositiva

1. Introducción	169
2. Modelo normativo de xestión e desenvolvemento dunha irmandade	171

Bibliografía	176
---------------------------	-----

Documentación institucional	181
--	-----

Listaxe de actores relevantes	182
--	-----

Anexos	185
---------------------	-----

Presentación

I.

No 2002, o IGADI realizou unha primeira aproximación a unha ferramenta municipalista estendida amplamente no mapa local galego: os irmandamentos, presentados como unha ruta dende o local ao internacional. Nunca antes ningún tomara consciencia da rede exterior que supón para Galicia a extensión de acordos de carácter internacional dende o ámbito local. Daquelas contabilizáronse preto de noventa irmandades que implicaban a participación de setenta e tres concellos galegos. Aquela radiografía reproducía maioritariamente as ideas popularmente aceptadas ao redor deste instrumento, que máis alá de asumido como interesante pola xeneralidade, foi etiquetado, na maioría dos casos, como anecdótico e improdutivo, quer pola pouca consistencia dos proxectos iniciados, quer pola propia idiosincrasia da planta municipal galega.

Porén, aquel traballo, xestado na transición ao século XXI, apuntaba xa a importancia das modificacións rexistradas na sociedade internacional e as implicacións que estas mu-

tacións tiñan, ou debían ter, na política local. Ademais, aquel estudo, máis alá de constatar a existencia de abundantes malas prácticas, presentaba tamén camiños altamente produtivos para os concellos que articularan estas iniciativas cunha funcionalidade práctica, en base a obxectivos e procurando a implicación da sociedade civil, afortalando así os seus procesos de irmandamentos internacionais. Ponteceso, Baiona, Sarria, Catoira ou As Pontes de García Rodríguez foron algúns dos exemplos pioneiros identificados na produción social por medio dos irmandamentos.

II.

Dende aquela, o proceso de globalización económico-política e cultural non fixo máis que acelerar os seus ritmos producindo escenarios absolutamente novos para todos os actores implicados na xestión da cousa pública e dos propios cidadáns interesados nela. A clásica soberanía estatal diluída ante os procesos de integración e rexionalización, e as propias dinámicas uniformizadoras do proceso globalizador deron coa exaltación do local como ámbito de defensa da identidade e de reorganización da vida real das persoas, ampliando dende os entes locais os ámbitos de actuación, amparados xuridicamente polos conceptos comunitarios da autonomía local e do principio de subsidiariedade. Así, sete anos despois e cos ritmos dos procesos globais reacelerados, o IGADI decidiu renovar aquela primeira radiografía. O traballo aquí presentado quere ser así a continuación daquela primeira aproximación ás irmandades internacionais dos concellos galegos.

III.

Dado que as referencias bibliográficas dispoñibles arredor dos irmandamentos, tanto entre nós como no marco da Unión Europea, son escasas e repetitivas, decidímonos por abrir a nosa perspectiva teórica e resituarnos aos irmandamentos coma ferramenta de desenvolvemento local adaptada á sociedade-rede, cunha historia e tradición dignas de ser subliñadas.

Desta necesidade derivase que o presente volume dea comezo cun capítulo inicial sobre o *Marco contextual e teórico* empregado ao longo de todo o traballo, sinalando conceptos elementais para a comprensión do texto como un todo, como proposta teórica, e como proposta investigadora. Posteriormente, e como produto tamén da case inexistente bibliografía de orientación teórica dos irmandamentos, decidímonos por elaborar un pequeno manual introdutorio sobre as novas caracterizacións dos *Gobernos locais no século XXI*, contextualizando primeiramente o concepto de sociedade-rede, xa que este resulta absolutamente funcional para o reposicionamento dos irmandamentos coma ferramentas municipalistas do século XXI.

No terceiro capítulo achegámonos ao elemento central deste proxecto, a ferramenta a estudo, os irmandamentos, para exprimer, en base a unha recontextualización densa mais necesaria dos capítulos iniciais, toda a utilidade e significado das irmandades para os concellos nas sociedades actuais, e máis, para Galicia como comunidade de seu no mundo global. Posteriormente, concluímos cunha proposta específica de redefinición dos mesmos unha década despois do fin do século XX.

Co terceiro capítulo dáse por finalizada a dimensión teórica do proxecto, que ambiciosa polas necesidades iniciais de análise, atópase aberta á reformulación permanente e á crítica construtiva.

IV.

Mais a idea inicial do proxecto consistía en radiografiar as conexións exteriores de Galicia por medio das irmandades internacionais das nosas entidades locais, o que implicaba unha investigación social de alcance e labiríntica, xa que alén da complexidade implícita da investigación social, na actualidade, a cooperación descentralizada xerou diversos mecanismos de cooperación que difuminan o concepto clásico de irmandamento. Así, no cuarto capítulo presentamos a *Metodoloxía da investigación*, acoutando o alcance da tarefa desenvolvida, e definimos procedementos e conceptos que permitan futuras achegas paralelas ao tema. Unha vez establecida a metodoloxía non restaba máis que presentar a *Análise dos datos*, na que distinguimos tres niveis de análise, o que nos permitiu non só saber que irmandamentos conectaban a Galicia co mundo, senón cómo os unían, se eran ou non ferramentas reais de desenvolvemento e produción, local e social: separar o simbólico do activo, as pasivas das activas, e tentar buscar un modelo galego que identificara as tendencias propias das nosas especificidades como comunidade humana e institucional.

As *Conclusións* fechan o terceiro capítulo da dimensión avaliadora deste proxecto, e presentan as bases para que dende a FEGAMP e a Xunta de Galicia, se articulen mecanismos

que insuflén funcionalidade ao modelo identificado coma ferramenta de unión de Galicia e a sociedade internacional actual.

Finalmente, presentamos unhas breves notas arredor das boas prácticas identificadas, e un tamén breve modelo normativo para o impulso de irmandamentos de carácter municipal, que sirva de referente mínimo para calquera institución que reflexione sobre as potencialidades de executar unha ferramenta destas características.

A realización da investigación e a súa edición foron posibles grazas ao apoio da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Primeira parte:

DIMENSIÓN TEÓRICA

1. Marco contextual e teórico

1.1. Globalización, complexidade e crise de intellexibilidade

Nos anos 90 do século XX, co derrube da institucionalidade e cosmovisión xeral do bloque soviético, un concepto emerxeu nos discursos oficiais e intelectuais de estados e academias do mundo enteiro: a globalización. A era planetaria da que fala Edgard Morin (co punto iniciático do descubrimento das Américas)¹ chegara ás nosas vidas acelerada polas diferentes aplicacións da revolución microelectrónica dos anos 70 e o derrube ideolóxico das economías centralizadas que, como consecuencia e nun período de menos de dez anos, liberalizou os mercados financeiros do mundo enteiro, anunciando un cambio de era, onde como idea principal xorde a noción de interdependencia ante a nova proximidade que nos producían as chamadas autopistas da información, e que reorientaban ou refacían (segundo as visións)

1 Ao longo deste traballo seguimos con máis ou menos intensidade o método da complexidade de E. Morin, que na bibliografía que presentamos ao final do traballo aparece sinteticamente no texto: “Planeta terra: Un ollar disciplinar. Educación na era planetaria” Universidade de São Marcos, Brasil 2005 (dispoñible en Internet).

as dimensións económicas, políticas e culturais da sociedade internacional que caracterizara a Guerra Fría.

A globalización foi así a palabra de orde que dirixiu o debate académico sobre a sociedade internacional nos últimos vinte anos, e, á súa vez, transformouse nun concepto rapidamente transmitido ao vocabulario popular con indefinicións varias e aproximacións parciais nos imaxinarios colectivos por un dos actores fundamentais desta nova era: os medios de comunicación de masas e a multiplicación de información que significou a aparición e desenvolvemento da Internet.

O debate xerou mil análises e mil posicións fortemente diferenciadas: os directores do proceso (a Organización Mundial do Comercio, o Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial) e os Estados occidentais (a tríada EUA, UE, Xapón) animaban a participar das novas oportunidades do libre comercio aos países en vías de desenvolvemento, e instaban a maximización das oportunidades para os propios cidadáns dos estados desenvolvidos. Mentres, os detractores e críticos co proceso enfatizaban sobre a fenda, e consecuente dominio desas autoestradas da información, dos desenvolvidos sobre os subdesenvolvidos, que basicamente se concretizaban nas sinaturas de tratados de libre comercio en base a rexionalizacións estatais. Ao tempo, diagnosticábase con lupa dende os espazos críticos que non todas as receitas económicas da nova era estaban a xerar desenvolvemento, e aínda máis, que xeraban empobrecemento e dependencia.

En Galicia, este proceso multidimensional veu politicamente determinado polo proceso de construción europea e a reordenación do estado das autonomías no proceso de transición

española. Así, mentres os sectores clasicamente produtivos tiveron que asumir recortes nas taxas de produción e a consecuente minimización da súa importancia relativa, os fondos europeos transformaron as infraestruturas do país nun modelo de desenvolvemento ou crecemento protagonizado polo sector terciario e o desenvolvemento industrial tardío. Así, a globalización, ben por medio da redefinición da economía mundial e todos os seus procesos produtivos, a reordenación dos espazos políticos con soberanía (agora case sempre compartida e difusa), a expansión de Internet e a comunicación global de masas, o multiculturalismo ou o multilingüismo, enmarca nun determinado sistema de actores, dinámicas e procesos a cidadanía de calquera concello galego que se queira conectado ás oportunidades deste novo presente.

A medida que os procesos de integración rexional do clásico sistema estatal ían tomando forma e posicións, e o cabo de fibra óptica e a revolución tecnolóxica da microelectrónica se definía e se estendía nas diferentes aplicacións (computadores, telefonía móbil, *software* e *hardware*, USB, CDs...), o recoñecemento dos outros no sistema multimedia² delimita o punto de non retorno desta nova conceptualización. Poderán refacerse os sistemas políticos e económicos, mais no plano cultural non semella que ningún estado incorporado ao novo modelo poida desenvolver unha involución tal que negue a sociedade global, a visibilidade dos outros.

2 Neste estudo entenderemos por sistema *multimedia*, o modelo comunicacional que fai converxer e integrar os computadores, os teléfonos móbiles e as televisións, conectando todos na Internet, nun sistema global da información que muda as lóxicas tradicionais da representación. RAMONET (ed.) 2002 (p 8-9).

Sen dúbida, esta afirmación concrétese xa co nacemento do novo século e o espectacular ataque terrorista ás Torres Xermelas por parte de fundamentalistas islámicos. Mais non só isto. O desenvolvemento desta primeira década do século está a definirse, sen dúbida, pola emerxencia da complexidade na sociedade internacional, xa non nas relacións interestatais (coa aparición da India e China, da nova vaga *socialista* en América do Sul, e a nacente intuición dunha volta atrás no discurso aperturista dos mercados), senón nas relacións interinstitucionais (entenderemos aquí calquera tipo de institución, desde un goberno local, unha asociación de veciños ou as informalidades da novas redes sociais vertebradas na Internet) xurdidas dos novos escenarios nos que as tecnoloxías da comunicación e da información transformaron a realidade cotiá das persoas (telefonía móvil, dixitalización masiva dos soportes culturais, banda ancha, comunicación instantánea vía *messenger*...) e as organizacións onde estas se asocian.

A mudanza dos tempos, a velocidade das cousas, a transformación constante de calquera categoría social, os movementos masivos de persoas, o colapso dos corpos científicos de longo percorrido, a expansión da Internet, a globalización, e en fin, a emerxencia das sociedades complexas³, producen no corpo social e en moitos dos corpos técnicos especializados unha “crise de intellexibilidade”⁴ a respecto dun ambiente incontrolable e, moitas veces, agresivo.

3 MORIN (2005).

4 “As crises de intellexibilidade son características dos procesos de transición, cando presentimos que un certo número de ferramentas, de conceptos intelectuais que nos permitían comprender o mundo tal como era ate o presente, non se adaptan xa ao novo mundo que aparece”, RAMONET (ed.) 2002 (p 15).

Posiblemente este sexa un efecto incontrolable para todos os actores, e sexa o prezo a pagar polo desenvolvemento dunhas tecnoloxías que inventamos e aínda non sabemos controlar totalmente.

As receitas do fin da historia⁵, vitoriosas na batalla ideolóxica da Guerra Fría non afinaron o suficiente, e son hoxe así (en perspectiva), a simplificación final dun corpo de coñecementos construído coa finalidade operativa de lexitimar e apuntalar os procesos democrático-liberais occidentais nados da Segunda Guerra Mundial. Nesa batalla, todas as ciencias sociais asumiron o *homo economicus* como paradigma esencial, contaxiando con el as investigacións de calquera disciplina por medio do determinismo económico.

Das escuridades daquel fin anticipado, as academias ofrece-ron xa novos roteiros de aproximación á sociedade que estudan, sempre dende unha óptica que comeza a apreender o concepto de complexidade, da análise relacional e de interacción co ambiente dende posicións transversais das ciencias sociais.

Neses avances emerxeron unha multiplicidade de teorías nas que o común denominador é a revalorización da persoa como *capital humano* e a do local como motor de desenvolvemento colectivo, modificando o concepto de crecemento polo de desenvolvemento, obtendo un novo factor integrador e complexo que aborda sen demasiado medo a multidimensionalidade das cousas e as súas conexións intermedias. Para todas estas teorías, as redes, o coñecemento, a información, a creatividade, a innovación, a produtividade, son palabras comodíns que se re-

5 FUKUYAMA (1992)

piten en calquera contexto, e algunhas veces sen demasiada fundamentación, co que, arredor delas e neste mundo complexo, o que adoita transmitirse como científicos sociais á cidadanía é pura confusión.

O obxectivo final deste marco teórico será “clarear simplificando” os aportes das teorías de redes como un todo que reoriente a nosa aproximación ao coñecemento, dende unha teoría debedora do pensamento complexo e sistémico, para poder así posteriormente empregar a categoría de sociedade-rede como marco global de comprensión, non só para caracterizar os diferentes niveis de goberno e organizativos que aparecerán indirectamente nesta investigación, senón porque este marco teórico será especificamente operativo para situar o noso obxecto de estudo, os irmandamentos, no plano necesario para comprender toda a súa operatividade.

En conclusión, e como advertencia, cómpre sinalar que non se pretende presentar unha teoría demasiado sofisticada, nin ofrecer todas as arestas das diferentes conceptualizacións ao redor da sociedade-rede, senón construír un *coñecemento pertinente*⁶ nun contexto concreto, socio-cultural e histórico, para unha aproximación xeral deste noso obxecto de estudo, os irmandamentos, como ferramenta de desenvolvemento local do séc. XXI.⁷

Adefectivos sobran, porque as dimensións están multiplicadas (emerxeron, se ben sempre estiveron), mais cómpre cotar

6 MORIN (2005).

7 Xa que noutra clase de aproximacións teríamos que referirnos inevitablemente á sociedade do consumo ou á sociedade do espectáculo, como fórmulas de forte valor explicativo para a realidade total que nos define.

segundo as ambicións desta investigación introducindo agora a teoría de redes sociais.

1.2. A teoría de redes sociais

Se nos noventa a palabra de orde foi a globalización, coa chegada do novo século as redes comezaron a dominar, no contexto da popularidade mal definida do coñecemento científico, a primeira liña de aproximación teórica aos procesos de aceleración da chamada era planetaria, e non só, xa que as redes, como modelo, son agora tamén paradigmáticas do coñecemento propio das denominadas “ciencias exactas”. Ademais, e en relación a esa popularidade do termo e a propia relevancia do mesmo, a expansión da Internet como rede de redes xerou na práctica a metáfora perfecta e máis explicativa desta palabra de moda.

Mais as teorías de redes non son unha novidade dos últimos tempos⁸ (nin os seus precursores podían imaxinar o éxito da nova tecnoloxía de redes), senón que comezaron a xermolar nos anos 30 e 40 recibindo influencias de áreas moi diversas: da antropoloxía, da psicoloxía, da socioloxía, ou da propia matemática, que formalizou os diferentes modelos nas sucesivas variantes da teoría de grafos. Así, a teoría de campos foi a primeira en pór de manifesto que a percepción e o comportamento dos individuos, e a mesma estrutura do grupo ao que pertence, ins-

8 As ideas básicas deste marco teórico foron extraídas nunha recombinação dos seguintes textos dispoñibles na Internet: “Teoría de Redes Sociales” de Carlos Lozares, e “Redes Internacionales de Desarrollo Local en América Latina”, de Enrique Gallicchio, Ioanna Grotiuz e Matilde Suárez, e DABAS (1998).

críbese nun espazo social formado polo grupo e aquilo que o rodea, construíndo un campo de relacións que tentaron medir, nunha combinación de saberes, por medio da sociometría.

Destácase nesta liña de progreso nas teorías de redes, os traballos de Barnes J.A. (1954) centrados na análise da importancia da amizade, o parentesco e a viciñanza como relacións informais e interpersoais na produción de integración dunha comunidade de pescadores. Barnes concluíu que a totalidade da vida social debía ser vista como un conxunto de algúns puntos (nodos) vinculados por liñas para formar redes totais de relacións. A esfera informal das relacións interpersoais veríase como unha parte, unha rede parcial da total.

Así, o concepto de rede social inspirou diferentes traballos de aproximación sociolóxica en campos de estudo como o do urbanismo, o consumo de drogas ou os orientados ao estudo das “clases sociais”. Foi nas décadas de 70 e 80 onde os diferentes estudosos desta disciplina sinalan a maioría de idade da mesma, por medio da converxencia entre o estrutural funcionalismo antropolóxico e a teoría de grafos, posteriormente apuntalada pola emerxencia do pensamento complexo e as perspectivas sistémicas. Dende este momento, o enfoque de redes sociais emprégase principalmente para o estudo de organizacións e as relacións de comunicación destas: os diferentes lazos entre actores sociais como canais de transmisión de mensaxes, de transacción de información.

Sería coa emerxencia da informática e da Internet, coa realidade práctica do que se denominou sociedade da información, co que se desenvolve (a teoría de redes) en todas as disciplinas académicas xerando novas formas de articulación científica por

medio de infinidade de redes de investigación ou de cooperación, e que na práctica, como a Internet e as novas tecnoloxías de comunicación e información, determinan a organización efectiva do traballo humano na nova realidade.

A perspectiva de redes, sintetizando a multiplicidade de variantes, caracterízase así por superar os modelos atomistas do empirismo clásico, modelos descontextualizados e atributivos baseados en técnicas cuantitativas que teñen na estatística e no determinismo económico a explicación definitiva dese desinterese polo contexto e as relacións que se dan no interior del. Así, sinalaremos como características deste novo modelo, os seguintes:

- As redes supoñen un instrumento relacional máis próximo á unidade elemental do feito social: a relación.
- Esta variable relacional convértese agora na variable explicativa, xa que as relacións están explicitamente contextualizadas e alétranse ou desaparecen segundo tales contextos, de tal xeito que un actor é considerado soamente a partir da interacción con outras partes relevantes do contexto da rede, ou simplemente non é considerado relevante se non é incluído nun contexto situacional dado.
- A análise de redes fixo posible a vinculación das análises de interacción entre pequenos grupos (micro: familia, amizades...) e grupos máis extensos (macro: institucións sociais ou sociedades abertas).
- A teoría das redes sociais contribuíu a explicitar o concepto de “capital social”, como capital (baseado na in-

formación horizontalmente distribuída e na confianza que xeran os vínculos nodais da rede) que os actores relevantes da rede empregan para maximizar os seus fins e intereses.

- A teoría das redes sociais asume principios básicos novidosos como o do pensamento complexo ou a transversalidade das ciencias sociais (e máis, do coñecemento humano en si), incorporando conceptos da perspectiva sistémica nalgunha das súas definicións coa aceptación dos sistemas (“redes institucionalizadas”) e elementos de continxencia, como forma de relacións entre redes e dentro das redes.

Dentro dun plano máis concreto podemos acudir ao dicionario Xerais para definir as redes. Atoparemos aí a evolución histórica do propio concepto, que á súa vez visibiliza as diferentes características de amplitude que foi alcanzando. Así, do aparello formado por un tecido de mallas para pescar e cazar, ao conxunto de instalacións e vías de comunicación e transportes, condutos eléctricos... que se unen e ramifican (redes eléctricas, de transportes), pasando por un modelo de organización con ramificacións en varios lugares e con comunicacións entre elas (rede de supermercados), ou o conxunto de persoas organizadas entre elas para unha acción común (rede de contrabando ou rede de solidariedade), para, finalmente, chegar á Internet como sistema de comunicación internacional a través do computador (rede de computadores, Internet).

Do agregado e o sentido actual destas definicións proporemos un concepto de natureza máis técnica e pertinente para o noso traballo do que é unha rede social:

“A noción de rede social implica un *proceso de construción permanente*, tanto individual como colectivo. É un *sistema aberto, multicéntrico*, que a través dun *intercambio dinámico* entre os integrantes *dun colectivo* (familia, equipo de traballo, barrio, organización, tales como escolas, hospitais, centros comunitarios) e *con integrantes doutros colectivos* posibilita a *potenciación dos recursos* que posúen e a *creación de alternativas* novidosas para a *resolución de problemas* e a *satisfacción de necesidades*. Cada membro do colectivo enriquecése por medio das múltiples relacións que cada un dos outros desenvolve, *optimizando as aprendizaxes ao seren estas socialmente compartidas*” (Elina Dabas 1998).

Criterios de análise na teoría de redes

Debemos expor agora os criterios de análise elementais, que nos axuden ao longo do estudo a comprender as ideas que pretendemos expresar. Así, despois de diferenciar entre o contido e a forma dunha rede, mencionaremos cinco compoñentes da estrutura dunha rede, e dous modelos básicos de aproximación ás redes, que implican as diferentes medidas do *micro* e do *macro*. **A comprensión destes conceptos será fundamental para a lectura final das conclusións presentadas neste estudo.**

- A *distinción entre o contido e a forma* na aproximación ás redes sociais é esencial para a comprensión do concepto. Así, o **contido** é a materia, a substancia relacional da rede, quer como afecto, información ou diñeiro, que flúe nas diferentes unidades (nodos) por medio das relacións entre eles. Mentres que a **forma** (da rede), quere facer referencia ás di-

versas propiedades da configuración global das relacións na rede total, ou nalgunha das súas partes, que acostumamos definir como modelo, pauta ou estrutura (haberá infinidade de modelos segundo o contido da rede: modelo consumista, modelo cooperativo, modelo de inclusión/exclusión...).

- **Compoñentes.**

- *Nodos.* Refírese aos actores, persoas, grupos, ou organizacións que conforman a rede segundo o nivel de análise.
- *Vínculos.* É a relación ou comunicación que se establece entre os nodos.
- *Sistema de vínculos.* O sistema de vínculos entre os nodos é a esencia da rede, o sistema (modelo de pautas, tanto formal, como informal) que define o modelo de relacionamento entre os diferentes nodos da rede.
- *Intercambio.* É a relación na que se transmiten os contidos da rede.
- *Apoio social.* O intercambio entre nodos produce apoio social entre estes, ao proporcionar á rede un marco de referencia común. Isto tradúcese nunha maior cantidade ou calidade da información e do coñecemento tanto no interior da rede, como na maximización das capacidades ao relacionarse con redes externas. Ten que ver exactamente co popularizado capital social.

- **Modelos.**

- *Rede social focal.* É o sistema-rede que se estrutura arredor dun suxeito ou foco e que pode ser unha persoa, un grupo delimitado ou unha organización concreta (análise micro).
- *Rede social aberta.* Constitúe a presentación dun suxeito

social difuso máis amplo e flexible de articulacións multidimensionais entre organizacións, institucións, asociacións, grupos e actores individuais (análise macro).

No marco do estudo de redes sociais vinculadas ao desenvolvemento local debemos necesariamente incorporar a multidimensionalidade na que este se desenvolve (social, político, económico e medioambiental), e a integración das interrelacións do sistema de actores e a relevancia e especificidades do territorio, na xeración de novas redes e na análise das precedentes.

Mais as redes xa existían antes de seren identificadas e vertebradas nas diferentes análises sociolóxicas. O propósito agora é orientar os sistemas de relacións para construír significados funcionais e operativos nas interaccións. O que define a rede son as pautas de conexión, e as funcións que lle queremos dar a estas segundo os nosos obxectivos estratéxicos.

Na actualidade, e co desenvolvemento das diferentes análises das redes, estanse a primar na composición e estruturas administrativas a organización e o traballo en rede, co que estamos a evolucionar das estruturas formais (corpos directivos, estrutura decisional...) a grupos funcionais definidos segundo as necesidades específicas, manexados por acordos para eses fins, nos que participan institucións con capacidades técnicas e os *enredadores* (institucións ou persoas) que garantan as regras do xogo e exerzan un liderado operacional. Os enredadores serán os nodos protagónicos das redes que vertebrarán.

Estas variacións, contextualizadas na multiplicación da velocidade da información e a comunicación, organizan as sociedades actuais nun novo modelo que implica transformacións absolutas nos diferentes roles organizativos e de relación inte-

rorganizacional, nun sistema de poder definido en función dos programadores das redes: esta é a sociedade-rede, modelo organizacional aberto que define o desenvolvemento da globalización na perspectiva teórica elixida para a pertinencia deste estudo.

2. Os gobernos locais do século XXI

2.1. O desenvolvemento da globalización: a sociedade-rede

O 4 de maio do 2004, máis de seiscentas cidades e gobernos locais dos cinco continentes reuníronse en París, en asemblea constituínte, para fundar a primeira rede universal de cidades e gobernos locais do mundo, mediante a confluencia de dúas redes previas: a FCMU (Federación Mundial de Cidades Unidas) e a IULA (Unión Internacional de Cidades e Poderes Locais), redes que comezaran a desenvolverse cincuenta anos antes co final da Segunda Guerra Mundial, nunha existencia dividida entre as diverxencias por cotar o termo do local, e as propias da diversidade dunha categoría na que conviven grandes megalópoles con concellos de entidade mínima en canto a todo tipo de recursos, primeiramente, dos propios recursos humanos (urbanización/desertización).

Mais a aparición da “*United Cities and Local Governments*” (UCLG⁹ dende agora) foi o punto final do capítulo, onde as entida-

⁹ <http://www.cities-localgovernments.org/uclg/index.asp>

des políticas locais (con especial relevancia das cidades) declararon o seu “status” de actores internacionais na sociedade global. O desenvolvemento das propias cidades e a súa especificidade nos novos contextos son un dos produtos máis significativos do proceso globalizador, que concentrou nas grandes megalópoles, nodos de procesamento e produción de información relevante nunha articulación funcional da dimensión económico-política da globalización.¹⁰ Ao tempo que xerou estas redes de poder (alentando procesos confusos como a cidade-dual¹¹) o proceso globalizador fixo emerxer unha forte tendencia á revalorización do local como espazo autónomo de desenvolvemento, nunha visión do proceso político-económico-cultural da globalización que tenta rachar a idea de exclusión do local para articular un discurso *glocal*, no que as interrelacións entre o local e o global permitan un desenvolvemento humano e sustentable.

Así, a UGLC é un proceso máis de organización e integración en rede en función de intereses compartidos no marco da globalización, o que á súa vez expresa paradigmaticamente as conexións inevitables na emerxencia da sociedade-rede co mundo político local.

Agora centrémonos en describir o que entendemos por sociedade-rede como marco de referencia (marco que nos axudará a comprender a exposición funcionalmente gradual que este estudo quere ser para desentrañar a utilidade práctica dos irmandamentos neste novo contexto).

10 BORJA, J. e CASTELLS, M. (1997).

11 BORJA, J. e CASTELLS, M. (1997).

A sociedade da información e a sociedade-rede

En todas as épocas de mudanzas aceleradas, os científicos sociais, e posteriormente os responsables políticos, empregan unha serie de etiquetas para denominar esas novas mudanzas e operar así neses novos contextos. A mediados da década dos 90, e no transcurso da conxunción definitiva entre a liberalización dos mercados financeiros impulsada pola OMC e a expansión universal das novas tecnoloxías da comunicación e a información, emerxeu un novo paradigma de desenvolvemento económico, de configuración occidental, que foi adoptado nas estratexias estatais e rexionais coa etiqueta de **sociedade de información**, en oposición clara á etiqueta que enmarcara a Guerra Fría (como proceso internacional configurador de realidade): a sociedade industrial.

Foron moitos os autores europeos e estadounidenses que dende os anos 70 do séc. XX se aproximaron ás transformacións que implicaban os desenvolvementos da revolución microelectrónica dos anos 30 (os *chips* como base da información dixital), na configuración da vida diaria das persoas e as súas comunidades, mais foi co final de século e a comprensión dos novos escenarios post-Guerra Fría que as intelixencias internacionais asumiron para si este novo marco de referencia, que na diversidade de denominacións (era tecnocrática, sociedade informatizada, aldea global, cibersociedade, era da información, era dixital...) optou por premiar a sociedade da información como a etiqueta universal na que converxían as diferentes posturas para determinar as características esenciais das mudanzas estruturais que todos estaban a percibir. O Libro Verde para a sociedade da información do goberno portugués definía esta

en 1997 como *“unha forma de desenvolvemento económico e social no que a adquisición, almacenamento, procesamento, avaliación, transmisión, distribución e diseminación da información con vistas á creación de coñecemento e á satisfacción da necesidade das persoas e das organizacións, xoga un papel central na actividade económica, na creación da riqueza e na definición da calidade de vida e as prácticas culturais dos cidadáns”*.

Na converxencia das diferentes proposicións teóricas atopamos a mudanza acelerada, universal e simultánea, como fenómeno coincidente que se reflicte na transformación de todas as esferas das sociedades actuais na súa interacción co desenvolvemento das tecnoloxías da información e a comunicación (TICs dende agora). A mudanza acelerada que impulsou a liberalización económica nas “sociedades post-materialistas” está presente en calquera lugar, en calquera parte (sempre cunha intensidade amplamente variable en función do desenvolvemento tecnolóxico, fortemente relacionado co económico).

Na sociedade galega podemos observar o maior impacto desta mudanza sobre os sectores máis novos da pirámide po-
boacional, expresados multidimensionalmente polos novos hábitos de consumo e lecer, das tendas de Zara e Berska á Internet e a comunicación vía MSN. *Esa constante sociolóxica responde ás lóxicas internas da expansión e interacción das tecnoloxías da información e a comunicación, en relación coas diferentes crises na dialéctica entre a fin da historia e os valores da post-modernidade*¹².

12 INGLEHART (1998).

Á súa vez, as diferentes proposicións teóricas converxen na revalorización do capital humano como elemento de produtividade asociado á capacidade de procesar coñecementos (neste proceso marcado pola mudanza permanente) mediante modelos de innovación que, como motor de produtividade, é sinalado como factor clave do desenvolvemento económico na nova sociedade da información.

Co desenvolvemento do séc. XXI, M. Castells, un dos propulsores da etiqueta na década dos 90 (sociedade da información) decidiu subir un chanzo máis para integrar ese novo modelo de desenvolvemento económico nunha lóxica global e universal de organización multidimensional (económica, política, social e medioambiental), a **sociedade-rede**, que materializa organizativamente a dimensión práctica da globalización, a interdependencia global.¹³

As redes non son novas, “constituíron sempre a estrutura fundamental de toda vida asociativa”, todas as sociedades humanas foron constituídas ao redor de redes e conexións entre nodos (estados, aparatos relixiosos, burocracias, comercio ou culturas). Castells sinala que a capacidade destas redes de incorporar novos actores e novos contidos (información e coñecemento) con relativa independencia do centro de poder incrementouse co desenvolvemento das diferentes tecnoloxías, e máis intensamente coas tecnoloxías da comunicación e a información. Na actualidade, as aplicacións últimas da revolución microelectrónica, principalmente a Internet e a revolución dixital, reorganizan non só a realidade práctica das persoas senón os

13 CASTELLS (ed) (2006).

procesos de organización destas. Así, a tese de Castells implica que a superioridade histórica das xerarquías verticais sobre as redes débese a que as organizacións sociais en rede tiñan límites materiais que vencer, fundamentalmente en relación coa tecnoloxía dispoñible. Debemos enfatizar o rol das novas tecnoloxías, xa que estas operan coa esencia da especificidade e “progreso” humano: a comunicación consciente e significativa, e unha mudanza material no seu desempeño afecta a todos os ámbitos da vida.

A sociedade-rede é así a nova forma de organización social transcultural xurdida na era da información, que ten como característica nuclear que o coñecemento e a información configúranse e multiplícanse, tanto cuantitativa coma cualitativamente, ao redor das TICs.

O *informacionalismo* é o paradigma tecnolóxico determinante desta nova estrutura social, substituindo historicamente ao industrialismo, que posibilita a transición no mundo económico, do fordismo á *empresa-rede*. O cambio de paradigma está baseado no aumento de capacidade de procesamento da información e da comunicación humana (non só en volume, senón na complexidade das operacións e a velocidade do procesamento e a comunicación) realizado pola revolución da microelectrónica, o desenvolvemento de *software*, e nunha visión máis integral da teoría de Castells: a enxeñaría xenética.

Así, o informacionalismo fixo entrar en crise ao industrialismo, malia a que ambos coexistan, mais xerou un novo achegamento ao desenvolvemento económico (a valoración financeira determina as dinámicas económicas a curto prazo, mais no longo prazo o factor relevante é a *produtividade*), polo que o

proxecto empresarial viuse afectado en si mesmo (aínda que nos diferentes contextos histórico-culturais esta transformación está a ser desenvolvida con maior ou menor intensidade). Ao tempo, o informacionalismo incidiu na reorganización do traballo no mundo institucional e organizativo xeral (ao igual que no mundo da empresa) dadas as extraordinarias capacidades das TICs de penetrar en calquera actividade humana.

Referirémonos agora ás tres **capacidades “chave”** destas tecnoloxías que dan lugar ao informacionalismo, na súa capacidade de transformación estrutural definida no novo modelo da sociedade-rede:

1. *Retroalimentación.* As TICs autoexpanden as súas capacidades de procesamento grazas ao efecto da retroalimentación que posibilita a capacidade de iniciar novos e imprevistos procesos de innovación. Nesta secuencia, intégranse e maximízanse sinerxías (esta característica está profundamente relacionada coa posibilidade de operar en código aberto).
2. *Recombinación.* A combinación de elementos diferentes é a fonte máxima de innovación, que é o factor chave para o crecemento produtivo da empresa-rede, xa que supón a capacidade de recombinar os factores de produción dunha forma máis eficiente ou producir un maior valor engadido ao proceso ou ao produto. A innovación tamén está na raíz da creatividade e da configuración ante as mudanzas (a recombinação de saberes distintos, a hibridación é, á súa vez, o motor de desenvolvemento científico das

teorías do paradigma científico de T.S.Khun¹⁴).

3. *Flexibilidade*. As TICs permiten administrar a distribución da capacidade de procesamento en diferentes contextos, son capaces de integrarse en calquera situación e lugar do ambiente humano (empresas, exércitos, servizos públicos...).

A natureza global da sociedade-rede e a súa relación cos gobernos locais

A sociedade-rede é, desta maneira, **global** por natureza intrínseca, xa que as capacidades das TICs e o desenvolvemento destas en redes dixitais non posúe límites. De todos os xeitos, isto non significa que todo o mundo está participando delas (das súas oportunidades), máis ben ao contrario, a maioría padece unha programación xerárquica dende as redes superiores. *Porén, todo o mundo é afectado por elas xa que as actividades básicas que configuran e controlan a vida humana están organizadas en redes globais que ordenan as distintas subredes comunitarias: os mercados financeiros, os bloques rexionais, a cooperación ao desenvolvemento, os exércitos, a ciencia, os medios de comunicación, o deporte...*¹⁵ Esta é a dimensión imperativa da sociedade-rede, que se relaciona tanto co desenvolvemento das TICs, como co proceso de liberalización económica que se interrelacionou cos diferentes aspectos da vida humana: político, cultural, social...

Os “poderosos” serán, neste novo contexto, aqueles individuos, organizacións, institucións, que consigan programar as

14 KHUN (1962).

15 A crise económica actual, a implantación de Boloña na Universidade galega ou as secuelas do Caso Bosman no fútbol son exemplos paradigmáticos destes procesos.

súas propias redes en base aos seus valores e obxectivos compartidos na consecución de produtividade e desenvolvemento para as comunidades que as integren. *Nesta tarefa, a posibilidade, a capacidade ou a habilidade de entrar en relación e comunicarse con outras redes, maximizará o acceso ás canles de información e coñecemento (as ligazóns entre nodos), que serán un recurso de poder para a multiplicación de posibilidades de calquera rede.*

Esta dimensión imperativa dende arriba fai emerxer outra das características esenciais da sociedade-rede, xa que mentres que esta é universal por natureza e mantén a súa organización en rede no ámbito global, desenvolve especificidades concretas en cada sociedade. A multiplicidade de culturas que operan nas redes densifica a complexidade do proceso, e atopa, á súa vez, nas identidades culturais, espazos para ese desenvolvemento enredado e “atrincheirado” (na definición de Castells).

Nesta investigación asumimos a etiqueta de sociedade-rede para denominar a actual estrutura universal, produto da globalización, expresada na súa expansión multidimensional na liberalización económica, que recolle, organiza e potencia (baseada no modelo de consumo de mercado) as diferentes aplicacións da revolución da microelectrónica e a Internet, tanto na configuración de redes globais de poder, como na organización de calquera institución social (no ámbito local) afectada pola cultura material. Esta nova estrutura premia o procesamento de información e o capital humano nun deseño da produtividade como motor económico a longo prazo, que no seu modelo ideal e normativo premia a existencia do desenvolvemento local autónomo integrado, e non excluído, dos procesos ordenados nas redes superiores.

O desenvolvemento da sociedade-rede, expresada aquí sinteticamente dende as súas dimensións macro, deixa pegada profunda no mundo do goberno local, ao transformar todo o escenario do goberno tradicional. Ao igual que fai con todos os procesos de organización, xestión e socialización da vida humana, dende as relacións económicas e culturais globais, as comunitarias e individuais de tipo “privado-amorosas”.

Nestes cambios de modelo de goberno, de gobernación, están todos inmersos, dende os clásicos actores estatais e empresariais aos novos actores supraestatais, e aos específicos deste novo contexto, representados pola proliferación de todo tipo de redes asociativas (como a *Unión Internacional dos Gobernos Locais* citada ao comezo deste capítulo), organizadas e agrupadas en rede, e que empregando as capacidades das TICs para se interrelacionaren entre eles e o ambiente, nun proceso complexo, de representación e influencia interactiva con outras redes, posiciónanse na sociedade-rede.

2.2. O goberno na sociedade-rede: evolución e configuración do modelo relacional

A iluminación da sociedade-rede é así un proceso de organización aberto e flexible (con directrices imperativas) no desenvolvemento da globalización, determinado pola utilización xeneralizada das TICs e as propiedades que estas potencian nos marcos organizativos e de xestión de calquera institución social afectada pola cultura material.

A globalización dos mercados financeiros foi a decisión definitiva do novo modelo, que incubaba dende os anos trinta do

séc. XX as propiedades organizativas inherentes ao novo modelo de comunicación universal. Mais debemos enfatizar que o nacemento da sociedade-rede non vén determinado exclusivamente pola aplicación de novos avances na cultura material, senón que está fortemente interrelacionada coas mudanzas organizativas e culturais na sociedade internacional resultante da Segunda Guerra Mundial e o seguinte proceso de Guerra Fría que rematará a finais dos anos 80 e comezos dos 90. Mudanzas estas, relacionadas con decisións políticas conscientes, aínda que moitas veces novidosas e continxentes, coas diferentes caracterizacións do evoluir histórico, e que determinan o actual modo relacional de goberno.

Contextos do modelo relacional de goberno (en Galicia)

O **proceso de construción europea, como reacción cooperativa tras da Segunda Guerra Mundial** definiu dende o inicio, con diferentes ritmos e profundidades, as lóxicas dos estados europeos centrais en base ao obxectivo primixenio da paz permanente, como diagnóstico resultante dos dramáticos escenarios construídos nos anos de guerra. A necesidade da cooperación intergobernamental na identificación de sinerxías colectivas plásmase así no 1957 coa sinatura dos *Tratados da Comunidade Económica Europea e a Comunidade Europea da Enerxía Atómica* na que os seis estados fundadores (Alemaña, Francia, Italia, Bélxica, Holanda e Luxemburgo) declarábanse “*decididos a sentar as bases dunha unión cada vez máis estreita entre os pobos de Europa na defensa dos ideais da defensa da paz e a liberdade*”. Declaraban así iniciado un proceso de integración aberto sen un plan preestablecido, que estimulaba dende a economía a necesidade

de desenvolvemento de posguerra, baseada na reestruturación do estado de benestar como instrumento do combate ideolóxico ao bloque soviético e a aseveración institucional da necesidade da paz para calquera escenario de progreso¹⁶.

O proceso iniciado nos Tratados de Roma non posuía precedente histórico, xa que nunca unha diversidade total de linguas, culturas e tradicións histórico-culturais decidiran integrarse económica primeiro e politicamente despois. A decisión de avanzar interestatalmente de maneira cooperativa foi posteriormente inspiradora nos diferentes procesos de rexionalización que agruparon os bloques, que, tras do fin da Unión Soviética, ordenaron as institucións resultantes destas. Este proceso europeo penetrou definitivamente na transformación do clásico sistema estatal, e afondou e axudou a definir a crise de soberanía a nivel planetario dos estados tradicionais, da, dende xa, sociedade global.

A decisión iniciática deste proceso é o referente galego que, sen sabelo no momento da súa realización (o Estado español non entraría no que sería xa a CEE ate 1986), delimita o marco xeográfico de rexionalización “global” da sociedade galega.

Coa fin do franquismo e a transición democrática, toda a arquitectura político-administrativa do vello réxime vese gradualmente transformada, inspirada polas novas lóxicas da sociedade internacional, e, en particular, coa decisión de articular unha solución á plurinacionalidade por medio da declaración do estado das autonomías. Así, á par que as novas Cortes comezan a desenvolver o **Título VIII da CE**, o Estado pide o acceso á CEE, a cal, como dixemos, non se fará efectiva ate 1986.

16 MORATA (1999).

Será na conxunción destes dous marcos político-institucionais nos que a administración local europea (e galega) inicie unha reorganización total nas súas diferentes dimensións de acción, convertindo a Carta de Autonomía Local (UE) e a declaración do principio de subsidiariedade do *Tratado de Maastricht* nos principios xurídicos nos que se apoiará a nova dimensión da política local no marco global, e que dará lugar (na ciencia política) á conversión do xenérico estudo da administración local, como estanco de competencia obrigadas e directas, ao estudo do goberno local, como fórmula para enfatizar a dimensión política deste novo contexto¹⁷.

A crise da soberanía tradicional e a Carta da Autonomía Local

Así, a integración europea operou e acompañou transformacións multidimensionais, tanto nos planos organizativos como tecnolóxicos e culturais, mais debemos destacar antes de nada dúas ideas fortes relacionadas co novo modelo de goberno emerxente: a UE (o seu desenvolvemento e aprofundamento) é a resposta europea en clave democrático-liberal ao desenvolvemento da globalización, e, á súa vez, como efecto desta nova emerxencia, o estado tradicional europeo entrou en crise ao ceder competencias ás novas institucións que, pola súa parte, limitan o seu poder.

A idea de **soberanía**, matriz do sistema de organización política da nosa modernidade perde o seu sentido básico ao estaren as competencias repartidas e relacionadas entre diferentes niveis, e non só, xa que a aparición de problemáticas globais como

17 ALBA TECEDOR, C. (1997).

o quecemento global obrigan a solucións cooperativas que implican ao planeta como un todo. A erosión da soberanía tamén é produto da liberalización dos mercados financeiros e a representación práctica desta coas deslocalizacións masivas e os procesos transnacionais e de traballo en rede das grandes multinacionais, actores privilexiados en toda esta reconfiguración do escenario. Tamén, e como corolario e punto de non retorno, o desenvolvemento tecnolóxico e a crecente influencia do sistema multimedia, na interrelación con todos os factores anteriormente sinalados, transforma o monismo e homoxeneización cultural clásico do vello sistema de estados, ao provocar unha transformación total das fronteiras psicolóxicas clásicas do mundo de pogueerra. A globalización da información (acompañada da supresión das fronteiras físicas económicas nos diferentes bloques rexionais) acurta tempo e distancia en calquera relación individual ou organizacional, e a globalización do espectáculo por medio das plataformas televisivas e o satélite, agregadas á realidade total da Internet, xera unha realidade cultural transnacional (máis ou menos converxente segundo o contexto histórico-cultural) que define a nova sociedade internacional organizada en redes, difuminando, como non, as culturas nacionais clásicas.

Esta idea de crise de soberanía e crise do estado clásico ten a súa evidencia na realidade práctica de aparición dunha multiplicidade de actores previamente inexistentes na xestión e elaboración das políticas públicas tradicionais. *Esta é a novidade na dimensión política da sociedade-rede, unha pluralidade de actores (empresas, medios de comunicación, sindicatos, ONGs...) articulando redes paralelas ás clásicas son capaces de intervenir no proceso político, o que obriga a entendelo dende unha óptica*

relacional, tanto na súa dimensión formal (gobierno multinivel), como informal (gobernanza).

O desenvolvemento do réxime local en Galicia asenta os seus principios básicos no *Capítulo III do Título VIII da CE*, que constitucionaliza a autonomía local como garantía institucional dende unha *perspectiva dinámica*, posiblemente articulada polos constituíntes na comprensión complexa do ritmo dos tempos. Así, no 1988 introduciuse na lexislación interna o contido da **Carta Europea de Autonomía Local** (CEAL dende agora) asinada en 1985 en Estrasburgo, como demanda das municipalidades continentais inmersas no proceso de construción europea para articular funcionalmente os novos escenarios que a integración estaba a xerarlles. A Carta de Autonomía Local, ademais de ser de obrigada inclusión nas lexislacións internas, é o reaxuste preciso das administracións locais ao proceso cooperativo de construción europea, unha das bases do que, aquí en diante, chamaremos *gobierno multinivel, como expresión do governo relacional entre os diferentes niveis de xestión política no reparto de competencias e actuacións integradas*. A CEAL recoñece así a posición estratéxica do poder local en tanto á proximidade coa cidadanía, e así é o soporte xurídico que permite o desenvolvemento do poder local e a ampliación de competencias na procura de satisfacer as novas necesidades dos novos procesos globais organizados en redes e dos que falaremos inmediatamente.

Interéranos, dende a perspectiva do noso obxecto de estudo, destacar que a CEAL erosionou a concepción clásica por parte dos estados de control absoluto das relacións internacionais, posibilitando por medio do *artigo 10.3 “o dereito das corporacións locais de integrarse nunha asociación para a protección e*

promoción dos seus intereses comúns e o de integrarse nunha asociación internacional de corporacións locais. Ambos dereitos deben de ser recoñecidos por cada Estado". No art.10.3 dáse un paso máis establecendo que "as corporacións locais poden, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas corporacións doutros Estados".

Debe ser sinalado ao final deste punto que malia á transformación do concepto de soberanía estatal clásica, a mesma continúa a ser un fundamento básico dos posicionamentos estatais ante as gobernacións multinivel, nas súas áreas fortes e irrenunciáveis, como as políticas de defensa e seguridade (aínda que maiormente complexizadas polas diferentes alianzas globais, son delimitadoras do correcto e o incorrecto, polos estados xerárquicamente máis relevantes nas redes de poder). Ao tempo, a autonomía local, experimenta esa presión xurídica xerárquica e constituinte tradicional, o que obrigará sempre a participar cunha lóxica integradora na definición de intereses para poder ser exercida.

As novas dimensións do goberno local

Desta maneira, as disposicións legislativas emanadas dende Bruselas e o contexto de mundialización xeneralizada converteron o estudo da política local nun espello particularmente afectado desta reconfiguración. A ciencia política tradicional identificou a mudanza fundamental no modelo de goberno local arredor de dúas teses clásicas sobre a administración local: **a tese da nacionalización** e a tese xerencialista¹⁸.

18 BRUGUÉ, Q. e GOMÁ, R. (coords.) (1998).

A primeira, predominante nos anos 60 e 70, sitúa a política local nun recuncho subordinado da política nacional ao se definir o xogo democrático nunha competición electoral determinada polo sistema nacional de partidos políticos, facendo depender no marco institucional a institución local (os concellos) dun centro institucional e partidista, que definen indirectamente os porqués da vida municipal. Esta visión era produto da tradición francesa que non outorgaba relevancia á vida municipal, xa que as competencias e os propios modelos de representación estaban absolutamente determinados por niveis superiores na cadea de poder.

A tese do novo localismo (predominante na actualidade) entronca mellor coa tendencia dos tempos actuais, desbancando a tese da nacionalización ao aceptar que no ambiente complexizado onde nos atopamos, as funcións dos gobernos locais non só non se ven afectadas, senón que reciben un impulso produto de tres novas variables: a diversificación das demandas sociais, a globalización da economía e a propia ordenación competencial do novo modelo.

A política local viuse estimulada polo proceso de globalización e a multiplicación de actores que esta produce tamén na política local. Así, o municipalismo político sistematizou co paso do tempo (indirectamente) tres novas áreas de acción local para dar resposta ás novas demandas dos novos actores: *a promoción económica, o benestar social e a ordenación do territorio* (empregando unha terminoloxía máis clásica, que nos faga presente as continuidades e as discontinuidades deste modelo proposto). O novo localismo enfoca así a súa acción estratéxica con ambiciosos plans de desenvolvemento local empregando novos instrumentos de política municipal, que acompañan os novos eidos

de actuación, como os plans estratéxicos ou as redes de políticas e acción municipal. No seguinte punto deste capítulo afondaremos nestas novas teses para a acción nas que introduciremos os irmandamentos como ferramenta articuladora.

Á súa vez, a evolución da **tese xerencialista** representa tamén, dende o perfil da ciencia política, o evoluir dos tempos. Así, a idea forte e conectada á tese nacionalizadora, decretaba a irrelevancia do goberno local xa que as enerxías dos concellos desaparecían nos esforzos xerencialistas, administrativos, que, ao fin e ao cabo, eran os que determinaban a súa existencia, nesa clásica concepción de correa de mando vertical que implicaba a división competencial clásica da teoría do estado. Novamente, a conxunción dos procesos aquí presentados: integración europea e autonomía local, globalización político-económica-cultural, extensión e profundización das TICs, o traballo en rede... determinaron a transformación desta vella tese politolóxica. Agora, e conectando tamén coa tese do novo localismo, aparece a **tese da repolitización** do local, que sería observable en dous novos fenómenos da política local: na extensión das relacións públicas e *marketing* institucional por medio de novos canais producidos polas TICs (web do concello e administración electrónica, tv municipal, servizos dende o móbil) e na estimulación pública dun determinado tipo de asociacionismo local que entronque funcionalmente cos novos modelos de relación interna na elaboración e toma de decisións (gobernanza).

Goberno multinivel e gobernanza

A sociedade-rede non se goberna dende ningún centro, e son moitos os actores e os territorios que se disputan o control

das redes de poder. Este complexo panorama deu como resultado o asociacionismo rexional interestatal (que no caso galego acompañou o proceso europeo coa integración española dende 1986), asociacionismo que modifica materialmente a metáfora da correa de mando para representar agora un goberno multinivel onde diferentes centros codecisores interactúan nunha tensión constante e interrelacionada¹⁹.

A cooperación (e as habilidades para ela) nesta tensión é unha condición imprescindible para garantir a eficacia das políticas públicas no contexto dun estado integrado na Unión Europea e descentralizado interiormente en comunidades autónomas. Tanto na propia configuración da Constitución Española como na lóxica intergubernamental da UE prémíase a capacidade de interrelación na abordaxe eficiente das novas demandas e problemáticas. O **goberno multinivel** quere facer referencia á dimensión formal na que as institucións político-administrativas (UE, estado, comunidades autónomas, deputacións, administración local) reparten poderes e competencias, para abordar as novas problemáticas máis eficientemente. Na concepción de **gobernanza** atopamos a súa dimensión informal (menos institucional, e máis relacionada coas habilidades sociais e organizativas de cada concello ou institución de goberno), na extensión de relacións e diálogo cos novos actores nun proceso de decisión eficiente de actuación e coordinación pública en relación ao seu ambiente, tanto interno como externo.

Os dous conceptos están profundamente relacionados e non sería posible abordalos no noso contexto independentemente. A diferenciación entre a dimensión formal e informal ten que

19 BLANCO, I. e GOMÁ, R. (2002) e BRUGUÉ, Q. e GOMÁ, R. (coords.) (1998).

ver, polo tanto, coa visualización do que queremos transmitir, mais hai relacións informais no mundo institucional, e relacións absolutamente formalizadas na gobernación de redes informais.

O desenvolvemento destas novas lóxicas de goberno e xestión, estimuladas e a súa vez fundamentadoras da sociedade-rede, estiraron a conceptualización clásica de desenvolvemento local, que agora, dende a óptica do desenvolvemento rexional, gaña especial relevancia, polo que vamos pararnos polo miúdo (no contexto deste estudo) a coñecer os novos modelos.

1.3. As novas dimensións do desenvolvemento local no contexto da sociedade-rede

O desenvolvemento local, como etiqueta, quere definir neste estudo a nova óptica empregada para o significado do desenvolvemento, como un proceso multidimensional que trascende definitivamente aos determinismos económicos de posguerra, nun esforzo por superar a concepción de crecemento e progreso (que poderíamos empregar como sinónimos “bárbaros”) desenvolvida por medio dos indicadores clásicos da macroeconomía, como o PIB ou o PNB.

Así, o desenvolvemento local, como etiqueta municipalista de calquera estratexia local, adquire nos tempos da sociedade-rede novas dimensións que transforman os primeiros etiquetados da categoría clásica. Feito que acontece, como non podería ser doutro xeito, na transformación das categorías de análise que o desenvolvemento da globalización, nos seus distintos ritmos, delimita para os gobernos locais.

Así, as propostas actuais enmarcadoras dos procesos de

desenvolvemento local asumen as realidades definidoras da sociedade-rede como estratexias introducidas nun contexto de gobernanza multinivel e interdependencia económica (con toda a carga que significa esta afirmación), na transición da sociedade industrial á sociedade da información e a comunicación, e na que a reidentificación dun novo ambiente, no cal a dimensión ambiental, acompañada da propia revalorización do local (como identitario), cobran especial relevancia.

Evolución e contextualización do concepto de desenvolvemento local actual

A sociedade industrial foi determinada pola urbanización xeneralizada e o éxodo campo-cidade, no contexto de avances e progresos tecnolóxicos que incrementaron exponencialmente as taxas de produtividade nun “moderno” mecanismo de aforro en man de obra. O *taylorismo* e o *fordismo* definen a xénese desas mudanzas, que na actualidade continúan a coexistir, e xa a mutar, coas modernas estruturas produtivas e organizativas de todos os procesos que administra a sociedade-rede.

Este proceso de “transubstación”, iniciado nos últimos anos da década dos 60 é acompañado tamén polo debate académico, que ao igual que no debate sobre a relevancia da tecnoloxía e o modelo de produtividade na sociedade da información, redescubriu o local e o endógeno, como nova estratexia central de desenvolvemento, nun enfoque que se quere integrador e multidisciplinar e que transitou por diferentes conceptualizacións que confeccionaron e cargaron de enerxía a conceptualización actual do desenvolvemento local:

crecemento con equidade, desenvolvemento rural, necesidades básicas, ecodesenvolvemento, ou desenvolvemento sustentable...²⁰ son algunhas das diferentes etiquetas que recompensaron as dimensións macroeconómicas das sociedades industriais, e que resituaron os diferentes axentes de desenvolvemento local, empoderando actores locais como as *pemes* ou industrias tradicionais, sobre aqueles inversores foráneos necesitados de solo industrial e man de obra adecuada ás necesidades da empresa-industria a situar.

A idea actual (en transición e como reflexo da tensión entre o global e o local) é a de xerar un modelo de **desenvolvemento baseado nos recursos locais e nas habilidades de interactuar co ambiente deses propios recursos**.

Esta transición inacabada vese reflectida na vida municipal galega coas diferentes ofertas de servizo público suxeridos na curta vida municipal galega, e que como xa sinalamos, acompañan dende a dimensión local as diferentes mudanzas estruturais dos últimos corenta anos. A medida que a sociedade avanza e se volta máis complexa, as necesidades da cidadanía transfórmanse, en especial, en relación co primeiro nivel de goberno en canto á proximidade cidadá.

Contemplan as bibliografías²¹ unha *primeira* fase na reorganización territorial post-franquista, de investimentos e servizos de primeira xeración, definida no caos do momento polo abastecemento “universal” de augas e redes de sumidoiros,

20 Para coñecer máis de vagar a evolución da conceptualización de desenvolvemento: CARRETERO GÓMEZ, PLAZA UBESA, CARREÑO ORTEGA e VALENCIANO (2001).

21 PÉREZ RAMÍREZ, B. e CARRILLO BENITO, B. (2006).

iluminación pública ou pavimentación de rúas, servizos estes de competencia obrigada en base ás diferentes aplicacións verticais de reparto de competencias da Lei de Bases do Réxime Local.

Unha *segunda* xeración de servizos municipais estaría relacionada co desenvolvemento da democracia liberal (como sistema político) e a emerxencia dos valores postmaterialistas. Aparecerían aquí as intervencións de tipo sociocultural, en lecer e deportes ou as primeiras medidas asistencialistas, xéne-se dos actuais “sistemas de benestar”. De novo, identificamos unha correlación de procesos, xa que esta evolución se sitúa en sintonía co desenvolvemento do sistema de goberno multinivel, no cal a implicación dos diferentes niveis administrativos é necesaria para o subministro do servizo ou investimento local. Así, aparecen tamén novas esferas multinivel de interrelación entre os niveis locais, autonómicos e europeos, en áreas como a educación, a saúde ou o ambiente.

Será na década de 1990, cando transitemos a unha *terceira xeración (inacabada e incompleta)* de servizos e investimentos públicos por medio de programas integrados de desenvolvemento local, no que as diferentes esferas do desenvolvemento interactúan entre si dunha maneira eficiente para dar resposta ás necesidades dos tempos. Trátase de planificar decisións estratéxicas no longo prazo que aseguren o desenvolvemento integral e sostible do territorio e a súa cidadanía, á par, e en consonancia con esas liñas estratéxicas, dirixindo actuacións a curto prazo na capacitación da cidadanía e o estímulo económico, primando a rendabilidade dos recursos endóxenos dos territorios e as súas vantaxes comparativas e

competitivas na potenciación dun mercado laboral totalmente redefinido pola emerxencia da sociedade-rede²².

Cómpre destacar de novo que os procesos non son lineais e uniformes senón complexos, sendo de diferentes intensidades as mudanzas identificadas segundo a relevancia en recursos e capacidades dos diferentes concellos galegos, xa que de todos é sabido que o desenvolvemento lineal que acabamos de presentar non se corresponde coa realidade, senón simplemente cun modelo teórico que nos axuda a encadrar o noso contexto.

As novas áreas da política local

Todas estas mudanzas cristalizaron na profundización da relación entre os gobernos locais e determinadas esferas da vida humana, que definimos en tres **novas áreas da política local** (dende a década de 90)²³: *promoción económica local, políticas locais de benestar social e políticas urbanas e de territorio.*

• **Promoción económica local.** A transición cara modelos de produtividade postindustriais determinados polas novas variables incorporadas no desenvolvemento das TICs e a sociedade da información produce o estancamento de determinadas concepcións de desenvolvemento centralizado, que deben ser abordadas dende a imaxinación e a cooperación dos diferentes niveis de poder. Neste sentido, os entes locais reproducen, adecuándoo ás súas necesidades, as estratexias desenvolvidas polas

22 Esta evolución xeracional dos servizos e investimentos locais tamén está correlacionada coa emerxencia dos novos modelos propostos dende a ciencia política para o estudo do goberno local na sociedade-rede, naquela exposición previamente sinalada da superación das teses nacionalizadoras e xerencialistas polas da repolitización e o novo localismo.

23 NABASKUES, K. (2003).

empresas e institucións xerarquicamente superiores, que están aprendendo a se mover na complexidade, promovendo acordos de cooperación, alianzas e acordos estratéxicos en rede, na integración de procesos eficientes orientados aos resultados.

Desta comprensión nacen dous principios operativos que orientan a nova dimensión de “*promotor económico*” dos entes locais: potenciar as vantaxes comparativas do municipio na atracción de capitais externos, e o emprego dos recursos endóxeos locais co obxectivo de construír un modelo de crecemento económico autónomo, relacionado, mais non dependente do exterior.

Como veremos nas outras áreas deste punto, voltamos novamente á relevancia da gobernanza e o goberno multinivel como conceptos fundacionais do novo contexto local, xa que o novo rol municipal consiste na capacidade de interconectar eficientemente as redes que o rodean, o ambiente que o define, tanto no sistema interno no que se desenvolve (institucións educativas e de formación, empresas, asociacións de comerciantes, asociacións de veciños, redes culturais...), como no externo (institucións xerarquicamente superiores, multinacionais, redes de cidades...).

Así, e seguindo ao traballo de Vieites e Román, unha iniciativa local que queira estimular os recursos económicos estratéxicos do seu territorio debe articularse nos seguintes puntos:

1. Definición estratéxica dunha traxectoria propia no ambiente da globalización e a sociedade rede (falamos aquí da incorporación á vida municipal da *planificación estratéxica*, máis formal ou informalmente incorporado ás prácticas municipais, da que falaremos brevemente neste punto).

2. *Potenciar as redes de cooperación* e colaboración propias do concello e o seu sistema institucional.
3. *Priorizar os recursos intanxibles* (formación, multilinguismo, comunicacións, sistemas de innovación...).
4. *Coñecer os mercados* e desenvolver liñas de acceso aos mesmos en función das vantaxes competitivas propias.
5. Favorecer *un clima favorable ao emprendemento* no concello (tanto na dimensión interna como externa).

• **Políticas locais de benestar social.** A cultura popular sobre o que significa o benestar social tamén está nestes momentos en plena transición como consecuencia da emerxencia da complexidade da sociedade-rede, nunha redefinición que procura estender o primario asistencialismo nun benestar social definido tamén pola capacitación da cidadanía nos novos escenarios vitais. Así, bifurcamos estas actuacións en dous campos: *políticas sociosanitarias* e *políticas socioculturais*. As primeiras queren incidir na mellora eficiente de todos os servizos sociais na loita contra a exclusión social sobre aqueles sectores especialmente afectados polas transformacións da sociedade-rede, dende as mulleres sen formación aos sectores avellentados incapaces de operar autonomamente nos novos contextos. As segundas, coas que conecta o noso obxecto de estudo, son actividades a prol da dinamización comunitaria, dende a cultura e o deporte, á educación e a formación.

Estenderemos este punto no desenvolvemento teórico arredor dos irmandamentos do seguinte capítulo.

• **Políticas locais do territorio.** Conectado con todo o demais nesta nova perspectiva holística, as intervencións sobre o territorio deben adoptarse en relación ás novas dimensións

ambientais, ás novas dimensións para a competitividade económica, e os novos retos en relación ao encarecemento da vivenda como produto do proceso de urbanización masiva dos últimos corenta anos, dirixido nunha estratexia unidireccional de crecemento económico. Así, a construción de infraestruturas e as súas definicións operativas deben estar interrelacionadas cos diferentes desenvolvementos dos diversos elementos das novas dinámicas integradas de desenvolvemento local.

O desenvolvemento das políticas locais convértese así nun esforzo de integración relacional das novas necesidades, como produto da emerxencia de novas problemáticas no ámbito municipal, coa xeración de novas solucións por medio de novas actividades públicas²⁴. Combínanse así o fomento do desenvolvemento endógeno cos esforzos dirixidos a atraer recursos, actividades e capital humano cualificado do exterior.

Como explicamos, o novo desenvolvemento local debe implicar unha xestión estratéxica dos recursos e capacidades aplicada ao modelo flexible de produción actual, na que emerxen

24 O desenvolvemento da sociedade-rede nos últimos vinte anos deixou xa diferentes categorías de actuación que de novo expresan, con precisión, a evolución do novo enfoque de acción. Así, das estendidas *ILO (Iniciativas Locais de Ocupación)* que consisten na creación de empresas públicas de servizos e formación básica que inciden directamente sobre os sectores máis desfavorecidos (parados de longa duración, inmigrantes, excluídos sociais), ás *IPE (Iniciativas de Promoción Económica)* que procuran estimular o fomento do emprendemento, a creación dun ambiente adaptado e o impulso de coordinación das redes propias con posibles nodos externos. No final do percurso voltan recombinadas e cristalizadas cos modelos previos, as *IDE (Iniciativas de Desenvolvemento Económico)* que son o tronco económico das estratexias integrais de desenvolvemento local que integran IPE's e ILO's, e a relación coas diferentes dimensións da nova acción municipal (a dimensión social ou sociocultural e a territorial). Como antes, debemos enfatizar que este desenvolvemento non é lineal, e que na actualidade coexisten modelos completos de desenvolvemento económico, con parciais ou inexistentes.

novos xacementos de emprego como extensión do nacemento de novas actividades relacionadas co sector servizos, como o turismo ou a asistencia civil, as novas continxencias da necesidade do desenvolvemento sostible ou a expansión acelerada das TICs, que renovan e equilibran o desenvolvemento económico local.

Esa estratexia relacional implica planificación e transversalidade, conceptos estratéxicos de acción que definiremos moi brevemente, ao igual que os diferentes instrumentos de aplicación nesta nova lectura da realidade e que tamén presentaremos dado o importante marco de referencia que nos darán para o achegamento ao noso obxecto de estudo, os irmandamentos.

A planificación e a transversalidade como estratexias de desenvolvemento integral

A planificación e a transversalidade son conceptos comodíns, que ao igual que o de redes, economía do coñecemento, ou o propio da globalización, foron popularizados amplamente nunha sobredose de información que máis alá da súa incorporación ao discurso politicamente correcto, transmite confusión e evidencia a crise de intellexibilidade que citabamos no marco teórico e contextual. Máis alá dos atrancos estruturais que dificultan estratexias operativas planificadas e transversais²⁵, cómpre resaltar aquí o vital destes significados para capacitarse no reto do enfrontamento coas novas realidades, xa que a propia

25 A dimensión competitiva da democracia representativa liberal non favorece, a priori, a planificación integral, xa que na tensión entre a multiplicidade de actores, as solucións de curto prazo son parte das estratexias electorais para a captación do sufraxio.

emergencia deles (como ideas necesarias para unha mellor xestión) nace como produto da lóxica dos tempos da sociedade-rede.

Definiremos brevemente aquí os dous conceptos na relevancia integral que posúen tanto na lóxica do noso obxecto de estudo, como na máis ampla do goberno local.

“O proceso de planificación consiste no deseño dun conxunto de accións orientadas de maneira consciente á transformación dun sistema, baseado na definición dunha idea ou imaxe que reflicte o obxectivo desexado, téndose que chegar a el da forma máis eficiente posible²⁶.” Este proceso de planificación debe relacionarse cos novos modelos de desenvolvemento local integral, no que as diferentes esferas da acción política local traballan de maneira relacional nun proceso complexo de toma de decisións, onde os actores interesados coparticipan tanto do desenvolvemento do programado como dos seus propios resultados, para multiplicar as enerxías individuais e colectivas de cada un dos actores participantes por medio de procesos de retroalimentación que finalmente incidan no capital social. Mais cómpre advertir que a planificación non é o fin, senón o método ordenado e consensuado de chegar a ese final, que é o desenvolvemento local e humano integral do territorio a planificar.

Tamén, neste breve apuntamento, sinalar que *a planificación debe contar sempre cun diagnóstico, unha análise de obxectivos e unha análise de estratexias alternativas, cunha autoavaliación e reformulación permanente, mediante instrumentos planificadores básicos como o DAFO ou o enfoque do marco*

26 PÉREZ RAMÍREZ, B. e CARRILLO BENITO, B. (2006).

lórico. Non sempre terá que ser a unidade municipal a cabeza da planificación, senón que en determinados ambientes onde non exista unha masa crítica planificable, a cooperación intergubernamental na planificación por medio de redes deberá ser o horizonte dos concellos máis pequenos, que non por iso escapan da sociedade-rede, e das súas lóxicas en constante mutación e relacionais que non permiten a pasividade.

Ao tempo, é fundamental que cando pensemos en planificación, pensemos na *integración de actores* dende o concello, nese novo modelo de gobernanza, de coordinación de redes, co fin de conquistar obxectivos funcionais da maneira máis eficiente posible: empresa, asociacións, institucións... que en esencia será o elemento central que dea sentido á planificación: a corresponsabilidade.

A transversalidade²⁷, a súa vez, é un concepto (*e un traballo organizativo* nesta dimensión que queremos resaltar aquí por criterios operativos) que se relaciona intensamente co da globalización, xa que actúa no noso contexto sobre as lóxicas deste último (as universais), e emerxe e consolídase no discurso político no momento da explosión desta. *Tamén, é unha idea fortemente vinculada á do pensamento complexo que imprime a necesidade de interconectar elementos distantes na comprensión de fenómenos conectados*. Ambos conceptos, globalización e pensamento complexo, interrelaciónanse na realidade actual (como presentamos no noso marco teórico e contextual), na identificación da crise das estruturas organizativas clásicas ao non seren estas capaces de resolver a aparición de novas demandas sociais

27 SERRA, A. (2004).

mediante políticas públicas que dependan dunha soa parte da corporación.

Nesa liña do concepto é onde traballaremos. E para visualizar o sentido do termo (na operatividade política actual) cómpre pensar na política ambiental ou na promoción da igualdade de xénero, áreas ambas que precisan trascender as lóxicas interdepartamentais, para seren incorporadas á acción pública dende a transversalidade, que definiremos como ese *mecanismo de adaptación á realidade complexa dos tempos por parte de calquera cultura organizativa, que permita, mediante un traballo predefinido que implique a totalidade da organización e que trascenda á sectorialización, impactar coherente e positivamente na consolidación dunha política determinada.*

Instrumentos: hardware, software e orgware

No momento de clasificar o diferente instrumental de acción local nas novas estratexias de desenvolvemento local tivemos diferentes modelos previamente propostos aos que seguir para a nosa exposición. Decantámonos aquí pola estruturación de Martinos e Barquero, ao empregar estes, no contexto dos anos 90, unha conceptualización ligada ao mundo informático e polo tanto ao desenvolvemento da sociedade-rede:

- *Hardware de desenvolvemento local.* Enténdese por *hardware* local o desenvolvemento de todas aquelas infraestruturas que son piares da mudanza permanente e imprescindibles para o desenvolvemento do sistema produtivo global. As clásicas redes de transporte e comunicación (autoestradas, trens, aeroportos...), os polígonos industriais clásicos e os edificios de capital social (revalorizados no novo contexto), como

hospitais, escolas, centros de formación ou axencias e naves de emprendedores serán o *hardware* do desenvolvemento local.

Os entes locais non poden construír estas infraestruturas autonomamente debido ás insuficiencias orzamentarias. Así, deben botar man da gobernanza e os mecanismos multinivel para a consecución no desenvolvemento local destas infraestruturas físicas e custosas mais necesarias. Na “socialización” da relevancia da infraestrutura a potenciar no contexto de desenvolvemento rexional, estatal ou mesmo europeo, e na integración dos diferentes actores no proxecto a realizar atoparemos a chave do éxito.

- *Software de desenvolvemento local*. Son estes os grandes instrumentos revalorizados do desenvolvemento local na sociedade-rede, formados por todas aquelas iniciativas que incidan sobre aspectos cualitativos e de carácter inmaterial: o capital intanxible da comunidade local onde se implementen.

Ten que ver coa capacitación dos diferentes recursos humanos e organizativos, de novo dende a perspectiva relacional definidora do novo contexto. Así, a cualificación dos recursos humanos (transversal e interxeracionalmente), pilar definidor da sociedade da información, abre diferentes ángulos de intervención necesarias: dende as estratexias educacionais de *uprating* cultural ate o reforzamento da formación profesional, a cultura emprendedora ou o *know how* (saber facer) tecnolóxico.

Debemos incluír necesariamente neste punto os novos sistemas de información á cidadanía, que abren e incorporan o *e-government*, a retroalimentación goberno-cidadanía e que poden estimular a participación cidadá na procura de maiores

conquistas de capital social, concepto fortemente interrelacionado co seguinte nivel instrumental.

- *Orgware local*. Se o *software* local é o grande revalorizado, a relevancia do *orgware* é un proceso emerxente, novo e uniforme, en calquera institución social que interactúa na sociedade-rede, e no que o papel das TICs faise central e determinante. O *orgware* ten que ver co instrumental potenciador da capacidade organizativa do concello nesa relación interna e externa no ambiente. É a representación material-instrumental da gobernanza e o goberno multinivel, xa varias veces reiterado como eixos articuladores de calquera lóxica de goberno actual.

Incide sobre o fomento do asociacionismo, a estimulación dos actores a participar e se interrelacionar ou a implementación de métodos de coordinación entre os entes públicos, privados, e os propios da sociedade civil municipal. Son os protocolos estandarizados de acción que concretan a planificación e a transversalidade do desenvolvemento local, moitas veces desenvolvidas de maneira informal como a propia lóxica operativa das redes presupón. O *orgware* local é o soporte organizativo da produción de capital social, que, seguindo a Barreiro Cabestany, *son as institucións, o conxunto de relacións, actitudes e valores que determinan as interrelacións entre persoas e que implican, á súa vez, a existencia dunha rede social que produce beneficios e utilidades ás persoas que participan*²⁸. Poderíamos cotar este concepto definíndoo como a habilidade das persoas para traballaren xuntas en grupos e organizacións, ou o conxunto de recursos actuais ou potenciais ligados á pertenza a un grupo.

28 BARREIRO CABESTANY, F. (2003).

Será nesta lóxica instrumental onde situemos a relevancia máxima das irmandades internacionais de concellos, aínda que como instrumentos en acción incidan intensamente no que expusemos aquí como software municipal.

2.4. A cooperación descentralizada: a internacionalización das cidades e a paradiplomacia urbana

Na sociedade-rede, calquera estratexia de desenvolvemento local debe ter presentes as especificidades do ambiente que a enmarca, tanto nas redes internas que produce, como coas externas que a “enredan”, coas que inevitablemente está conectada por procesos macroeconómicos, macropolíticos e macrosociais, conectados aos diferentes procesos interrelacionados que levamos exposto, dende a segunda metade do séc. XX ate a liberalización dos mercados financeiros da década de 1990.

Deste xeito, no desenvolvemento destes procesos atopamos a xénese da internacionalización dos gobernos locais no desenvolvemento práctico (case como produto da inercia da sociedade-rede), ao darse a internacionalización das cidades, na relación coas especificidades do goberno local no contexto do goberno multinivel e a gobernanza como novos modelos relacionais de goberno (neste caso dende o poder local).

A súa vez, as transformacións nos modelos produtivos resultado do desenvolvemento da sociedade da información obrigan á internacionalización de calquera fórmula de desenvolvemento local que se queira ambiciosa, *ou a necesidade obrigada de se preguntar, ao menos, que papel se quere representar no*

mundo global da sociedade-rede na representación e capacitación para a realidade da súa cidadanía.

Modelo clásico de relacións internacionais e evolución na sociedade-rede

As relacións internacionais previas á Segunda Guerra Mundial estaban solidamente estruturadas no **modelo clásico de estados soberanos**, como unidades centralizadas de poder que monopolizaban a representación internacional e institucional. Nese contexto, os gobernos locais respondían ás teses clásicas da ciencia política expostas con anterioridade, a tese nacionalizadora e xerencialista, que representaban a clásica cadea de mando dos poderes político-territoriais, e que adxectivaban xenericamente como irrelevantes aos gobernos locais, como gobernos políticos basicamente irrelevantes, valorizando tan só a súa dimensión administrativa. Como sabemos, no contexto galego, a transformación destes modelos clásicos non se dará ate o desenvolvemento da CE, e a integración na CEE no 1986²⁹.

Sen embargo, foi precisamente co final da Segunda Guerra Mundial, e a primeira articulación actual do noso obxecto de estudo (*os irmandamentos*) cando o proceso de internacionalización das cidades no contexto europeo comeza a tomar forma. Sobre isto último afondaremos na segunda parte desta aproximación teórica, mais cómpre resaltar xa que na magnitude actual de ferramentas de *cooperación descentralizada*, os irmandamentos foron pioneiros como mecanismos de cooperación para a paz entre localidades francesas e alemás na procura da interrelación

29 BALLESTEROS FERNÁNDEZ, A. (1998).

para a comprensión e a articulación de estratexias conxuntas que permitisen optimizar sinerxías e reducir a posibilidade de confrontación.

O proceso de integración europea como macroproceso económico-político foi, no contexto occidental, o principal inspirador dos procesos de rexionalización económica e cooperación política multinivel, co que inevitablemente situámolo tamén coma **proceso indirectamente inspirador da cooperación descentralizada** entre entidades locais no noso contexto como galegos.

É a velocidade e o nivel das diferentes descentralizacións o que influíu decisivamente no desenvolvemento das relacións internacionais dos gobernos locais, xa que ao tempo que os concellos continuaban a desenvolver as súas tarefas administrativas, as ameazas e oportunidades xurdidas dos procesos de integración rexional (que a partir do europeo se expandiron no sistema-mundo) alteraron a realidade destes, tal e como sinala a transición das teses politolóxicas antes presentadas.

Dende aqueles primeiros irmandamentos franco-alemáns, o proceso de enxendo e desenvolvemento da sociedade-rede proporcionou unha infinidade de posibilidades de cooperación non estatal que multiplicaron exponencialmente as accións exteriores dos poderes locais nos últimos vinte anos, facéndoos cada vez máis relevantes, e que cristalizaron nos conceptos de paradiplomacia urbana e internacionalización das cidades.

A paradiplomacia e a internacionalización do local: cidades, concellos medios e concellos pequenos

Con todo, non todos experimentan coa mesma intensidade esta conexión de mudanzas. Son as cidades, como centros ur-

banos directores do proceso globalizador cunha funcionalidade política-económica, as que realmente desenvolven con intensidade obrigada a internacionalización dos seus proxectos e actividades paradiplomáticas.

A paradiplomacia e a internacionalización das cidades son as dúas dimensións nas que se podería dividir a acción exterior municipal propia da sociedade-rede, enxendrada no contexto galego no largo camiño de construción europea e posterior desenvolvemento da globalización.

Así, a **paradiplomacia**³⁰ (concepto tamén empregado nas estratexias internacionais dos gobernos rexionais) fai referencia ás accións, xa sexan individuais ou colectivas (por medio de redes, plataformas ou organizacións formais), dos gobernos locais que procuran abrir maiores espazos para a participación e o diálogo, en foros e escenarios multilaterais de ámbito global (agricultura, educación, saúde, auga...) nos que, en base á caracterización tradicional, non terían lugar a participar, mais que no novo contexto da sociedade-rede deben implicarse sempre máis ou menos directamente. É un concepto extenso o de paradiplomacia, que abrangue dende a creación dunha “embaixada” ou delegación, á moción pública dun suceso vinculado á realidade internacional, ou á configuración formal dun *lobby* internacional de poder local como a UGCL, xa mencionada.

Mentres, a **internacionalización**³¹ das cidades relacionaríase co encadramento estratéxico da dimensión internacional na planificación do desenvolvemento local, tanto na capacitación

30 Sobre a paradiplomacia en Galicia, CANCELA OUTEDA, C. (2008)

31 ZAPATA (2007).

dos recursos propios para atraer capitais e investimentos foráneos (xa sexan humanos, organizativos ou de infraestruturas) como na proxección da cidade ou concello como reforzamento da estratexia de posicionamento desta, tanto na procura de novos capitais e proxectos, ben con proposicións orientadas á economía do coñecemento como ao turismo (estudos estratéxicos, planificación orientada cara determinadas áreas, participación en feiras multinacionais: turismo, cociña, cultura...), como no posicionamento cultural, espiritual ou político da cidade no marco internacional (expresión política local desta, construída na revalorización xeral da cidadanía das funcións de representación dos niveis máis próximos de goberno, e a interconexión global que isto implica coas diferentes expresións da cidadanía internacional, que se mobiliza en situacións específicas de carácter global como nas protestas contra as guerras, ou a mobilización pola cooperación ao desenvolvemento, que en Galicia, e dende unha expresión municipalista agregada constituíu o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade) .

Nin é necesario dicir que, de novo, internacionalización e paradiplomacia son conceptos entrelazados, que bifurcamos nun afán explicativo, mais que non poderían existir autonomamente un do outro.

Son **as cidades** as unidades locais que mellor preparadas deben estar para a internacionalización dos seus proxectos, xa que polo rol estratéxico que representan no funcionamento da sociedade-rede, a necesidade de seren copartícipes da realidade resúltalles explícita, ao funcionar como centros articuladores de desenvolvemento industrial e tecnolóxico propio da mudable realidade económica internacional, ao tempo que

como centros urbanos maiormente poboados (e ademais centros articuladores do desenvolvemento rexional onde se insertan), son os primeiros afectados na redefinición das demandas da cidadanía propias do novo contexto, ao seren os primeiros afectados diante das novas e vellas problemáticas da exclusión social, o multiculturalismo ou o desenvolvemento sostible da zona.

Sen embargo, e malia a destacar de novo a necesidade dos plans exteriores das cidades galegas, o resto da **planta municipal galega** non debe renunciar a incorporarse ás dinámicas globais da sociedade-rede. *En primeiro lugar, porque é preciso dende o poder local capacitar a súa cidadanía para recoñecer as novas lóxicas globais e saber operar nelas. En segundo, porque coas posibilidades que ofrece o contexto, nomeadamente a Internet, as TICs e a proliferación de redes estratéxicas segundo obxectivos, o custo de implementar calquera estratexia de posicionamento global da entidade local redúcese eficientemente na relación custos-oportunidades.* A decisión de planificar, con maior ou menor ambición (segundo as potencialidades diagnosticadas de actuación) debe ser valorada segundo os casos, dende estratexias individuais de posicionamento á posibilidade de creación de redes intergubernamentais de carácter local que, agrupadas, fagan máis consistente o seu plan de incorporación ás redes exteriores da sociedade-rede.

A tese principal desta exposición teórica define os irmandamentos como a ferramenta municipalista con máis larga tradición e experiencia, que mellor expresa e se adapta ás novas lóxicas paradiplomáticas e internacionalizadoras da sociedade-rede en canto á súa capacidade operativa xeral (na relación cus-

te-oportunidades) sendo unha ferramenta accesible tanto como de ligazón á propia sociedade-rede, como de produción social e organizativa para as novas problemáticas do séc. XXI (ambas introducidas nunha estratexia integral de desenvolvemento local), de interese para calquera concello medio galego e calquera agrupación (por reducida que sexa) de concellos pequenos.

3. OS IRMANDAMENTOS COMO FERRAMENTA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

3.1. Introducción: que son os irmandamentos?

Centrámonos agora no que é o noso obxecto de estudo nesta investigación, as irmandades internacionais, ferramentas de goberno local pioneiras da chamada cooperación descentralizada, que na configuración galega adquiren trazos *glo-cais*, ao complementárense as lóxicas globais da construción europea da que son fillas, coas especificidades da relación de Galicia co mundo internacional dende o seu nivel local.

Este segundo capítulo teórico, quere, unha vez tratado o novo rol dos gobernos locais na sociedade-rede, presentar as irmandades como ferramentas avanzadas de desenvolvemento local na súa dimensión orgware, ao tempo, que mecanismos institucionais de desenvolvemento local na súa dimensión software, segundo os instrumentos de desenvolvemento local presentados na sociedade-rede no primeiro capítulo deste estudo.

Antes de chegar a ese punto deslizáremos pola orixe e vida do significado do termo, profundizando na súa aplicación práctica dentro do marco europeo do que facemos parte.

Á súa vez, este capítulo debe servir de presentación á radiografía realizada dende o IGADI nos primeiros meses do ano 2009, que nos permitirá coñecer a situación real en Galicia desta clásica acción exterior local, na dimensión avaliadora deste traballo.

Que son os irmandamentos?

Se acudimos ao dicionario Xerais da Lingua Galega, unha irmandade é aquela asociación de persoas que teñen os mesmos ideais ou as mesmas crenzas, fundamentalmente de tipo relixioso, político ou cultural.

Se baixamos unha acepción, chegamos ao verbo irmandar, que, por unha banda, fai referencia á unión de lazos fraternais por unha persoa, *unha cidade* ou unha nación... ao tempo, que significa xuntar de forma harmónica varias cousas entre si. *Desta maneira, o irmandamento será para nós o acto legal que posibilita no ámbito da política local, unha irmandade entre concellos.*

As irmandades, traducidas dende unha dimensión máis centrada en resultados operativos que en principios, poderíanse assimilar por analoxía ao concepto empresarial actual de alianzas estratéxicas. Sen embargo, a irmandade (no ámbito municipal e máis alá), do tipo que sexa, leva implícita unha unión orientada e modelada en base a principios e á vontade de recoñecemento perpetuo de persoas, entidades ou institucións, enfatizando a relación de confianza mutua e “amizade” que a propia irmandade, como idea, leva implícita.

No mundo actual, determinado pola redución das distancias, tanto dende a dimensión práctica das infraestruturas de comunicación, como dende o “achegamento” virtual co desen-

volveremento da Internet, propiciouse unha multiplicación exponencial de todo tipo de pactos, unións, alianzas, ou asociacións entre persoas, entidades ou institucións, facilitado por esas mudanzas na cultura material, que na interacción cos diferentes contextos político-culturais, fan emerxer unha das características esenciais da sociedade-rede, os modelos cooperativos en rede.

Moitas destas unións, destes modelos cooperativos, son denominadas irmandades, nunha tradición histórica remota ligada aos mundos relixiosos e transmitida ás culturas informais, que asocia a este tipo de alianzas unha caracterización clara de confraternidade entre iguais que se recoñecen en base a criterios de “amizade” na unión por algún obxectivo superior, entre o que sempre figura o recoñecemento indefinido.

Deste xeito, o século XXI está a desenvolver todo tipo de irmandades, quer por grupos de amigos afastados no espazo e “amoreados” en redes sociais do ciberespazo, irmandades de clubs de fútbol, bandas de música ou congregacións relixiosas con páxina web.

Tamén, e acudindo ao sentido operativo deste traballo, as irmandades danse entre diferentes institucións político-territoriais, ben dende o nivel municipal por medio de irmandamentos entre concellos (como será examinado), como dende niveis superiores, como autonomías ou mesmo estados³².

Os irmandamentos intermunicipais son hoxe unha práctica global, unha expresión fáctica da política local ligada aos desenvolvementos organizativos e multidimensionais da evolución da sociedade-rede e a globalización como marco explicativo

32 O “twinning” estatal está vixente na UE dende 1997, como estratexia relacional para acompañar o proceso de alargamento.

desta. Á súa vez, son expresión da complexidade dos tempos ao florecer a súa práctica no desenvolvemento da sociedade da información (global) facéndoos converxer nas diferentes lóxicas operativas locais. De todo isto resulta a súa complexidade endóxena, tanto como ferramenta de acción local con toda a súa flexibilidade operativa, como obxecto de estudo social, xa que a súa delimitación pode ser difusa.

As irmandades queren ser mecanismos para favorecer as relacións horizontais entre pobos dun xeito amigable e solidario dende o ámbito local, para dende o concello e co irmandamento xerar unha extensión á propia sociedade civil local desas relacións horizontais. Destas definicións, cómpre xa sinalar que os irmandamentos e o desenvolvemento das irmandades teñen esa tipoloxía e caracterización absolutamente flexible, o que ofrecerá unha plasticidade elevada aos responsables locais á hora de definir o sentido que o irmandamento terá na vida municipal. Así, dende pegadas meramente simbólicas como placas de recoñecemento da irmandade, nomes de rúas, a actividades e intercambios entre alumnos ou entidades como bandas de música ou clubs de fútbol. Tamén formación sobre a transferencia de recursos, en materias técnicas, de xestión, ou simplemente tratados de cooperación ao desenvolvemento cunha irmandade que implique a participación das dúas sociedades civís irmandadas.

Desta realidade, e dende o contexto galego, debemos antes de nada *recoñecer o peso do proceso de construción europea na delimitación e expansión do termo en Galicia*, xa que na configuración do significado, a institucionalidade que o seu desenvolvemento implicou dentro do proceso de cons-

trución europea obríganos a situarnos dentro dunha tradición determinada operativamente dende Bruselas, na definición e codificación da práctica local por medio de diferentes programas europeos que incentivaron e estimularon a multiplicación destes dende comezos da década de 1990, articulando unha rede europea por medio das distintas asociacións estatais de representación dos gobernos locais que vertebra e patrocina un sentido unitario do concepto de irmandamento a nivel europeo na política local.

Nesta tradición europea, o irmandamento defínese sobre calquera outra práctica pola existencia dun protocolo asinado polas dúas entidades municipais na que se recollen unha serie de principios que os unen e os levan a traballar conxuntamente na consecución duns fins. A presenza do acto protocolario e sinatura chamarémola irmandamento, e representará a dimensión formal (e legalista, en canto a que potencialmente subvencionable pola tradición europea) da irmandade, que sería á súa vez a representación do contido real do protocolo de irmandamento, ou sexa, as actividades que implican a participación das cidadanías das dúas beiras do irmandamento.

O termo empregado e patrocinado na linguaxe europea dominante nesta área (o inglés) é o de *town twinning*, que nunha tradución literal significaría “cidades emparelladas”, mais o ***twinning***³³ é a etiqueta central dos programas europeos nesta área, que coincidentemente é un concepto empregado

33 www.twinning.eu, portal do CMRE traducido a todas as linguas oficiais da UE, que incorpora tanto información histórica e teórica sobre o fenómeno, como un buscador *online* para facilitar o relacionamento entre concellos para desenvolver irmandamentos.

nas enxeñarías de planificación da innovación e de desenvolvemento da creatividade no mundo empresarial actual, como motor de hibridación³⁴ e de recombinación de saberes.

Mais as irmandades entre concellos responden tamén, dende un encadramento máis global e afastado da tradición europea, a criterios máis abertos e non estandarizados, xa que como práctica do poder local non son monopolio europeo. Os irmandamentos danse de maneira máis ou menos formalizada en todos os continentes, xa que dende unha visión converxente mínima, os irmandamentos non deixan de ser máis que un acordo de cooperación entre dúas entidades locais, rexionais, ou mesmo estatais³⁵.

As irmandades, son así, no contexto da sociedade-rede actual, unha *institución de goberno local universal*, con especificidades definitorias nos diferentes contextos culturais onde se desenvolven. Nos EUA, dende os anos 60 do século pasado, empregouse e patrocínouse o termo de *sister cities* (“cidades irmás”) por medio da SCI (Sister Cities International). En Portugal engánchase-enlázanse, a sociedade-rede dende o seu pasado colonial afianzando lazos no mundo lusófono que construíron nos diferentes continentes. Nesa estratexia, dende o mundo local incentivaron as *geminacións*, as nosas irmanda-

34 Segundo o Dicionario Xerais da Lingua Galega:

Híbrido: Dise do ser nacido do cruzamento de individuos pertencentes a diferentes especies, aquilo que está formado por elementos de diferente orixe, aparellos que teñen distintas tecnoloxías incorporadas, e dise das palabras compostas formadas con elementos que proceden de linguas diferentes.

Hibridación: Producción de híbridos, cruzamento entre individuos pertencentes a diferentes especies, variedades, razas...

35 Aínda que por definición e nos contextos deste traballo, as irmandades sexan só ferramentas de cooperación descentralizada, o que implica que sexan non estatais.

des. Na Francia, chámanse *jumelages*, e en América Latina, por influencia da SIC, refírense ás *ciudades hermanas*.³⁶

Cóstanos a presenza de irmandamentos (ou mecanismo de cooperación descentralizada produto dese mesmo espírito cooperativo) en lugares tan afastados como Rusia, China, India ou Africa, ben por conexións creadas dende Europa e o mundo occidental, ou polas propias aplicacións da mesma que en cada parte desenvolveron.³⁷

Así, na tradición galega da política local, os irmandamentos serán unha práctica modelada conxuntamente polo encaдрamento da tradición europea e o patrocinio desta pola FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) dende a década dos oitenta e as especificidades do desenvolvemento dos galegos, como colectividade humana, na comunidade internacional, co que inevitablemente atoparemos unha forte vinculación transatlántica na configuración do concepto produto da diáspora como fenómeno identitario enraizado, identificador e relacionador de Galicia na sociedade-rede.

Nesta presentación teórica desta ferramenta municipalista decantarémonos por retratar a dimensión europea do fenómeno como a dimensión formal na configuración do termo para a realidade galega, xa que as especificidades do desenvolvemento galego do termo non teñen sido tratadas en ningún estudo previo de política local, aínda que serán explicitados posteriormente, ao emerxeren na exposición dos datos da nosa investigación. Presentaremos tamén brevemente o modelo americano

36 Unha breve incursión en Google dará conta da extensión universal destas prácticas universais.

37 HILDENBRAND SCHEID (2006).

e o español, aportando tamén un capítulo enunciativo sobre o modelo tradicional de irmandamentos, e un novo ollar dende a sociedade-rede, que os revaloriza e os resignifica.

3.2. Orixe europea e desenvolvemento comunitario

As bibliografías que abordan o fenómeno dos irmandamentos entre concellos acostuman coincidir en situar o nacemento desta práctica local nos anos posteriores ao fin da Segunda Guerra Mundial. Sen embargo, na tradición inglesa, o nacemento dos irmandamentos sitúase no final da Primeira Guerra Mundial, e algúns, trascendendo o significado e configuración actual dos concellos como poder local, son capaces de retrotraelo á época medieval en referencia ás irmandades de tipo relixioso. Porén, asumimos as bibliografías “comunitarias”³⁸, que codifican os primeiros irmandamentos naqueles programas interfronteirizos entre Francia e Alemaña, dende a lóxica da reconstrución e a perpetuación da paz tras dúas guerras devastadoras en menos de corenta anos. Os propulsores destes primeiros acordos de cooperación descentralizada foron diferentes organizacións de carácter humanista que se canalizaron finalmente por medio, tanto da formación do Comité consultivo de Municipios e Rexións de Europa (CMRE) en 1951, como da formación, en 1957, da Federación Mundial de Cidades Unidas (FMCU), organización fundamental na difusión de

38 A bibliografía específica sobre irmandamentos redúcese á ofrecida polos aparellos institucionais que os sustentan, no noso ambiente a UE e a FEMP, e a capítulos parciais en obras máis amplas sobre cooperación descentralizada que acostuman repetir as definicións institucionais.

prácticas de *cooperación descentralizada*, sempre orientadas á construción dun mundo máis seguro ante a xeración de vínculos de interrelación dende os niveis máis próximos á cidadanía que evitasen no futuro novos enfrontamentos bélicos.

A FMCU e o CMRE no desenvolvemento da cooperación descentralizada

A FMCU (Federación Mundial de Cidades Unidas) converteuse así na organización que sementou a práctica dos irmandamentos polo mundo, como dinámica dende o local para a libre circulación de persoas, ideas e información, sempre dende posicións adaptadas ás novas realidades da sociedade internacional que se estaba a desenvolver. Destacan os principios fundacionais desta organización, central, tanto no desenvolvemento dos irmandamentos como ferramentas de política local, como na internacionalización dos actores locais con dereito a voz propia na sociedade internacional. Principios fundacionais estes, fortemente relacionados coa Carta dos Dereitos Humanos e a creación e desenvolvemento da orde internacional de posguerra na conformación da Organización de Nacións Unidas.

Así, a educación cívica e humanista, inspiradora da actual materia de educación para a paz (e mesmo da actual e controvertida educación para a cidadanía) foron, xunto ao plurlingüismo e a relevancia da participación cidadá, prácticas irrenunciáveis na conformación dun mundo máis xusto e reordenado dende os parámetros deste emerxente *novo localismo*. Destaca así tamén no encadramento institucional inicial da FMCU o seu *papel impulsor de políticas reflexivas arredor da*

futura cooperación ao desenvolvemento, o novo urbanismo, o papel da muller, ou a capacidade de xerar información transparente.

No 1957, co nacemento da FMCU, a mesma aproba como documento fundamental a **Carta de Irmandamentos**, que será o primeiro documento internacional de apoio a esta práctica local centrada na relevancia da cidadanía europea na construción dun mundo en paz, e fortemente vinculada, como sinalamos previamente, aos principios fundacionais da ONU e ao nacemento da cooperación descentralizada.

Tanto este documento, como o posterior apoio institucional do proceso de construción europea aos irmandamentos é produto das dinámicas do proceso de integración continental que priman a participación cidadá no proceso de cohesión europea, nesa familia autodesignada como a “Europa dos pobos” vinculada formalmente ao nacemento, no 1951, do Comité Consultivo de Municipios e Rexións de Europa, (que non sería ate 1994 incluído no cadro institucional da UE)³⁹.

Nos anos 60, a FMCU e o CMRE continuaron a dar soporte material e teórico, tanto ao movemento dos irmandamentos, como indirectamente, ao desenvolvemento da cooperación descentralizada entre entes subestatais, con innumerables achegas teóricas novidosas nese desenvolvemento das teses clásicas da ciencia política á que nos referimos en varias ocasións, e que fai trascender a administración local en goberno local. Textos como o das “Cidades Unidas” de 1967, ou o “Manifesto pola nova cooperación” son hoxe documentos primixenios dunha realidade

39 MORATA (1999).

que xa penetrou na realidade práctica do mundo institucional nas sociedades avanzadas da sociedade-rede, nesas expresións presentadas no primeiro capítulo: a internacionalización das cidades e da paradiplomacia urbana.

Os irmandamentos comezaron a estenderse dende a práctica franco-alemá á totalidade dos países firmantes do Tratado de Roma, sendo un dos soportes prácticos reais do nacemento e desenvolvemento desa idea da Europa dos pobos e dos cidadáns aínda non explicitada institucionalmente naqueles primeiros pasos da construción europea incentivada dende as interdependencias económicas na perpetuación da paz. Así, os **irmandamentos**, e nun proceso institucional de abaixo cara arriba (na significación actual do goberno multinivel) son unha das **chaves explicativas do proceso de construción da cidadanía europea**, recoñecido en diferentes textos comunitarios e nos propios irmandamentos das capitais dos primeiros Estados fundadores⁴⁰. Debemos destacar que aquel desexo integrador, interrelacionador, era un fenómeno extraordinariamente novidoso, que amosaba á súa vez a dinámica dos novos tempos.

Será xa nos anos 70 cando o fenómeno dos irmandamentos europeos comece a interactuar en espazos xeográficos máis amplos, e a práctica europea sexa exportada ao resto dos continentes. Neste proceso, que acompaña o crecemento tanto da FMCU, como da IULA (de orixe holandés), e produto do Estatuto Consultivo que ambas as dúas organizacións conseguiran nos

40 Nunha definición xa clásica de Jean Bareth de 1957, dos irmandamentos na bibliografía comunitaria explicitáse: “un irmandamento é o encontro entre dous municipios que deciden facer pública unha unión para actuar dende unha perspectiva europea, para contrastar os seus problemas e desenvolver entre eles uns lazos de amizade cada vez máis concretos”

procesos de representación sectorial da ONU, aparece a **Resolución 2.861 (XXVI) de decembro de 1971**, na que a propia organización mundial recoñece e estimula a práctica dos irmandamentos como vehículo de desenvolvemento social e universal en tanto estimulan o recoñecemento entre pobos diferentes. *Nesta nova dinámica máis global, os irmandamentos convértense nunha institución universal da sociedade-rede que inicia a definición de actor internacional dos gobernos locais.*

A institucionalización e desenvolvemento na UE

Nesa definición dos actores locais como actores con presenza internacional cobra especial relevancia a **Carta de Autonomía Local** á que nos referimos en diferentes puntos do primeiro capítulo, ao ser esencial na fundamentación xurídica da acción exterior dos gobernos locais da actual sociedade-rede. Este documento lexítima abertamente o proceso de organización en rede a nivel global que desenvolvían a FMCU e a IULA, e, sen falarmos dos irmandamentos, si se configura como a chave legal da cooperación descentralizada ao especificar e recoñecer no artigo 10 da Carta a colaboración entre entidades locais de diferentes estados.

A incorporación da Carta á lexislación comunitaria data de 1985, coincidindo cuns anos de axitación no proceso de construción europea, que darían, entre outros resultados, o reforzamento do proceso de integración por medio da Acta Única Europea (na que tamén se recoñecía a entrada na CEE dos Estados do sul: España, Grecia e Portugal) e que deu lugar a unha maior participación do Parlamento Europeo nos asuntos comunitarios, que no caso que nos afecta, tería as súas repercusións no 1988

(tras da Conferencia de Cidades Irmandadas en Burdeos, 1987), cun documento da eurodeputada francesa Nicole Fontaine en petición formal para a incorporación dos irmandamentos á práctica institucional da UE. Este informe, ben recibido pola corrente de optimismo europeo daqueles anos, deu lugar no 1989 á configuración do Fondo Europeo de Irmandamentos, que nas diferentes modalidades presentadas non desaparecerá xa do ordenamento comunitario como elemento constitutivo da institucionalidade desenvolvida para configurar unha cidadanía europea.

A constitución do *Fondo Europeo de Irmandamentos* é así o punto de non retorno na institucionalización dos irmandamentos como práctica local enmarcada no proceso de construción europea. Dende ese momento, o número de irmandamentos multiplicárase exponencialmente, incentivados polas diferentes subvencións que dende a **Comisión**, a través da **Dirección Xeral de Educación e Cultura**, puxeron a disposición de novas irmandades orientadas a sementar aquel iniciático soño da cidadanía europea. As accións enmárcanse sempre, e dende ese momento, no reforzamento do diálogo entre a cidadanía da UE co fin de conseguir esa cidadanía activa, participativa e europeísta, de conformidade co recollido no Libro Branco da Comisión sobre a gobernanza europea, e nos diferentes textos que dan sentido ás lóxicas de cohesión social e cidadanía das visións máis federalistas da UE.

Neste desenvolvemento dos anos 90 incorpóranse os *Golden Stars* ou *Estrelas de Ouro*, os premios anuais creados no 1993 outorgados aos municipios que son capaces de conectar a participación cidadá co espírito europeo, e que premia a aqueles que se beneficiaron dalgunha subvención, tanto para irmandades

mentos, como para outro tipo de actividades centradas na participación conxugada co europeísmo, e que mellor xestionaron as funcións e obxectivos do proxecto subvencionado.

Ao tempo, e dende o CMRE, continuaron a impulsarse xuntanzas colectivas visibilizando así nos irmandamentos, unha lóxica local no proceso de construción europea, nos diferentes congresos de Ferrara (Italia) en 1998, Amberes (Bélxica) no 2002, e Rodas (Grecia) no 2007.

Nestes últimos vinte anos desenvolveuse, con todas estas actividades, o que dende o CMRE defínese como “a maior rede cidadá do continente”⁴¹, que en datos do 2006 identifica máis de 17.000 irmandamentos (o que implica a máis de 30.000 concellos) que involucran 35 estados europeos (ou asociados por medio dalgún tratado de cooperación intergubernamental). A análise deses datos sitúa os cinco maiores estados (Alemaña, Francia, Italia, Polonia e Reino Unido) na cabeza destas prácticas locais.

A grande maioría destas irmandades dase entre localidades con fronteiras estatais comúns, e entre localidades que comparten trazos históricos e culturais. Porén, dende o proceso de apertura da Unión aos Estados do antigo bloque soviético, e debido á mellora das diferentes infraestruturas que posibilitan a superación das distancias físicas, están a xurdir moitos irmandamentos de “longa distancia”, que na lóxica de integración global europea só poden avaliarse moi positivamente.

Pasemos agora a desglosar o reparto destes 17.000 irmandamentos nos diferentes estados continentais:

41 Declaración de Rodas, 2007.

IRMANDAMENTOS NA UE (2006)

Germany	6.092
France	5.953
Italy	2.096
Poland	2.041
United Kingdom	1.998
Hungary	1.676
Sweden	1.361
Finland	1.165
Czech Republic	1.124
Romania	1.072
Denmark	932
Austria	902
Spain	807
Netherlands	722
Belgium	718
Norway	716
Slovakia	667
Estonia	570
Switzerland	485
Greece	458
Lithuania	380
Portugal	309
Ukraine	296
Latvia	294
Ireland	249
Serbia	193
Slovenia	192
Bulgaria	181
Iceland	142
Luxembourg	119
Cyprus	96
Malta	46

Fonte: <http://www.twinning.org/>

Na actualidade, e dende o 2007 no Congreso de Rodas e ate o 2013, o *twinning* europeo está encadrado nun marco máis amplo de acción (ligado en todo caso á participación cidadá) baixo o programa europeo de *Europe for citizens* (Europa para os cidadáns) primando a creación de redes temáticas na que participen sempre tres ou máis localidades de diferentes estados, á par que enfatizando (como sempre fixeron os proxectos de irmandamentos europeos) a integración lóxica do irmandamento segundo obxectivos e funcións, e a sustentabilidade no tempo dun programa de actividades definido, que sexa capaz de implicar os asociacionismos locais que sustentarán, na vida práctica, as irmandades⁴². O programa *Europe for Citizens* visibiliza na práctica a evolución do irmandamento como ferramenta de acción local, transitando dos tradicionais irmandamentos binarios á estimulación de redes que posibiliten a multiplicación das sinerxías.

Sen dúbida, cómpre resaltar nesta nova estratexia a decisión de orientar o traballo do *twinning* europeo ao alargamento da UE, incentivando e estimulando a coparticipación coas localidades dos estados da Europa central e do leste, o que na práctica está a significar unha maior dificultade para conseguir subvencións dos países do sur coma o noso⁴³.

42 “Os vos proxectos deben ter unha presentación clara e detallada do programa de actividades, explicando que vai acontecer, que rol terán os diferentes participantes e que aprenderán estes. Enfatizamos a necesidade de implicar á comunidade local, co que precisamos tamén unha política decidida de publicidade e visibilidade do irmandamento a subvencionar”, en *Town twinning: cuestións sobre como conseguir fondos*. (documentación institucional).

43 Na celebración da gala dos *Golden Star* do 2008, celebrada en Bruselas o pasado 13 de novembro premiáronse, entre outros, un programa sobre a mobilidade europea na xuventude (composto por unha rede de 24 cidades de estados diferentes) e un foro común entre técnicos locais e cidadanía (com-

Pasaremos agora, moi sinteticamente a presentar o modelo estadounidense de irmandamentos e o modelo español e galego en base á bibliografía dispoñible antes da realización deste estudo.

3.3. O modelo americano: as *sister cities*

Nos EUA, dende os anos 60 do século XX, empregouse e patrocínouse o termo de *sister cities* (Cidades irmás) por medio da SCI (*Sister Cities International*), unha axencia sen ánimo de lucro ligada á USAID (Axencia Estadounidense de Cooperación ao Desenvolvemento) que incentiva as prácticas dos irmandamentos dende a óptica americana do voluntariado en clave empresarial, onde o peso e rol da institución de goberno é obrigadamente sempre mínimo, e onde a propia SCI cobra polas xestións e informacións facilitadas, en oposición ao modelo de *twinning* europeo patrocinado pola Unión.

Sen profundar demais sobre o modelo estadounidense si ofreceremos unhas notas sintéticas que nos sitúen na comprensión da práctica estadounidense dos irmandamentos, fortemente vinculada ao desenvolvemento desta en Canadá e América Latina⁴⁴.

Como na tradición europea, o desenvolvemento de “cidades irmás” comeza co fin da Segunda Guerra Mundial nesa xénese propia do mundo occidental de posguerra que configurou as ba-

posto tamén por 17 cidades e 8 estados). O gañador foi un proxecto no que participaron 12 cidades de Alemaña, Francia, Hungría e Polonia sobre as consecuencias e o futuro do alargamento.

44 As informacións presentadas neste epígrafe son produto da información ofrecida na web da SCI: <http://www.sister-cities.org/>

ses do dominio occidental na sociedade internacional resultante, e que protagonizou durante a segunda metade do séc. XX a Guerra Fría.

Foi Dwight D. Eisenhower o primeiro presidente en propor un “programa de diplomacia urbana” por medio da participación cidadá, que nos EUA deuse en chamar *People to People* e que se organizou pola *National League of Cities*. Os primeiros irmandamentos sitúanse no 1956, e poucos anos despois, no 1967, fórmanse a actual SCI, como organización sen ánimo de lucro xestora das irmandades estadounidenses ante o seu rápido crecemento.

A SCI define o irmandamento como unha práctica extensa de parcería nun contexto oficialmente aprobado e con vocación de longo prazo, entre entidades subestatais, podendo ser tanto cidades, como condados, como estados (na lóxica de estados federados do estado americano). Na xeneralidade de propostas, tanto de nacemento como de evolución, as prácticas americanas e europeas (fillas do mesmo tempo) converxen na maioría dos casos: a relevancia da sinatura oficial, a necesidade da implicación da sociedade civil local, a flexibilidade das posibilidades para a acción, ou os vínculos de confianza precisos para manter unha actitude de cooperación a longo prazo.

Con todo, e produto das especificidades diferenciais de cada un dos bloques (estadounidense e europeo), a propia SCI alerta nos seus textos de presentación das diferenzas ou matices a ter en conta, en relación ás diferenzas socioculturais que moldean as prácticas de *twinning* (como etiqueta universalizada) aos dous lados do océano Atlántico.⁴⁵

45 Advirte entre outras cousas do carácter especialmente informal do americano medio ou da “facilidade” europea para conseguir fondos públicos.

Deste xeito, cómpre destacar sinteticamente:

Fronte ás tradicións institucionalistas europeas, onde o concello xoga un rol fundamental no desenvolvemento da irmandade, a SCI fai especial referencia á formación do voluntariado local e a relevancia deste na irmandade, recoñecendo dende o primeiro momento que as municipalidades estadounidenses só apoian formalmente a institucionalización do acordo (o apoio pode variar de concello a concello), mais nunca asumen a responsabilidade da xestión do mesmo, que debe quedar sempre encadrada nos diferentes Comités de Voluntarios.

En relación a este primeiro destaque enfatízase tamén que non existe práctica de subvencións aos Comités, e que os fondos destes nacen das entidades que os patrocinan ou do traballo voluntario dos propios activistas mediante diferentes tipos de accións: festas, poxas benéficas, exposicións, edición de materiais...

Como mostra da operatividade maiormente procurada neste modelo, a SCI destaca “a relevancia dos irmandamentos orientados aos negocios”, ben aproveitando motivacións iniciáticas, toponímicas ou históricas, ou simplemente, e despois dunha análise previa, mediante a acción coordinada de empresas e entidades locais que co apoio cidadán procurarán establecer socios, alianzas estratéxicas de desenvolvemento económico segundo as sinerxías coincidentes que potencialmente unan eses dous gobernos locais.

Por último, debemos explicar que a SCI funciona como unha axencia gobernamental, e que tan só sendo recoñecido por ela existe a posibilidade de irmandarse cunha localidade estadounidense dende o punto de vista legal. Eles diferencian así, entre *sister cities* e *friendship cities*, ou sexa, entre irmás e amigas, as

primeiras teñen a obriga de pagar unhas taxas á SCI a cambio do recoñecemento institucional e o apoio informativo, avaliativo, organización de premios e conferencias, etc... Mentres, as amigas son relacións non formalizadas e que non implican recoñecemento legal.

A SCI é expresión do espírito de goberno mínimo que domina as lóxicas político-administrativas do sistema estadounidense, e ao tempo, reflicte tamén a globalización e as lóxicas de redes globais que organizan o mundo. De feito, na súa conferencia anual de 2009, a SCI reunírase cos seus socios mundiais (a súa rede de cidades irmás) en Belfast, como un exercicio de revalorización dos programas de irmandade na procura da cooperación para a paz.⁴⁶

Pasemos agora a presentar moi brevemente o que sabemos do modelo español, e especificamente o que sabemos do modelo galego segundo a investigación do IGADI de 2002.

3.4. España e o modelo galego

Malia á súa extensión mundial e á súa xa longa tradición, os irmandamentos non son, no contexto do Estado español, de atracción para os investigadores sociais do goberno local, e a ausencia de bibliografía específica sobre eles resulta sorprendente, en tanto unha cantidade importante de recursos económicos europeos en dirección aos gobernos locais, xiran sobre estes eidos de participación cidadá, cidadanía europea, cohesión social, cooperación descentralizada.... Desta situación e neste punto limi-

46 Neste sentido, a SCI incentiva tamén conectar cidades estadounidenses con cidades do Iraq ou de Afganistán.

tarémonos a reproducir unhas notas características dos irmandamentos españois elaborados polo Servizo de Irmandamentos da FEMP⁴⁷, para posteriormente, e como introdución á presentación dos datos da nosa investigación, expor os datos e conclusións iniciais dos que partimos en base ao traballo de 2002 sobre o estado dos irmandamentos galegos.

O modelo español segundo a FEMP

En 2002, a FEMP sinala tres características esenciais dos irmandamentos españois:⁴⁸:

É un proceso expansivo: se no 2002 os irmandamentos superaban os 500, na actualidade sitúanse xa nos 800 (nº total de concellos, 8.077). O proceso é de crecemento constante, a pesar de estar comparativamente lonxe das cifras europeas, este dato pode ser explicado na tardía implementación dada a imposibilidade de xeralas ate o final do réxime franquista.

Concentración: destacan especialmente nos datos oficiais da FEMP, Catalunya, Andalucía e Valencia, salientando sempre a maior actividade neste eido das cidades, e tamén os irmandamentos de Barcelona, Madrid e Valencia. Galicia, en relación ás actividades no resto de España non desentona, situándose entre as comunidades autónomas con maior número de irmandamentos.

Elección de parceiros: produto da lóxica europea desta práctica local, a FEMP considera que máis das dúas terceiras

47 FEMP (1998) e (2002).

48 Incorporaremos nestas notas sintéticas diferentes datos actualizados presentes nos diferentes textos parciais sobre irmandamentos dos que falábamos previamente.

partes dos irmandamentos españois danse coa Unión Europea (na que destacan Portugal e Francia como veciños), repartíndose o resto entre América Latina (destacan Nicaragua, México, Venezuela e Colombia) e o norte de Africa (Sáhara, Marrocos e Túnez, rede de cidades irmandadas andaluzas e africanas) vinculadas ambas prácticas á cooperación ao desenvolvemento coas antigas colonias españolas.

A FEMP sinala tamén as razóns ou motivos que priman na elección de parceiros, nas que entre as máis importantes destacan: as similitudes por rango institucional, toponimia, vínculos históricos, europeísmo, razóns simbólicas, marco transfronteiriizo, área marítima e cooperación ao desenvolvemento e cooperación para a paz.

IGADI 2002

Como paso previo á presentación do modelo galego froito da nosa investigación, lembraremos apenas os datos clave que foran extraídos e que serviron de guía para todo o noso estudo. Desta maneira:

Galicia contabilizaba no 2002, 108 irmandades repartidas en 73 concellos.

Francia e Portugal capitalizaban as irmandades no interior da UE, as maioritarias tamén no contexto galego, aínda que non tan intensamente como no modelo español, ao destacar unha porcentaxe de preto do 40% nas relacións con América, onde xa se identificaba a emigración galega como factor clave deste desprazamento.

O simbolismo intuíase maioritario, mais non sempre se reflectía con datos.

A confusión e o ciclo electoral imposibilitaban unha recollida completa de datos.

A participación cidadá definíase como “moi escasa”.

3.5. Nacemento e desenvolvemento dun irmandamento: modelos clásicos e descritivos

Neste punto sintetizaremos descritivamente en base á bibliografía revisada, a vida real dos irmandamentos dende unha visión teórica, e achegada xa á práctica galega e española (e inevitablemente como vimos, con diferenzas, universal) dos últimos cincuenta anos, polo que, e sintentizando as diferentes lóxicas, falaremos do modelo clásico⁴⁹ como o representado ate o de agora pola bibliografía xeral sobre as irmandades internacionais na área máis ampla da cooperación descentralizada de ámbito local.

Modelos básicos de nacemento dunha irmandade

A decisión política de asinar un irmandamento pode ser produto de diferentes rutas de implicación de actores, o que terá unha forte relevancia no posterior proceso de desenvolvemento da irmandade. De maneira simplificada, na que sempre caberá a posibilidade de incorporar modelos mixtos, sinalaremos os dous procesos directores elementais.

- **Top-down.** Este modelo representa o clásico patrón organizativo de arriba-abaixo, que no contexto da formación de

⁴⁹ Neste punto, en base as bibliografías existentes apelamos ao modelo tradicional para definir finalmente as súas problemáticas e propor ao final do capítulo un novo enfoque integrado dos irmandamentos na sociedade-rede coma ferramenta local revalorizada e de nova significación.

irmandades representa aqueles procesos no que o director e impulsor da Irmandade é o concello, ben sexa pola decisión individual do alcalde ou algún concelleiro, ou pola asunción en pleno, como corporación, da decisión de promover estratexias de relación co exterior. Nos dous casos, de non ser capaces de transmitir a irmandade ao corpo social do concello, o irmandamento terá apenas a posibilidade de enriquecer determinadas prácticas organizativas e institucionais dentro da vida municipal, mais non incidirá coa súa capacidade potencial nos diferentes estamentos da sociedade civil local.

- **Down-top.** Neste modelo, o protagonismo nace pola base, ao ser unha persoa individual ou colectivo organizado dentro do municipio, os propulsores do protocolo de irmandamento. No primeiro caso dependerá da capacidade proactiva da persoa de agrupar diferentes apoios que fagan posible o desenvolvemento real da irmandade, que, igual que no segundo caso, precisarán xerar vínculos de complicidade e traballo mutuo co resto do espectro asociativo para desenvolver as potencialidades do acordo que dirixen/impulsan, e non só, senón que deberán ser capaces de implicar a institución local para darlle unha configuración formal e un maior rendemento social.

As irmandades xorden da vontade dalgún dos actores locais: institucionais, asociativos, individuais (enredadores) para a consecución dunha relación profunda que por medio de actividades conxuntas aporte externalidades positivas dende fóra do concello.

Da solución mixta para conxugar os dous modelos positivamente, e conseguir activar esa relación profunda con actividades en conxunto, naceron os comités de irmandamento, presentes

sempre nos modelos teóricos das irmandades tradicionais, mais maioritariamente ausentes das realidades prácticas.

Os comités de irmandamentos

Dende o nacemento das irmandades na súa tradición europea aquí analizada, o acento das potencialidades da práctica está situado na capacidade dos gobernos locais, dos concellos, de implicar a súa cidadanía no irmandamento para facelo socialmente produtivo. Desá necesidade naceron como vertebradores da relación concello-sociedade civil, os comités de irmandamento, como foros organizativos e integradores das actividades de irmandamento. O comité será así tamén o vínculo que posibilite a interacción da cidadanía e as entidades de ambas localidades.

Os comités adoitan tomar dúas formas clásicas relacionadas coas dimensións máis sociais ou máis oficiais relacionadas, á vez, cos procesos de formación de abaixo a arriba ou de arriba a abaixo. Así, distinguiremos nunha clasificación ideal dous modelos:

- *De estrutura municipalista.* Son aquelas reunións máis ou menos formalizadas dende o concello para implicar ao mundo asociativo local na dinámica do irmandamento. Relaciónanse cos procesos de arriba a abaixo e con aqueles, que consciente ou inconscientemente, priman a dimensión oficial da irmandade. Acostuman ser presididas polo alcalde e rara vez implican a constitución dun comité real, o que non implica que sexan necesariamente improdutivo socialmente, xa que, se dende o concello se ten determinado unha estratexia definida para o irmandamento e se ten consensuado unha determinación clara

de apoio e organización á irmandade, os resultados poden ser igualmente produtivos.

- *De estrutura asociativa.* Pola contra, esta variante relaciónase con aqueles modelos de abaixo arriba e con aqueles que priman a dimensión social do intercambio. Así, o comité ou asociación de irmandamento configúrase legalmente como unha entidade cultural e recreativa sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica de seu, mediante estatutos e órganos de goberno que deben especificar as relacións a establecer co diferente mundo institucional que o rodea. Estes comités ou asociacións deben formarse implicando as diferentes asociacións locais nunha determinación clara por incentivar a participación cidadá e a solidez do irmandamento. Na totalidade da bibliografía normativa empregada neste traballo esta fórmula é definida como a propia e específica na tradición dos irmandamentos para a configuración exitosa dunha irmandade.

Debemos sinalar, coa ambición de superarmos os modelos tradicionais, que este comité de estrutura asociativa, pode ser transformado do sistema codificado que implica a concepción de comité, ao sistema aberto e flexible que introduciría unha rede local do irmandamento, e que dende unhas lóxicas máis informais tamén daría un soporte operativo dende abaixo ao irmandamento e a irmandade asinada dende o concello.

Clasificacións tradicionais e motivacións fundamentais

Distinguiremos:

Irmandamentos reconciliación. A reconciliación foi a primeira motivación que incentivou a creación de irmandades intermunicipais nas zonas fronteirizas do norte francés e o sur alemán tras

da fin da Segunda Guerra Mundial. As asociacións, de forte carácter humanista, querían xerar vínculos e sinerxías que reforzasen a cooperación dende niveis baixos de goberno na cadea de poder, e á súa vez próximos á cidadanía. Fomentar lazos de unión entre as cidadanías anteriormente en conflito fixébase como primeiro obxectivo.

Irmandamentos comprensión. Son contextualizados na política de Guerra Fría e de bloques que definiu a axenda da segunda metade do séc. XX. Así, consistían de novo en establecer estratexias “dende abaixo” que superasen a división europea (e alemá en particular). Foron os primeiros vínculos da carreira de integración europea dos países da Europa central e do leste, e tamén, dos primeiros en ser experimentados no Estado español como estratexia previa no período de pre-adhesión.

Irmandamentos transfronteirizos. Xorden co desenvolvemento das dúas primeiras categorías amosadas ao descubrir as potencialidades da cooperación fronteiriza dende o nivel local, integrando sinerxías en proxectos cooperativos que impliquen as sociedades dos dous lados da fronteira. Da mesma lóxica que os citados encontramos os baseados na mesma área marítima.

Irmandamentos europeístas. O desenvolvemento das irmandades como ferramentas de acción local internacional foi adaptado na construción europea no esforzo por xerar cidadanía común nunha Europa cohesionada. Na década dos 70, a embrionaria UE recoñéceos por primeira vez nos seus textos institucionais, e xa a finais da década de 1980, configúrase, como vimos, o Fondo Social Europeo consignándose subvencións ininterrompidamente.

Irmandamento dirixido aos negocios. Definimos esta tipoloxía en base ao modelo norteamericano que promove a SCI

dende os anos 50, e que orienta a irmandade á capacidade de xerar negocios, e que tamén está conectado á posibilidade do *twinning* europeo de enfocar o irmandamento cara ao desenvolvemento económico local.

Irmandamentos cooperación. Xorden na década dos 80 produto da entrada na axenda europea das políticas oficiais de cooperación ao desenvolvemento cos países do sul. Implican un irmandamento dirixido á transferencia de recursos, maioritariamente de tipo económico ou técnico.

Irmandamentos triangulares. Popularízanse na década de 1990 influídos pola mellora das infraestruturas e as TICs, facilitando unha integración maior de actores. Foron a base do actual modelo subvencionable da UE.

Irmandamentos en rede. É o actual modelo subvencionable de irmandamento proposto no programa *Europe for Citizens*, e que fomenta e estimula a xeración de redes amplas de traballo local, ao maximizar estas, tanto as capacidades de ligazón á sociedade–rede, como de produción social no contexto actual.

Poderíamos dicir que estes son os modelos básicos clasificados nas diferentes bibliografías, mais non existe un modelo pechado e cada sociedade determina as especificidades dos irmandamentos que desenvolve segundo diferentes motivacións iniciais: toponómicas, simbólicas, relixiosas, culturais...

Na análise de datos de Galicia, daremos conta das motivacións dos nosos concellos á hora de establecer irmandamentos, para chegar a algún tipo de conclusión sobre os diferentes modelos presentes no país.

Problemática universal

Nas diferentes fontes de información consultadas, especificamente dentro da tradición europea e americana, atopamos unha crítica converxente presentada en diferentes foros cara determinadas malas prácticas dentro dos irmandamentos, polo que podemos falar dunha serie de deficiencias estruturais ligadas aos sistemas de goberno local democrático-liberais que lastran o correcto desenvolvemento de calquera programa de irmandade, que deben ser tidas en conta antes de tomar decisións que no longo prazo sexan improdutivas, tanto no terreo da capacidade operativa da irmandade, como na imaxe das institucións irmandadas, que, ás veces, parecen ser en todas partes, excusas perfectas para as vacacións dos políticos electos⁵⁰.

Nun esforzo por sintetizar as diversas problemáticas das diferentes bibliografías sinalaremos elementos problemáticos e claves universalmente recoñecidas no proceso de xestación e desenvolvemento dunha irmandade (todos están interrelacionados) dende o modelo clásico desenvolvido:

- *A incorrecta elección do parceiro e ciclo electoral.* En moitas ocasións, a decisión de asinar un irmandamento non é produto dun diagnóstico elaborado nin dunhas relacións previas que aseguren a perpetuación e a produtividade do pacto de cooperación, senón que ven determinado por intereses

50 Malia a que esta crítica non aparece explicitamente recoñecida na bibliografía institucional sobre os irmandamentos, un breve repaso aos artigos xornalísticos aparecidos sobre os mesmos darán conta desta problemática universal ao seu redor (un exemplo disto serían os artigos, especificamente operativos para o caso galego de RÍOS PAREDES (2007) e SARILLE (2004). Tamén, e na versión inglesa destácase esta problemática universal na propia Wikipedia.

persoais ou políticos dun momento concreto da vida municipal do concello, co que, e por efecto do ciclo electoral, ás veces, os irmandamentos fican apenas como papeis simbólicos sen proxección na cidadanía nin continuidade.

- *Simbolismo*. Aínda que exista un consenso fundamentado nunhas determinadas motivacións unificadoras, se o convenio de colaboración non está fundado tamén nun programa de actividades que impliquen produción social nun horizonte realista de posibilidades, a irmandade fica de novo reducida a un acto protocolario e simbólico que non trascende a “estrutura espiritual” do consistorio, transmitindo á cidadanía confusión e malgasto (executivo e económico).

- *Participación cidadá*. O irmandamento debe ser o acto protocolario entre os representantes políticos e as institucións municipais polo que se articula un proceso de irmandade ás dúas beiras da sociedade civil. Deste razoamento elemental sobre o significado da irmandade como produtora e dinamizadora social, inferimos que de non contar coa implicación e a complicidade do movemento asociativo local, ben por medio dun comité de irmandamento clásico, ou por medio dunha xestión activa por parte dunha área específica do concello como articulador/coordinador/enredador entre as asociacións locais e a irmandade, o protocolo será de novo unha actividade municipal que só implicará os políticos profesionais, co que á cidadanía seralle transmitida tan só unha práctica de “elitismo de políticos locais”.

- *Insuficiencia orzamentaria*. Malia a que na proposición final deste traballo apostaremos polos modelos de irmandamentos que reduzan no máximo os custes das actividades, a

dotación orzamentaria mínima debe estar presente de xeito constante, aínda que só resultase dela o suficiente para sufragar o proceso informativo para a consecución da participación cidadá e das diferentes entidades privadas e asociativas culturais que participasen do programa de irmandamento.

- *Número de Irmandades.* Ás veces, un proceso exitoso de irmandade xera expectativas desbordadas na xestación de novos pactos, co que a inflación de relacións internacionais acaba por desvirtuar o irmandamento que estaba a funcionar correctamente.

Toda esta problemática aquí presentada está relacionada coa mala imaxe (que non debemos negar), das irmandades como espazo privilexiado para as elites políticas locais. As veces con mala fe, mais en moitos casos cheos de boas ilusións, o proceso de xermolación do irmandamento e posterior desenvolvemento da irmandade fracasa por razóns estruturais que debían ter sido tomadas en conta. Estes fracasos, que se constatan maioritariamente na avaliación do IGADI de 2002, obrígnanos a falar do modelo clásico (contextualizado no proceso e evolución deste capítulo) para posicionar no seguinte punto deste capítulo os irmandamentos nas súas potenciais capacidades na nova sociedade-rede.

Desta observación, e da interrelación de todas elas, no resumo executivo deste estudo decidimos elaborar unha guía básica de boas prácticas para a xestación e desenvolvemento dunha irmandade, que integre dende un modelo ideal de “deber ser”, a máxima capacidade produtora e de conexión dos irmandamentos como instrumentos de desenvolvemento local na sociedade-rede.

3.6. As irmandades na sociedade-rede

As irmandades interestatais entre concellos son unha realidade con cincuenta anos de tradición europea e universal, configurados hoxe como produto complexo da evolución desa tradición propia europea e as diferentes lóxicas globais interrelacionadas deste traballo. Estas lóxicas comprenden o desenvolvemento da informática e das TICs e a globalización como fenómeno económico (coa liberalización de mercados), político (coas rexionalizacións e agrupacións en rede), e cultural (co aumento de relacións globais e a imposición dos sistemas multimedia), que dan lugar á irremediable sociedade-rede, coa redefinición e resignificación do concepto de goberno local, co que iso implicará para a redefinición das ferramentas de política local orientadas á relación co exterior, e xurdidas precisamente ao inicio desa tradición co final da Segunda Guerra Mundial.

Desta evolución xorden, necesariamente, no novo escenario novas lóxicas de funcionamento que superan os modelos tradicionais, centrados no establecemento de relacións a dous, nos que a ausencia de planificación previa e a implementación sectorial e non transversal baleira de contidos efectivos á relación de irmandade, consolidando o simbolismo como categoría negativa de procesos non planificados, lastrando diante da cidadanía a imaxe da ferramenta de desenvolvemento local por excelencia, como vimos previamente no modelo tradicional que desenvolvemos.

Este modelo, no que o comité de irmandamento era institución obrigada no modelo teórico, mais case nunca atopaba reflexo na vida real, é hoxe un modelo obsoleto, tanto pola baixa

capacidade de aportar sinerxías positivas na interrelación entre as dúas partes, como pola incapacidade de producir auténtico capital social ao ser mínima a participación cidadá. Ao tempo, é obsoleto dende o punto de vista operativo e alén das irmandades, na cooperación descentralizada, xa que no financiamento de actividades por medio de subvencións europeas ou calquera outras, o diagnóstico, a planificación, a implicación de actores locais, os obxectivos definidos ou a transversalidade das accións son condicións obrigadas na presentación de calquera proxecto potencialmente subvencionable.

Agora, o obxectivo e tese principal deste traballo será contextualizar sinteticamente a ferramenta local dos irmandamentos nos novos contextos dos gobernos locais, como ferramentas evoluídas de desenvolvemento local *orgware* (como ligazóns á sociedade-rede) e ferramentas de desenvolvemento local *software* (como mecanismos de produción social adaptada ás especificidades da sociedade-rede).

O irmandamento como ferramenta revalorizada na sociedade-rede:

Porque:

- Tanto as comunicacións reais como as virtuais están facilitadas.
- A hibridación de coñecementos é o elemento chave na sociedade da información para a consecución de produtividade e a súa configuración organizativa na sociedade-rede.
- A participación cidadá e a necesidade de xerar capital social están na base da lexitimación dos sistemas de representación.

- A cidadanía precisa de estratexias de capacitación e desenvolvemento integral adaptadas aos tempos.
- O desenvolvemento local na sociedade-rede obriga á participación en redes asociativas segundo intereses, no ámbito interno, mais tamén no externo coa súa dimensión internacional.
- Tras 50 anos de historia de irmandamentos municipais podemos extraer conclusións sobre as arestas positivas e negativas do modelo que desenvolvimos para potenciar as positivas, e tentar reducir as negativas.

As irmandades como mecanismos de cohesión e produción social orientados á sociedade-rede

Despois de medio século de percorrido institucional na vida municipal europea, os irmandamentos son patrimonio dende abaixo do proceso comunitario e un dos sinais de identidade de calquera entelequia, máis ou menos real, de cidadanía europea no interior da UE. Cóntanse por centos de miles as entradas en Google das diferentes designacións idiomáticas existentes para a realidade das irmandades intermunicipais como mecanismo de cooperación internacional descentralizada. Están na Internet, representadas e posicionadas, existen de maneira global e interactúan tanto en foros virtuais coma reais, e polo tanto son a mellor expresión relacional dos gobernos locais na sociedade-rede. Expresión relacional que é así o mecanismo de ligazón que emprega (consciente ou inconscientemente) calquera concello irmandado do mundo para adentrarse e incorporarse ás lóxicas relacionais (dende abaixo) do novo escenario de goberno e desenvolvemento local.

O *orgware* local ten que ver co instrumental potenciador da capacidade organizativa do concello nesa relación interna e externa co ambiente. Dicíamos no primeiro capítulo que a relevancia desta dimensión *orgware* é un proceso emerxente nos novos modelos integrados de desenvolvemento local (coa introdución e interrelación das políticas económicas, socioculturais e territoriais adaptándose ás esixencias do novo modelo), xerando unha dimensión nova e uniforme (o *orgware*) no que o papel das TICs faise central e determinante. O *orgware* incide sobre o asociacionismo, na estimulación dos actores a participar e interrelacionarse, ou na implementación de métodos de coordinación entre os entes públicos, privados, e os propios da sociedade civil municipal. Son os protocolos estandarizados formais e informais de acción que desenvolven a planificación e a transversalidade do desenvolvemento local na sociedade-rede. O *orgware* local é o soporte organizativo da produción de *capital social*, que seguindo a Barreiro Cabestany “son as institucións, o conxunto de relacións, actitudes e valores que determinan as interrelacións entre persoas e que implican á súa vez a existencia dunha rede social que produce beneficios e utilidades ás persoas que participan”.

A nosa primeira tese operativa é que as irmandades poden ser na sociedade-rede mecanismos para o desenvolvemento do capital social do concello, musculando a dimensión *orgware* dos gobernos locais, tanto nunha dimensión interna, centrada nas relacións tecidas e por tecer entre os diferentes actores locais na maximización das sinerxías colectivas no interior dos comités, asociacións de irmandamento, como nas reunións máis ou menos formalizadas dende unha dirección operativa do concello

por medio dunha rede non formalizada. E tamén dende unha dimensión externa, na relación do concello coas redes internacionais de cooperación descentralizada, e da propia sociedade civil (incluíndo empresas e institucións) que participa da irmandade conectándose a elas.

Deste xeito, a capacidade de entrar en contacto, por medio da irmandade, con novas fontes de información, coñecemento, e relacionamento, desenvólvense por medio da dimensión *orgware* do concello; na unión operativa á sociedade-rede que representa o irmandamento, que de chegar (as informacións, os coñecementos e as relacións), estarán orientadas positivamente segundo as necesidades e capacidades do noso concello, tanto nas necesidades como na capacidade para administrar información e coñecementos, e maximizar as sinerxías das relacións que estableza, dende os programas e lóxicas de planificación existentes, integrándoas nun todo con sentido operativo, nese obxectivo final de desenvolvemento integral.

A segunda tese, de novo irremediabilmente ligada á primeira, céntrase no papel da irmandade no desenvolvemento de *software* local, que ten que ver coa capacitación dos diferentes recursos humanos e organizativos, de novo dende a perspectiva relacional definidora do novo contexto. Así, a cualificación dos recursos humanos (transversal e interxeracionalmente), pilar definidor da sociedade da información, abre novos ángulos de intervención necesarios. Son estes os grandes instrumentos revalorizados do desenvolvemento local na sociedade-rede, formados por todas aquelas iniciativas que incidan sobre aspectos cualitativos e de carácter inmaterial: o capital intanxible da comunidade local onde se implementen.

Así, o irmandamento é un **mecanismo de produción social** adaptado ás especificidades da sociedade-rede, no momento en que se desenvolven actividades que impliquen a actores aos dous lados da irmandade. Nestas actividades, a planificación e a transversalidade cobran un sentido excepcional, xa que as irmandades, pola súa capacidade de flexibilidade absoluta (xa que na interacción, que debe ser diagnosticada cun sentido operativo, as posibilidades son infinitas) multiplican os procesos potencialmente a desenvolver entre os dous lados do irmandamento.

Desta maneira, como mecanismo de conexión coa sociedade-rede, a implementación dun irmandamento e posterior irmandade, duplica a súa importancia na complexidade crecente da sociedade internacional ao implicar as entidades asociativas e as persoas nun proceso de aprendizaxe, de capacitación, na relación co exterior (tan presente agora nas realidades locais da sociedade-rede). E así, como mecanismo de conexión, reforza a dimensión *orgware* do concello e das súas entidades, como mecanismo de produción social implementa unha estratexia transversal (para o conxunto dos cidadáns e asociacións, e todas as áreas de xestión municipal) para trascender o *uprating* cultural, que nunha definición simple serían aquelas marcas fortes da cultura que modelan a nosa realidade local, mediante as crenzas ou a linguaxe e que imposibilitan as relacións adecuadas co ambiente exterior⁵¹.

Xuventude que aprende a se interrelacionar nos contextos globais (aprendendo linguas, por exemplo), técnicos do concello

51 MORIN (2005).

que reciben transferencia de recursos técnico-organizativos no contacto con técnicos afastados da súa realidade diaria, entidades que asimilan modelos de actividades e organizativos doutras entidades que tamén traballan dende o local como nivel máis próximo á cidadanía, a cultura autóctona situada na interacción con culturas remotas... poderían ser algúns dos exemplos parciais de produción social, consecuencia directa dun programa de irmandade, que planificado e integrado representa unha estratexia integral por transcender o *uprating* cultural do concello, ou sexa, unha estratexia de capacitación á cidadanía e as institucións, privadas, públicas e da sociedade civil, para relacionarse eficientemente na sociedade-rede.

Por último, sinalar que calquera revalorización dos irmandamentos na política local galega debe pasar primeiramente pola posta en valor da articulación de mecanismos de cooperación descentralizada nas novas estratexias de desenvolvemento local, transcendendo as lóxicas folclóricas que actualmente significan esta ferramenta diante das respectivas sociedades civís.

Pasaremos agora á dimensión avaliadora deste traballo, no que presentaremos a metodoloxía e os datos recollidos durante a nosa investigación social, o que nos dará a posibilidade de completar e actualizar o traballo do IGADI de 2002 para modelar a nosa rede internacional de irmandamentos como unha rede paradiplomática propia da sociedade-rede, como un agregado de apoio para a acción exterior da Xunta de Galicia, e musculación da participación cidadá na súa dimensión local.

Segunda parte:

DIMENSIÓN AVALIATIVA

1. METODOLOXÍA

Unha vez presentado o escenario teórico deste estudo entramos agora na súa fase explorativa-avaliativa. *Explorativa*, porque non poderemos falar dunha radiografía de tipo institucional e formal ao existir unha serie de deficiencias estruturais na relación entre os gobernos locais e a materia obxecto de estudo (os irmandamentos, relacionados coa problemática universal exposta na dimensión teórica, e explicitada no modelo presentado pola investigación do IGADI no 2002), que nos impiden falar dunha presentación de datos oficial *strictu sensu*. E *avaliativa*, en tanto que nas diferentes fases da investigación establecemos criterios de valor, para categorizar, segundo a capacidade de produción social e a ligazón á sociedade-rede, ás irmandades identificadas en base ás informacións subministradas polos diferentes suxeitos que nos facilitaron a información dos 315 concello galegos. Con maiores recursos e capacidades, a posibilidade de elaborar un rexistro sen fisuras de ningún tipo debería ser a lóxica inicial de quen quixese revalorizar esta rede internacional galega.

Pasaremos agora a detallar cal foi a metodoloxía desenvolvida na extracción dos datos aquí presentados.

A idea que queríamos representar era a dunha radiografía completa da latente rede galega de irmandades co exterior. Unha aproximación descritiva ao modelo de irmandamentos galegos, que nos especificase a cantidade, a distribución territorial e as motivacións iniciais do seu desenvolvemento, e non só, a calidade e cantidade das actividades e programas que ofrecían como ferramenta de desenvolvemento local. Para sabermos o que temos e o que non temos, contamos dende o comezo coas deficiencias estruturais que mencionamos ao longo do modelo clásico presentado, para construír así información relevante en base ás nosas capacidades⁵².

Así, o primeiro a delimitar foi o propio concepto de irmandade, xa que a realidade complexa dos tempos multiplica os contactos entre actores locais, que agregado á mala comprensión destes dende unha visión funcional-operativa, leva á confusión e a sinonimia de conceptos diferentes. Xa reflexemos o concepto no apartado teórico do estudo, así que á hora de operativizar o concepto para a nosa investigación limitámolo á sinatura formal no concello dun protocolo de irmandamento cunha entidade local externa á da Comunidade Autónoma Galega (co que introducimos tanto as irmandades interestatais, como as propias que se desenvolven dende os concellos galegos co resto do Estado).

Esta definición permitiunos diferenciar entre irmandamentos e calquera outro tipo de cooperación local. Esta discriminación inicial configurou a base do que sería o noso

52 MORÍN (2005).

primeiro nivel de análise, categorizando inicialmente tres posibles situacións nos concellos galegos: irmandados, non irmandados, e outras accións exteriores.

O primeiro nivel de análise completaría-se para comezar a dar sentido á nosa radiografía co rexistro dos territorios irmandados, os anos de sinatura dos protocolos e as motivacións iniciais dos irmandamentos.

Máis alá da confusión do termo, constábanos do traballo do IGADI do 2002 que no mundo municipal galego os irmandamentos eran unha peza maioritariamente mal tratada, principalmente a consecuencia do ciclo electoral, que traspapelaba acordos contextualizados nunha toma de decisións pouco consistente e sen valor estratéxico por persoas individuais, os alcaldes ou algún membro da corporación, que nun momento ou noutro, deixan atrás a vida municipal. Os protocolos de irmandade quedaban así ligados a persoas dun e doutro lado da irmandade sen motivacións nin obxectivos claros, consolidándose a final de contas o mero valor simbólico do acordo asinado. Nesa cadea de deficiencias desaparece a produción social potencial da ferramenta e deixa en estado latente (adormecida) a capacidade que teña de articularse como ligazón na sociedade-rede.

En base a esta conclusión inicial, produto do traballo previo do 2002, decidimos deseñar un cuestionario que nos permitise antes de nada realizar unha discriminación entre aquelas irmandades que, identificadas, dividiríamos entre activas e simbólicas en función das visitas e actividades realizadas dende a sinatura ate o momento da investigación. Ese será o noso segundo nivel de análise.

Outra das advertencias explícitas que recollemos da avaliación do 2002 foi o preaviso de confusión diante de calquera intento da recollida de datos. As confusións co concepto, o ciclo electoral, o cambio de persoas e a indefinición de programas operativos traslada ou trasladou a moitos expedientes de irmandamentos á última estantería do arquivo municipal, convertíndoos en moitos casos nunha reliquia, que moitas veces só (re)lembra traballos de investigación como o presente.

Ante a preocupación pola transmisión confusa da información, decidimos identificar o/a Secretario/a do concello como a persoa axeitada para responder inicialmente á nosa chamada telefónica, co interrogante inicial sobre a existencia ou non, dunha sinatura de irmandade no concello (selección realizada en base ao xuízo previo que dadas as características funcionais do posto de Secretario/a se lles presupón).

Posteriormente, e sempre que a resposta fose afirmativa (isto é, cando falamos dun concello irmandado), canalizar-nos ao/á Encarregado/a Municipal de Irmandamentos (EMI dende agora, que sería aquela persoa no concello identificada como a responsable de atender as diferentes actividades que un irmandamento pode desenvolver). O EMI sería desta maneira o canalizador cara a recollida de información detallada que nos permitise profundizar nese primeiro nivel de análise onde fariamos a radiografía da nosa rede latente de irmandades: anos, territorios irmandados e motivacións iniciais, ao tempo que sería quen nos axudaría a diferenciar entre aquelas irmandades activas e aquelas irmandades simbólicas parte do segundo nivel de análise.

Porén, en moitos casos tivémonos que limitar a un vello expediente ou aos saberes dos máis lonxeiros do concello, xa fose porque non había EMI, porque o Secretario chegara recentemente á vida municipal, ou o Secretario consciente dun protocolo de irmandamento pasado era á súa vez consciente do simbolismo do mesmo (co que evidentemente moitas veces non había posibilidades de responder ás preguntas iniciais dende ningunha instancia do concello).

Ao finalizarmos a recollida de datos, fomos conscientes de que deberíamos realizar unha última discriminación, xa que deducíamos que existían grandes diferenzas no nivel de actividade dos diferentes irmandamentos activos. Polo tanto, realizamos un segundo cuestionario vía *e-mail* para completar e profundizar nos datos recollidos por medio do cuestionario telefónico, para desglosar con maior sentido explicativo o que sucedía naquelas irmandades onde os fluxos de información seguían activos (direccións electrónicas que recellemos dos EMI no proceso telefónico inicial), e así, diferenciarmos entre os irmandamentos “activos de primeira categoría” e os “simplemente activos”. Considerando os primeiros como aqueles que incorporaban o mundo asociativo municipal e mantiñan un contacto regular e constante no tempo cun programa de actividades definido. E os simplemente activos, como aqueles que manteñen relacións activas mais sen demasiada participación social, ou aqueles que, tendo participación social, non se articulan en actividades constantes, senón que as actividades aparecen indeterminadamente e sen un plan específico de acción. Este foi o noso terceiro nivel de análise.

Advertimos xa que os datos aquí presentados son unha ferramenta para achegarnos a comprender o complexo fenómeno dos irmandamentos dende un enfoque pertinente, que nos axude a comprender os seus sentidos e os seus resultados, sempre dende as limitacións que o propio modelo posúe, e as propias, tamén, da recollida de datos telefónica.

Pasemos agora a presentar os datos recollidos segundo os niveis de análise presentados.

2. ANÁLISE DOS DATOS: GALICIA 2009

2.1. Análise dos datos: primeiro nivel de análise

Concellos irmandados, non irmandados e outras accións exteriores.


Como sinalábamos na presentación metodolóxica, o noso primeiro punto para definir o modelo galego de irmandamentos foi, mediante a batería total de chamadas telefónicas ao universo íntegro municipal galego (os 315 concellos⁵³), definir *quen* estaba irmandado e *quen* non (en base aos criterios operativos explicitados na metodoloxía), e quen adoptara estratexias previas á sinatura dun irmandamento, como intercambios, reunións ou algún programa específico desenvolvido (normalmente no ámbito europeo), etiquetado na nosa táboa resumo como “outras accións exteriores”.

53 Chamadas realizadas ao total dos concellos galegos, 315, durante os meses de xaneiro e febreiro nas oficinas do IGADI en Baiona.

Desta maneira presentamos os seguintes datos:

Gráfico 1. Visión xeral da presenza de irmandades en Galicia

	Nº de concellos	% respecto ao total
Irmandados	84	26,67%
Non irmandados	213	67,62%
Outras accións exteriores	18	5,71%
TOTAIS	315	100,00%



- Irmandados
- Non irmandados
- Outras accións exteriores

COMENTARIO 1:

O total de concellos galegos irmandados é de 84, o que representa o 26,67% da porcentaxe total de unidades municipais galegas. Os non irmandados, a grande maioría, un 68,05%, represéntanse correlativamente cos concellos pequenos (e tamén medios) de Galicia, co que deducimos que a necesidade, ou a vontade, de querer relacionarse co exterior é maior naqueles concellos onde existe unha masa crítica poboacional que de lugar a ferramentas de acción exterior local vinculadas á participación cidadá.

Cómpre sinalar que este 67,62% de concellos non irmandados está, tamén, inevitablemente ligado ás dinámicas da gobernanza e do goberno multinivel na procura do seu desenvolvemento local, e polo tanto exposto a contactos máis ou menos directos, máis ou menos formalizados, con institucións exteriores e nomeadamente europeas, máis alá de que nunca se teñan proposto manter unha actitude proactiva cos territorios situados alén das nosas fronteiras estatais.

Igualmente, cómpre destacar que en moitos dos concellos irmandados (especialmente nas cidades), as estratexias de cooperación descentralizada esténdense máis alá das irmandades á infinidade de acordos parciais ou actividades programadas para períodos temporais concretos, en oposición ás irmandades, que nacen cunha vontade indefinida no tempo.

Con isto queremos enfatizar, que a cooperación descentralizada, (que nace cos irmandamentos), evoluiu de múltiples e variadas maneiras, e que unhas accións non eliminan as outras, senón que así (mediante distintas agregacións de cooperación descentralizada) é como se constrúen os modelos

paradiplomáticos e internacionalizadores dos gobernos locais no séc. XXI.

Un exemplo explicativo desta situación é a do concello de Verín, irmandado coa localidade alemá de Bergen nos anos 90, mais que na actualidade atópase inmerso no desenvolvemento da Eurocidade con Chaves, nun exemplo paradigmático da cooperación descentralizada na sociedade-rede no noso ambiente europeo.

Por último, neste primeiro ollar referirémonos ao 5,71% doutras accións exteriores, representados por 16 concellos que realizaron diferentes actividades de relación co exterior mais que non se concretizaron en irmandamentos formais, senón en relacións de amizade e de cooperación por medio de visitas e viaxes, intercambios, ou programas definidos cun final explícito no tempo. Terían pois, estes 16 concellos, iniciado o camiño para cooperación intergubernamentais de obxectivos maiores.

**Representación por provincias dos concellos irmandados,
non irmandados e outras accións exteriores**

A CORUÑA		% respecto ao total
Irmandados	32	34,04%
Non irmandados	56	59,57%
Accións exteriores	6	6,38%
TOTAL	94	100,00%

LUGO		% respecto ao total
Irmandados	19	28,36%
Non irmandados	45	67,16%
Accións exteriores	3	4,48%
TOTAL	67	100,00%

OURENSE		% respecto ao total
Irmandados	9	9,78%
Non irmandados	77	83,70%
Accións exteriores	6	6,52%
TOTAL	92	100,00%

PONTEVEDRA		% respecto ao total
Irmandados	24	38,71%
Non irmandados	34	54,84%
Accións exteriores	4	6,45%
TOTAL	62	100,00%

COMENTARIO 2:

Cando os nosos datos agregados a nivel galego son separados no reparto provincial, non podemos máis que constatar a tradicional división do territorio galego entre as provincias atlánticas e as do interior. Así, A Coruña e Pontevedra chegan respectivamente a porcentaxes do 34,04% e do 38,71% de concellos irmandados, situándose as dúas provincias dez puntos por riba da media autonómica, á que se adecúa o papel da provincia de Lugo, con 19 irmandamentos e unha representación total do 28,36%, mais no que a provincia de Ourense desmárcase, con

tan só 9 concellos irmandados dun universo total de 92, o que representa tan só o 9,78% do total de concellos da provincia.

En relación ás outras accións exteriores atopamos unha proporcionalidade case exacta entre as 4 provincias. Destacable é que nos 6 casos da provincia de Ourense o recoñecemento de fronteiras (protoirmandades transfronteirizas, baseadas na boa veciñanza) son os mecanismos locais de relación e cooperación.

Pasemos agora a presentar a relación de irmandamentos asinados en Galicia.

Os irmandamentos galegos

A CORUÑA			
Concello	Localidade	Estado	Nº
A Coruña	Brest, Bretaña	Francia	2
	Recife	Brasil	
Ames	Dept. Jalapa, San Carlos Alzatate	Guatemala	1
Arteixo	Amgala (Sahara)	Sahara	2
	Requejo de Sanabria, Zamora	España	
Boqueixón	Tarxien	Malta	5
	Cotgrave	Reino Unido	
	Tutarkan	Bulgaria	
	Holloko	Hungría	
	Crecentino	Italia	
Cabana de Bergantiños	Treize Septiers, Bretaña	Francia	1
Cambre	Hall (Tirol)	Austria	1

Carballo	L' Ile Jourdain, Bretaña	Francia	1
Carnota	Puerto del Rosario, Fuerteventura	España	1
Cedeira	Paimpont, Bretaña	Francia	1
Cee	Sahara	Sahara	1
Corcubión	Legavre, (Loire, Bretaña)	Francia	1
Coristanco	Guyonniere, Bretaña	Francia	1
Ferrol	Vila do Conde	Portugal	3
	Agueda	Portugal	
	Viana do Castelo	Portugal	
Fisterra	Avellaneda, Bos Aires	Arxentina	3
	Sant Andreu, Catalunya	España	
	Cadaqués, Catalunya	España	
Mazaricos	Rudiano	Italia	1
Melide	Coleccio	Italia	4
	Lodz	Polonia	
	Almirante Brown	Arxentina	
	Castrogeriz, Castilla León	España	
Muros	San Bartolomé, Lanzarote	España	1
Muxía	La Oliva, Canarias	España	2
	Los Barrios, Canarias	España	
Neda	Algeciras, Andalucía	España	1
Negreira	Vicente de López	Arxentina	2
	Serzedo	Portugal	
Noia	Estarreja	Portugal	2
	Wilaya (frente saharahui, rexión de Mahbres)	Sahara	

O Pino	Occento	Italia	1
Oroso	Gois	Portugal	1
Outes	Boticas	Portugal	1
Padrón	Noirmoutier, Bretaña	Francia	1
Ponteceso	Avintes	Portugal	1
Pontes de García Rodríguez	Lesneven, Bretaña	Francia	3
	Carmander	Reino Unido	
	Vila de Arroyo Naranjo	Cuba	
Ribeira	Adege, Canarias	España	2
	Newward, New York	EUA	
Santa Comba	Río de Janeiro	Brasil	1
Santiago de Compostela	Barcelona	España	3
	Caracas	Venezuela	
	Santiago de Cuba	Cuba	
Sobrado	Bercetto	Italia	1
Vimianzo	Sta Marta de Tera, Zamora	España	1
LUGO			
Concello	Localidade	Estado	Nº
Burela	São Miguel de Arcanjo	Cabo Verde	1
Castro de Rei	Plounevez-Quintin, Bretaña	Francia	1
Castroverde	Castro Verde, Beja	Portugal	3
	Castro Verde de Campos, Valladolid	España	
	Castro Verde de Ferrato, Zamora	España	

Cervo	Cervo	Italia	2
	Tijola, Andalucía	España	
Chantada	La Guancha, Canarias	España	1
Foz	Tregastel, Bretaña	Francia	1
Láncara	La Lisa	Cuba	1
Lugo	Dinan, Bretaña	Francia	2
	Viana do Castelo	Portugal	
Mondoñedo	Treguier, Bretaña	Francia	1
Monforte de Lemos	Mahbes (Smara)	Sahara	1
O Incio	Andújar, Andalucía	España	1
Palas de Rei	Plouay	Francia	1
Portomarín	Lliça Damunt, Catalunya	España	1
Quiroga	Quiroga	Arxentina	2
	Di Maro	Italia	
Ribadeo	Loctudy, Bretaña	Francia	1
Samos	Calviá, Mallorca	España	1
Sarria	Guerledan (rexión que acolle o cantón de Mur, que son os 5 concellos conectados)	Francia	1
Vilalba	Collado Villalba, Madrid	España	1
Viveiro	Lannion, Bretaña	Francia	2
	La Habana Vieja	Cuba	
OURENSE			
Concello	Localidade	Estado	Nº
A Gudiña	Puebla de los Ángeles	México	1

A Rúa	Almendralejo, Madrid	España	1
Carballiño	Vicente López	Arxentina	1
Celanova	Santo Tirso	Portugal	3
	Guadix, Andalucía	España	
	Rubí, Catalunya	España	
Monterrei	Monterrey	México	1
O Irixo	Vicente Lopez	Arxentina	1
Ourense	Quimper, Bretaña	Francia	4
	VilaReal	Portugal	
	Tlalnepantla	México	
	Plaza de la Revolución	Cuba	
Verín	Bergen	Alemaña	1
Xinzo de Limia	Ponte de Lima	Portugal	1
PONTEVEDRA			
Concello	Localidade	Estado	Nº
A Cañiza	Los Arabos	Cuba	1
A Estrada	Bluefields	Nicaragua	2
	Almonte, Andalucía	España	
A Guarda	Santo Domingo de Guzmán	Rep. Dominicana	1
As Neves	Canton Lege, SUROESTE, grupo de 3 concellos, Corque sur Logne, Lege, Toubois.	Francia	1
Baiona	Pornic, Bretaña	Francia	4
	Palos de la Frontera. Andalucía	España	

	Rafael Freire	Cuba	
	Vila do Bispo	Portugal	
Cambados	Le Vivier Sur Mer, Bretaña	Francia	1
Campo Lameiro	Aguas Nuevas, Castilla La Mancha	España	1
Cangas	Laxes do Pico, Azores	Portugal	1
Catoira	Frederikssund	Dinamarca	2
	West Somerset	Reino Unido	
Covelo	Geneston, Bretaña sul	Francia	1
Gondomar	Gondomar	Portugal	1
Lalín	Chascomús	Arxentina	3
	Lalinde, Périgord	Francia	
	Escaldes/Engordany	Andorra	
Marín	Ann Funnes, Córdoba	Arxentina	1
Moaña	Pedroso, Vilanova de Gaia	Portugal	1
Ponteareas	New Port	Reino Unido	4
	Orotava, Tenerife	España	
	Monavar, Alicante	España	
	Illa de Wight	Reino Unido	
Pontevedra	Gondomar	Portugal	6
	Barcelos	Portugal	
	Vilanova de Cereira	Portugal	
	Nafpaktos	Grecia	
	San José	Costa Rica	
	Merlo	Arxentina	

Redondela	Monção	Portugal	1
Salceda de Caselas	Ador, Valencia	España	1
Silleda	Morón	Arxentina	1
Tui	Frómista, Palencia	España	1
Vigo	Lorient, Bretaña	Francia	2
	Porto	Portugal	
Vila de Cruces	Campana	Arxentina	1
Vilagarcía de Arousa	Matosinhos	Portugal	2
	Stade	Alemaña	
Vilanova de Arousa	Cuxhaven	Alemania	1
		TOTAL:	133
			1,58

COMENTARIO 3:

Debemos advertir, como xa fixemos na metodoloxía, que a relación que aquí se expón dos irmandamentos asinados ate hoxe en Galicia ten un carácter dedutivo, xa que na pesquisa de datos telefónica non podemos visualizar, ter nas nosas mans, o protocolo de irmandamento necesario para ser este considerado, como tal práctica de cooperación descentralizada, específica e diferenciada doutras.

Advirtase, que malia a termos tentado ser rigorosos e concisos na recollida da información, insistindo na necesidade de ter asinado un protocolo formal para entrar na nosa categoría de irmandamento, detectamos, en relación coa táboa xerada na investigación do 2002, datos que poden facernos sospeitar sobre a

comprensión ou non do que é un irmandamento de tipo legal entre concellos á hora de responder telefonicamente, xa que algunhas das irmandades reseñadas nos datos do 2002⁵⁴ foron absolutamente negadas nesta nova aproximación, co que deducimos, que na actual situación de aparición crecente de mecanismos de cooperación descentralizada, a delimitación de conceptos que xorden e xiran en relación a técnicas cooperativas de dimensión internacional non están absolutamente delimitados, quer por falta de formación ou por falta de interese.

Sen embargo, consideramos que na relación entre capacidades, custos e necesidades, a táboa aquí presentada é a mellor posible, dado que o irmandamento, malia a estar ligado na nosa definición operativa a un elemento legalista como a sinatura do protocolo, quere implicar sobre todo relacións de cooperación amistosas, case de fraternidade, cooperativas entre municipalidades afastadas por fronteiras estatais e propiamente físicas, co que nas respostas, máis ou menos formalizadas dos diferentes técnicos dos concellos, estase a explicitar esa relación máis ou menos desenvolvida, máis ou menos activa, que algún día foi de irmandade, mais alá da existencia ou non do protocolo formal e legal que configura a posibilidade de procurar subvencións europeas.

COMENTARIO 4:

Contabilizamos un total de 133 sinaturas de irmandamento, que implican un total de 84 concellos galegos.

Podemos inferir primeiramente que a dinámica xeral é asinar só un irmandamento, mais que son un total de 27 concellos

54 Pobra de Trives, Allariz, Oleiros, ou Tomiño aparecían na relación do 2002 como concellos irmandados, e foron negadas ao longo desta investigación.

(sobre os 84 implicados, ou sexa, algo menos da terceira parte) os que asinan dous ou máis, destacando as actividades relacionais das cidades (Pontevedra e Ourense, con 6 e 4 respectivamente) e as de diferentes concellos axitados con esta práctica cooperativa, destacando desta maneira concellos como Baiona, Melide, Boqueixón ou Pontearreas con catro irmandades asinadas. Desta decisión de multiplicar as irmandades falaremos máis adiante, por agora tan só tomemos consciencia da rede intercontinental que dende o poder local galego se conectou á sociedade-rede nestes cincuenta anos de experiencia de cooperación descentralizada.⁵⁵

Territorios, anos, motivacións iniciais, áreas de xestión e *Europe for Citizens*

Será neste momento, no que unha vez identificados o total de irmandamentos galegos, comecemos a dar sentido ao modelo da rede galega. Con este obxectivo introducimos no noso cuestionario elemental⁵⁶ preguntas que nos obrigasen a saber a distribución xeográfica das nosas irmandades, a evolución anual do número total de irmandades, as motivacións iniciáticas que levaron ás sinaturas destes irmandamentos, a área de xestión dende onde se coordinan os mesmos e o coñecemento e a introdución en Galicia do programa europeo *Europe for Citizens*, programa institucional da UE de apoio aos irmandamentos.

55 Esta relación aquí presentada prestou especial atención á constitución legal do irmandamento por medio do protocolo para ser contextualizada na lóxica europea na que non integramos, mais non descartamos que as relacións de irmandade (sen irmandamentos) sexan máis numerosas.

56 Ver Anexo 1.

Territorios e reparto provincial

GALICIA		
	TOTAL IRMANDADES	
UE	68	51,13%
E. Español	31	23,31%
América	29	21,80%
Outros	5	3,76%
TOTAL GALICIA	133	100%

A CORUÑA		
	TOTAL IRMANDADES	
UE	28	52,83%
E. Español	12	22,64%
América	10	18,87%
Outros	3	5,66%
TOTAL GALICIA	53	100%

LUGO		
	TOTAL IRMANDADES	
UE	12	48,00%
E. Español	8	32,00%
América	3	12,00%
Outros	2	8,00%
TOTAL GALICIA	25	100%

OURENSE		
	TOTAL IRMANDADES	
UE	5	35,71%
E. Español	3	21,43%
América	6	42,86%
Outros	0	0
TOTAL GALICIA	14	100%

PONTEVEDRA		
	TOTAL IRMANDADES	
UE	23	56,10%
E. Español	8	19,51%
América	10	24,39%
Outros	0	0
TOTAL GALICIA	41	100%

COMENTARIO 5:

A lóxica integral deste traballo recoñece a substancia elemental europea (comunitaria) como motor de desenvolvemento da rede de irmandamentos galega, española e continental en xeral. Ese elemento constituinte defínese nesta primeira ollada aos datos, ao comprobar que 51,13% dos irmandamentos galegos teñen como destino territorial países membros da UE, ou sexa, 68 irmandamentos sobre un universo de 133. Por provincias cómpre destacar que a conexión coa UE é máis persistente nas provincias de A Coruña e Pontevedra ca en Lugo e Ourense.

COMENTARIO 6:

Como Comunidade Autónoma asumimos dende a recollida de datos a importancia de revelar o número total de irmandades entre concellos galegos e concellos no interior do Estado, para coñecer a penetración desta ferramenta de cooperación descentralizada tamén co noso nivel político máis próximo, e tentar comprender así que motivacións poderíamos atopar nesas irmandades intra-estatais. Nunha primeira ollada observamos un total de 31 irmandamentos asinados intraestado, o que re-

presenta un 23,31% do total de irmandamentos, nos que destaca proporcionalmente Lugo con 8, representando, sobre o seu total, o 32%.

A importancia relativa destas irmandades ven sustentada en dous factores que nos foron en moitas ocasións explicitadas na recollida de datos: o relevante papel da FEMP co seu servizo de irmandamentos (que tamén coordina os intraestatais) e a evidente facilidade para a comunicación que supoñen as redes de transporte nunha distancia menor. Máis adiante, cando coñezamos o destino destas 31 irmandades de xeito agregado estaremos en disposición de expor algo máis sobre o sentido dos irmandamentos intraestatais da rede galega de irmandamentos.

COMENTARIO 7:

Como terceiro destino físico dos nosos irmandamentos sobresaen cun 21,8% das irmandades as relacións transatlánticas que nos conectan ao continente americano. Son un total de 29 irmandamentos, que na provincia de Ourense, cun total de 6, chegan a representar o 42,86%. Este dato faise relevante, xa que Ourense é a única provincia na que prima o destino americano sobre o europeo.

COMENTARIO 8:

Os outros destinos territoriais son marxinais mais cómpre explicitalos, xa que modelan os sentidos da nosa relación co exterior. Así, destaca o irmandamento coa localidade caboverdiana de São Miguel de Arcanjo en Burela que revela a dimensión internacionalizadora que a inmigración necesariamente activa, e, doutra banda, os 4 irmandamentos con localidades saharauis

fannos tamén inferir nas conexións co modelo español proposto pola FEMP que enfatizaba a conexión co norte de África en relación ao pasado colonial español.

Desagregaremos agora os datos dos diferentes bloques para tentar descifrar os seus diferentes sentidos

Con quen na Unión Europea?

UE	A Coruña	Pontevedra	Ourense	Lugo	TOTAL	%
Francia	8	6	1	8	23	33,82%
Portugal	8	10	3	2	23	33,82%
Italia	5	0	0	2	7	10,29%
Reino Unido	2	3	0	0	5	7,35%
Alemaña	0	2	1	0	3	4,41%
Austria	1	0	0	0	1	
Bulgaria	1	0	0	0	1	
Hungría	1	0	0	0	1	
Malta	1	0	0	0	1	
Polonia	1	0	0	0	1	
Dinamarca	0	1	0	0	1	
Grecia	0	1	0	0	1	
	28	23	5	12	68	100%

COMENTARIO 9:

O dato máis salientable deste reparto europeo de destinos relaciónase coa importancia relativa dos nosos “veciños estaís”: Francia e Portugal, ao representaren máis de 67% no total dos irmandamentos de destino europeo, atopando de novo

unha conexión co modelo español que tamén acentuaba a relación de irmandamentos cos veciños estatais.

Os 5 irmandamentos con Inglaterra relaciónanse directamente con irmandamentos motivados polo plurilingüismo e o intercambio entre centros de estudos, e os 3 con Alemaña nacen de relacións coa diáspora galega.

Pola súa banda, nos 7 irmandamentos con Italia, igual que no resto de irmandamentos con estados europeos (a excepción do caso alemán), non atopamos ningunha dinámica uniforme explicativa, situación á que voltaremos nas conclusións finais, xa que unha das nosas teses é que a ausencia de lóxicas explicativas fortes adoita conlevar ao simbolismo do irmandamento.

COMENTARIO 10:

Esta táboa ten, detrás das fronteiras estatais, unha das lóxicas fortes do noso modelo de irmandamentos, xa que dos 23 asinados con Francia, un total de 21 concéntranse na rexión da Bretaña francesa.

Tamén cómpre destacar que esa rede de irmandamentos con Portugal de 23 irmandades non deixa de ser un reforzo de diplomacia urbana ao proxecto eurorrexional, e a vinculación lingüística inevitable co mundo da lusofonía, que tamén se plasma naquel irmandamento de Burela con São Miguel de Arcanjo en Cabo Verde.

Con quen dentro do Estado español?

E. ESPAÑOL	A Coruña	Pontevedra	Ourense	Lugo	TOTAL	
Canarias	5	1	0	1	7	22,58%
Catalunya	3	0	1	1	5	16,13%
Castilla León	3	1	0	2	6	19,35%
Andalucía	1	2	1	2	6	19,35%
Valencia	0	2	0	0	2	
Castilla La Mancha	0	1	0	0	1	
Andorra	0	1	0	0	1	
Madrid	0	0	1	1	2	
Baleares	0	0	0	1	1	
	12	8	3	8	31	100%

COMENTARIO 11:

Os irmandamentos con localidades españolas están relacionados directamente coa emigración interior e coa converxencia de motivacións históricas, culturais e relixiosas.

Con estes presupostos, destaca o primeiro lugar dos irmandamentos coa Comunidade Autónoma de Canarias, dependente nun cento por cento da emigración galega dos anos 90 a ese destino.

Catalunya, Castilla León e Andalucía son as outras tres Comunidades Autónomas receptoras de irmandamentos, nos que as motivacións varían das razóns históricas, culturais e relixiosas, ás propias da estimulación do turismo como estratexia de desenvolvemento local propia da sociedade-rede.

Con quen en América?

AMÉRICA	A Coruña	Pontevedra	Ourense	Lugo	TOTAL	%
Argentina	3	5	2	1	11	37,93%
Cuba	2	2	1	2	7	24,14%
Brasil	2	0	0	0	2	
Guatemala	1	0	0	0	1	
Venezuela	1	0	0	0	1	
EUA	1	0	0	0	1	
Costa Rica	0	1	0	0	1	
Nicaragua	0	1	0	0	1	
República Dominicana	0	1	0	0	1	
México	0	0	3	0	3	
	10	10	6	3	29	100%

COMENTARIO 12:

Será con esta táboa coa que recoñezamos outra lóxica forte do noso modelo xa que a sobrerepresentación de Arxentina e Cuba e as motivacións da totalidade dos irmandamentos americanos vincúlense máis ou menos intensamente coa diáspora galega presente nas Américas tanto de primeiros de século como de entreguerras.

Destaca o irmandamento de Santa Comba con Rio de Janeiro por medio da comunidade local galega alí representada (procedente de Santa Comba como é deducible), e o de Ribeira con Neward, distrito de New York, no que cohabitan a comunidade

galega⁵⁷, española e portuguesa. Tamén destaca a vinculación ourensá cos irmandamentos mexicanos.

Quen son os outros?

Outros	A Coruña	Pontevedra	Ourense	Lugo	TOTAL	
Sahara	3	0	0	1	4	
Cabo Verde	0	0	0	1	1	
	3	0	0	2	5	100%

COMENTARIO 13:

Contabilízanse 4 irmandamentos con localidades saharauis (tres na provincia da Coruña e o outro en Lugo), o que nos fai percibir o traballo de diferentes organizacións solidarias a prol do Sáhara. Tamén, e produto da inmigración caboverdiana en Galicia, o asinado dende a cámara de Burela con São Miguel de Arcanjo reflicte a flexibilidade do concepto de irmandade e irmandamento xa que dende Burela son moitas máis as accións que ligan a súa comunidade co Estado caboverdiano, presente na inmigración lucense por medio de cadeas migratorias.

57 A partcipe do popular anuncio televisivo da rede de supermercados GADIS *Vivamos coma galegos.*

En que anos?

(estimativo)

GALICIA		
1. Antes de 1990	8	9,41%
2. 1990-1995	13	15,29%
3. 1996-2001	34	40,00%
4. 2002 en adiante	30	35,29%
	85	100%
	133	

COMENTARIO 14:

Debemos advertir de novo que non sempre puidemos recoller o ano de asinatura do irmandamento dados os problemas na recollida de datos que sufrimos ante as deficiencias estruturais da relación dos gobernos locais coas súas irmandades, mais consideramos que son os suficientes (85 sobre 133) para ter uns datos estimativos sobre a evolución da práctica dos irmandamentos en Galicia.

Así, podemos observar o proceso expansivo das irmandades como expresaba o modelo proposto pola FEMP, que comeza na década de 1980 coa sinatura de irmandades como a de Baiona con Palos de la Frontera no 1977 ou as de Xinzo de Limia con Ponte de Lima do 1988, ou Vigo con Porto e Lorient no 1983 e 1985 respectivamente.

Proceso expansivo que ten o seu *boom* na década de 1990, o que relacionaríamos coas diferentes teses expostas no desenvolvemento teórico deste traballo sobre a relevancia da globalización no desenvolvemento da sociedade-rede, e un lixeiro

retraiemento no desenvolvemento de irmandades nos primeiros anos do séc. XXI como consecuencia directa da estimulación por parte da UE dos irmandamentos ligados ao alargamento institucional desta, o cal fixo reducir amplamente as axudas europeas aos irmandamentos na beira occidental do continente.

Motivacións iniciais da irmandade

GALICIA		
Emigración	23	24%
Características Similares	22	23%
Europa (multilingüismo)	18	19%
Histórico-culturais	17	18%
Cooperación	9	9%
Eurorrexión	8	8%
	97	100%

COMENTARIO 15:

Chegamos agora a un momento definitivo na identificación do modelo galego de irmandamentos xa que desglosaremos as motivacións iniciais que levaron ás comunidades locais galegas a relacionárense co exterior. Igual que na gráfica referente á evolución anual da sinatura de irmandamentos, para a elaboración desta tamén debemos presentar as conclusións como estimativas, xa que non sempre puidemos coñecer a motivación inicial dos irmandamentos (97/133). Cómpre sinalar que as respostas ofrecidas polos EMI foron moito máis variadas, (e en moitas ocasións, e como se debería esperar, multicausais) que as etiquetas

aquí representadas, elaboradas nun esforzo simplificador e explicativo do noso modelo (para facelo pertinente).

COMENTARIO 16:

Ao longo de todo o traballo presentamos os irmandamentos como resultado dunha lóxica *glocal*, composta tanto de trazos uniformizadores da sociedade-rede, como dos propios e específicos da sociedade local onde estes se desenvolven.

A visualización desta táboa resulta explícita arredor da tese exposta no estudo teórico, xa que como primeiro factor identificador do modelo galego aparece a conexión emigrante, diaspórica, que xa podíamos intuír dado o papel enraizador, identificador e relacionador dela no desenvolvemento de Galicia na sociedade-rede. No segundo lugar, aparece a etiqueta de “características similares”, na que recoñecemos aquelas motivacións clásicas como similitudes poboacionais, toponímicas, de produtividade local... serían estas as motivacións básicas que incentivan un acordo de cooperación e nas que introducimos aquelas irmandades produto de “coincidencias” e contactos de veciños ou entidades locais nas súas relacións na sociedade-rede. No terceiro lugar aparece o elemento comunitario, a substancia europea elemental, no que tamén incluímos as motivacións de multilingüismo ao aparecer en moitas ocasións relacionadas. No cuarto destácanse os factores histórico-culturais, definidos aquí como aquelas motivacións que conectan tradicións histórico-relixiosas, simbólicas, entre as dúas localidades e que son explicitadas como prioritarias na motivación inicial do irmandamento. No quinto aparecen os irmandamentos-cooperación, e no sexto, e cunha vontade explícita de ser destacada aparece a conexión coa *Eurorrexión*.

COMENTARIO 17:

Cómpre destacar que o elemento bretón identificado nos irmandamentos con Francia está relacionado tanto co europeísmo como coas características histórico-culturais ao ser considerado o celtismo como conexión entre a comunidade galega e a comunidade bretoa.

Hai que sinalar tamén que os irmandamentos con Portugal, máis alá daqueles que enfatizan o papel da Eurorexión, relaciónase igualmente coas “características similares”, o europeísmo e as conexións culturais e histórico-relixiosas.

Quen xestiona?

GALICIA		
Non teñen	25	29,76%
Outros (destacan emprego e turismo)	17	20,24%
Alcaldía	16	19,05%
Cultura	12	14,29%
Protocolo	8	9,52%
Comités	6	7,14%
	84	100%

COMENTARIO 18:

Na nosa tentativa de radiografar o modelo galego e conectalo á nosa estratexia metodolóxica, a identificación do EMI, o rol deste nas tarefas do concello facíase relevante para explicitar as lóxicas inconscientes do noso modelo de irmandamentos. Desta maneira, esta táboa funciona como transición explicativa

perfeita ao noso segundo nivel de análise, xa que no primeiro lugar sobre quen xestiona as irmandades galegas non se atopa ninguén, isto é, no 30% dos irmandamentos galegos identificados ninguén ten comprometido entre as súas tarefas a coordinación do irmandamento, o que será variable explicativa directa do simbolismo dunha porcentaxe elevada de irmandamentos do noso modelo, composto por 84 concellos irmandados, e dos que sabemos xa que en 25 ningunha persoa é especificamente responsable do seu acompañamento.

COMENTARIO 19:

Ao mesmo tempo, coñecer a área de xestión sinalaranos, como dicíamos, os sentidos inconscientes dos irmandamentos galegos.

Desta maneira, a categoría “outros”, primeira clasificada con 20,24%, representa a flexibilidade que estas actividades poden incorporar, e así, malia a destacaren as áreas de turismo e emprego, tamén atopamos irmandades xestionadas dende as áreas de urbanismo, xuventude, benestar social... o que dará reflexo tamén da confusión e ás veces pouco consistente integración da irmandade na planificación do traballo local.

Na segunda posición aparecen as alcaldías como centros coordinadores, o que aparentemente parece a mellor solución para integrar globalmente a irmandade no concello. Na terceira aparecen as concellalías de cultura, o cal poderíamos relacionar coas lóxicas orixinarias de recoñecemento mutuo e de identificación local no rol das irmandades galegas. Na cuarta aparece a área de protocolo, de forma correlacionada nun cento por cento co papel que as cidades designan ás súas irmandades. E

xa por último, cun baixo 7% aparecerá o control dos irmandamentos por parte de comités ou asociacións da sociedade civil, que tamén, e enlazando de novo co segundo nivel de análise, correlacionaranse ao cento por cento coas irmandades activas de primeira categoría.

Europe for Citizens, coñécese?

Europe for Citizens		
Coñecen	50	59,52%
Non coñecen	34	40,48%
TOTAL	84	100,00%

COMENTARIO 20:

Por último, neste primeiro nivel de análise quixemos saber sobre o coñecemento ou non nos concellos galegos irmandados do programa Europa para os Cidadáns da Dirección Xeral de Educación e Cultura da UE, vixente dende o 2007 e cunha proxección ate o 2013.

Como resulta evidente, naqueles concellos onde nin seque teñen EMI a dificultade de responder crecía exponencialmente. De todas maneiras, os técnicos locais que nos respondían acostumaban estar relacionados coas áreas de cultura ou de animación sociocultural polo que eran igualmente preguntados, ao ser os potencialmente máis interesados en coñecer, e poder así responder sobre o coñecemento ou non do programa.

Os datos, como veremos máis adiante, están directamente relacionados coa distinción do segundo nivel entre activos e simbólicos. Así, 59,52% coñecen o programa (no que sempre se

destaca o papel das deputacións no rol de informador), fronte a 40,48% que din non saber nada del. Destacar tamén que malia ao coñecemento, o resultado final deste é case intrascendente, xa que tan só tres irmandades⁵⁸ recibiron subvencións europeas dende o comezo do andamento do programa.

2.2. Segundo nivel de análise

Distinción entre “activos” e “simbólicos”

Como explicamos na metodoloxía e no propio traballo teórico, os irmandamentos son ferramentas de desenvolvemento local que expresan a complexidade dos tempos e que segundo os estudos previos sobre a materia posuían unha serie de deficiencias estruturais que se representaban a nivel planetario na relación que os gobernos locais establecen con eles. A máis relevante é o simbolismo, a situación final dos irmandamentos que morren por inactividade, pasividade, malas planificacións ou simplemente malas decisións.

Desta certeza, amplamente constatada no traballo do IGA-DI de 2002 decidimos implementar un cuestionario que nos permitise distinguir entre aquelas irmandades que se manteñen activas mediante contacto e actividades máis ou menos constantes, e aquelas nas que a relación morrera, xa fose por unha mudanza produto do ciclo electoral, a inactividade, a pasividade ou por problemas organizativos endóxenos.

Desta maneira distinguimos entre aqueles concellos que se relacionaban activamente con algún dos seus irmandamentos, e

58 Catoira, As Pontes e Sarria.

aqueles nos que o irmandamento ou irmandamentos tan só estaban na estrutura “espiritual” do concello. Esta diferenciación operativizámola da seguinte maneira: simbólicos serían aqueles nos que non houbera EMI (aqueles concellos irmandados onde o informador foi un técnico/traballador do concello/secretario, sen capacidade real para informar), situación absolutamente relacionada con aqueles nos que facía máis de cinco anos da última visita ou actividade, e aqueles nos que a pesar de existir EMI, o mesmo recoñecía o seu carácter simbólico. Esta diferenciación realizábase ao comezo da implementación do cuestionario ou no desenvolvemento do mesmo, o que deu o seguinte cadro final explicativo da relación real dos concellos cos seus irmandamentos:

A CORUÑA	
ACTIVOS	SIMBÓLICOS
A Coruña	Arteixo
As Pontes de García Rodríguez	Carnota
Ames	Cedeira
Boqueixón	Cee
Cabana de Bergantiños	Corcubión
Cambre	Ferrol
Carballo	Mazaricos
Coristanco	Melide
Fisterra	Muros
Muxía	Negreira
Neda	Noia

Oroso	O Pino
Outes	Sobrado
Padrón	
Ponteceso	
Ribeira	
Santa Comba	
Santiago de Compostela	
Vimianzo	

LUGO

<i>ACTIVOS</i>	<i>SIMBÓLICOS</i>
Burela	Chantada
Castro de Rei	Monforte de Lemos
Castroverde	Portomarín
Cervo	Quiroga
Foz	
Láncara	
Lugo	
Mondoñedo	
O Incio	
Palas de Rei	
Ribadeo	
Samos	
Sarria	
Vilalba	
Viveiro	

OURENSE

<i>ACTIVOS</i>	<i>SIMBÓLICOS</i>
A Gudiña	A Rúa

Carballiño	Monterrei
Celanova	O Irixo
Ourense	Verín
	Xinzo de Limia

PONTEVEDRA	
<i>ACTIVOS</i>	<i>SIMBÓLICOS</i>
A Estrada	A Cañiza
As Neves	A Guarda
Baiona	Cangas
Cambados	Gondomar
Campo Lameiro	Marín
Catoira	Silleda
Covelo	Vigo
Lalín	Vila de Cruces
Moaña	
Ponteareas	
Pontevedra	
Redondela	
Salceda de Caselas	
Tui	
Vilagarcía de Arousa	

COMENTARIO:

Este segundo nivel de análise permítenos adentrarnos na realidade do modelo galego de irmandamentos ao discriminar entre activos e simbólicos, e comezar a saber o que realmente

acontece con eles. As táboas indican que existe un total de 54 concellos que se relacionan coas súas irmandades de maneira activa (o que representa 64,29% do total dos concellos irmandados), que por si mesmas só implican unha visita nos últimos cinco anos e o mantemento de contactos esporádicos máis ou menos enraizados.

Os outros 30 concellos fan un uso completamente simbólico, mais cómpre destacar, porén, que existen diferentes clases de simbolismo: mentres algún implica cando menos unha felicitación de Nadal por *e-mail*, noutros só coñecen o asunto por unha vella placa nun corredor do edificio consistorial. Temos que resaltar tamén que nas explicacións recibidas dende estes concellos identificouse como razón principal do simbolismo o ciclo electoral.

Cómpre sinalar, antes de rematar coas referencias aos simbólicos, que algúns concellos, como o de Cedeira, están a pensar seriamente na reactivación do seu irmandamento con Paimpont. Isto deixa constancia da valoración que os irmandamentos simbólicos implican, xa que a presenza dunha experiencia previa facilitará calquera novo impulso de conexión á sociedade rede.

Pasemos agora ao terceiro nivel, que se sitúa na mesma lóxica que este, ao tentar medir máis en profundidade co que contamos e co que non, en base a esta primeira discriminación.

2.3. Terceiro nivel de análise

Ao final da recolleita de datos resultaba que, mentres uns concellos activos organizaban actividades que implicaban a mi-

lleiros de cidadáns do seu concello durante anos consecutivos, outros limitábanse a cruzarse mensaxes e a organizar algún xantar cada dous ou tres anos. Da necesidade de dar conta destes diferentes relacionamentos co irmandamento implementamos este terceiro nivel de análise.

Deste xeito precisábase medir dalgunha maneira a calidade, distinguir as boas prácticas identificadas dentro do conxunto total de irmandades activas, xa que un irmandamento activo non implicaba por si mesmo unha ligazón á sociedade-rede nin mecanismos de produción social adaptada a esta. Queríamos, en suma, medir o apoio social presente ou non desta rede galega. Desta maneira decidímonos a establecer unha diferenciación entre os simplemente activos e os activos de primeira categoría, que segundo o noso modelo teórico serían aqueles irmandamentos adaptados ás lóxicas da sociedade-rede ao se vincularen e enlazaren consistentemente nunha irmandade que conseguise implicar á sociedade civil local⁵⁹. Os simplemente activos serían así aqueles que manteñen viva a irmandade mais de maneira pouco consistente, con visitas e actividades indeterminadas, nun contexto onde prima a conexión entre políticos e técnicos locais sobre a implicación do asociacionismo local.

Así, en función da frecuencia das visitas, de quen participase nelas (para medir a calidade, a respecto da produtividade potencial para a irmandade) e o tipo de actividades realizadas, configuramos este terceiro nivel de análise, que completamos

59 Serían aqueles encadrados na lóxica presentada no segundo capítulo *Os irmandamentos na sociedade-rede*, adecuados para participar do programa europeo *Europe for Citizens*.

cos datos extraídos no cuestionario telefónico, cun *mailing*⁶⁰ no que demandábamos unha maior precisión sobre determinadas áreas da irmandade e información dixitalizada para vulgar a calidade da irmandade segundo o noso modelo teórico.

Os resultados foron os seguintes:

Categorías das Irmandades		
Activos 1ª	15	17,86%
Activos	39	46,43%
Simbólicos	30	35,71%
TOTAL	84	100,00%

A CORUÑA		
Activos 1ª	4	12,50%
Activos	15	46,88%
Simbólicos	13	40,63%
TOTAL	32	100%
LUGO		
Activos 1ª	4	21,05%
Activos	11	57,89%
Simbólicos	4	21,05%
TOTAL	19	100,00%
OURENSE		
Activos 1ª	1	11,11%
Activos	3	33,33%
Simbólicos	5	55,56%
TOTAL	9	100,00%

60 Ollar Anexo 2.

	PONTEVEDRA	
Activos 1ª	6	25,00%
Activos	10	41,67%
Simbólicos	8	33,33%
TOTAL	24	100%

COMENTARIO 1:

Como explicamos previamente, para realizar a distinción aquí presentada empregamos datos obtidos no cuestionario telefónico sobre as visitas realizadas, a participación destas e a programación de actividades. Estes datos, que por si mesmos resultaban bastante explicativos e axudarán xa a discriminar no segundo nivel entre activos e simbólicos, foron completados por un *mailing* onde se preguntaba explicitamente por determinadas áreas do irmandamento. Debemos advertir que tal *mailing* non foi efectivo, xa que apenas recibimos resposta de 12 irmandamentos, o que se correlacionou case ao 100 por 100 coas irmandades activas de primeira categoría. En calquera caso, os datos recibidos vía *mail* axudaron a complementar as informacións e a achegarnos con maior profundidade ao que acontece e non acontece, mais non foron determinantes na categorización aquí presentada.

COMENTARIO 2:

As táboas aquí expostas definen, dentro das limitación xe-ras ás que nos referimos en varias ocasións, a realidade aplicada dos irmandamentos en Galicia, o capital social e as capacidades de conexión dos irmandamentos no novo contexto.

Existen 15 irmandamentos que son *de facto* irmandades, con vínculos consistentes baseados na confianza e a cooperación que xeran ligazóns á sociedade-rede e producen socialmente adaptadas a esta. Se cómpre destacar algo é que a totalidade de irmandamentos dirixidos por asociacións ou comités están nesta categoría, e que nos casos onde o irmandamento é dirixido dende o concello e consegue situarse nesta categoría atopamos unha moi clara delimitación da súa xestión, como paradigmaticamente expresan os irmandamentos en Baiona, onde existe unha concellaría específica de pobos irmáns.

Estas serían os seguintes:

1ª CATEGORÍA DE ACTIVOS		
A CORUÑA		
Concello	Localidade	Estado
Cabana de Bergantiños	Treize Septier, Bretaña	Francia
Carballo	L'Íle Jourdain, Bretaña	Francia
Ponteceso	Avintes	Portugal
Pontes de García Rodríguez	Lesneven, Carmander, Villa de Arroyo Naranjo	Francia, Reino Unido e Cuba
LUGO		
Concello	Localidade	Estado
Castro de Rei	Plounevez-Quintin, Bretaña	Francia
Castroverde	Castro Verde (Beja), Castro Verde de Campos (Valladolid), Castro Verde de Ferrato (Zamora)	Portugal, España, España

Sarria	Guerledan, rexión que acolle o cantón de Mur, que implica 5 concellos conectados na Bretaña	Francia
Viveiro	Lannion-Bretaña, La Habana	Francia, Cuba
OURENSE		
Concello	Localidade	Estado
Celanova	Santo Tirso, Guadix, Rubí	Portugal, Andalucía, Catalunya.
PONTEVEDRA		
Concello	Localidade	Estado
As Neves	Canton Lege, (suroeste), grupo de 3 concellos, Corque sur Logne, Lege, Toubois	Francia
Baiona	Pornic, Palos de la Frontera, Andrés Freire, Vila do Bispo	Francia, España, Cuba, Portugal
Catoira	Frederikssund, West Somerset	Dinamarca, Inglaterra
Covelo	Geneston, Bretaña sul	Francia
Moaña	Pedroso, Vilanova de Gaia	Portugal
Redondela	Monçao	Portugal

Como observamos, a substancia europea prima nas irmandades activas de primeira categoría, con especial destaque, principalmente, da esencia bretona e o relacionamento con Portugal. Tamén destacan os triángulos portugués-español que fan en Castroverde por medio da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde, ou en Baiona por medio da Concellalía xa citada⁶¹ que participa tamén da esencia bretona co irmanda-

61 Integrado nunha lóxica operativa arredor dos vínculos entre Baiona, Palos de la Frontera e Santa Fé de Granada no descubrimento de América (a chegada

mento con Pornic. Resulta inevitable falar dos irmandamentos de Carballo e Sarria, activos dende 1994 e 1999 respectivamente, e que anualmente implican non só as súas sociedades civís por medio de actividades, viaxes ou conferencias, senón que estimulan e incentivan a participar ás cidadanías dos concellos periféricos con miles de persoas xa beneficiadas do traballo de base desenvolvido dende o asociacionismo local. En Ourense só destaca o traballo realizado por Celanova que dende a Concella-lía de Cultura realiza intercambios escolares e distintas actividades socioculturais tanto con Santo Tirso en Portugal como con Guadix e Rubí dentro do propio Estado. No comezo dos anos 90 destaca a irmandade danesa de Catoira, esencial na súa estratexia de relacionamento co exterior, e dende os anos 90 tamén, e como unhas das irmandades máis significativas e con maior participación cidadá atópase a das Pontes de García Rodríguez con Lesneven e Carmander, configurando un triángulo céltico en rede dirixido dende a asociación local do irmandamento. Por último, destacar o traballo en Bergantiños dende a área de emprego implicando nas actividades ao empresariado local para o intercambio de experiencias que abre novas flexibilidades non presentes no modelo tradicional galego de irmandamentos.

COMENTARIO 3:

Trinta e nove concellos dun total de 84 relaciónanse co seu irmandamento de maneira activa, mais pouco consistentemente para desenvolver as potencialidades desta ferramenta local nos ambientes actuais. Estes concellos conseguen man-

das carabelas descubridoras, a "Arribada").

ter viva a irmandade, activa, mediante contactos intermitentes mais presentes, e a configuración esporádica de actividades e visitas, maioritariamente en función de festas locais. En total representan case 50% dos irmandamentos galegos, o que nos da unha imaxe da saúde do sector, maioritariamente activo, mais perigosamente próximo ao simbolismo ao non articular programas de actividades consistentes.

Sen máis, e unha vez presentados os datos recollidos e a súa análise pasaremos agora á identificación do modelo galego de irmandamentos a modo de conclusión.

3. CONCLUSIÓNS

3.1. O modelo galego de irmandamentos

Comecemos estas conclusións por lembrar que un dos obxectivos iniciais deste estudo consistía en identificar os sentidos da rede internacional (latente) que para Galicia supón o desenvolvemento das 133 irmandades de carácter local aquí presentadas. Unha das nosas teses iniciais foi que esta rede tería trazos *glocais*, ao conxugárense as características esenciais da sociedade-rede coas especificidades que presentamos como galegos. Esta rede, máis ou menos activa, máis ou menos consciente da súa existencia, representa a principal rede de paradiplomacia urbana galega como expresión de cooperación descentralizada.

Os obxectivos desta conclusión serán, primeiramente, explicitar un modelo en base á teoría de redes presentada no marco teórico sobre esta **Rede Galega de Irmandamentos (RGI)**. Advertimos dende xa que tal modelo non quere ser a definición exacta dun patrón científico tradicional, mais unha ferramenta para podermos saber, ou achegarnos a saber, asumindo as limi-

tacións na recollida de datos, con que lóxicas nos relacionamos cara ao exterior para identificar potenciais pontes, ligazóns, para o reforzo da nosa xa inevitable proxección exterior como sociedade no mundo.

Introdución

No primeiro capítulo deste estudo presentamos un marco teórico-contextual que quería adentrarnos nas principais lóxicas deste traballo, enfatizando a relevancia da teoría de redes sociais no enfoque do mesmo. Agora, sen querermos facer un exercicio de ciencia ficción nin de refinada teoría social, achegarémonos a aqueles conceptos iniciais para saber como nos poden axudar a entender o modelo galego de irmandamentos, empregándoos da maneira máis pertinentemente correcta.

Cómpre indicar que os nodos serán as nosas unidades de análise, que no noso modelo serán os concellos galegos irmandados, os 84, xa que os mesmos, activos e simbólicos (nas súas 133 irmandades), forman parte dela enchéndoa de sentido, aínda que uns se relacionen activamente coa rede, e os simbólicos, tan só formen parte dela dunha maneira latente, ligada por un relacionamento-intercambio pasado, e un protocolo legal, formal (o criterio legal que codificou a clasificación da nosa rede) aínda que cun intercambio (a relación que se establece entre vínculos) nulo, mais potencialmente activable en base ao contido do vínculo pasado.

O sistema de vínculos e redes paradiplomáticas

Primeiramente, e para identificar o sentido do modelo internacional de irmandamentos observaremos os diferentes vín-

culos que se establecen ou estableceron no pasado (nos simbólicos) para identificar o sistema de vínculos elemental da nosa rede e recoñecer así as especificidades que a modelan.

O sistema de vínculos prioritario (pertinente para a elaboración do noso modelo) virá definido desta maneira polos territorios elixidos para se irmandar e as motivacións iniciais que expuxemos no primeiro nivel de análise.

Territorios

GALICIA		
	TOTAL IRMANDADES	
Unión Europea	68	51,13%
Estado Español	31	23,31%
América	29	21,80%
Outros	5	3,76%
TOTAL GALICIA	133	100%

Motivacións iniciais da irmandade

GALICIA		
Emigración	23	24%
Características similares	22	23%
Europa (multilingüismo)	18	19%
Histórico-relixioso	17	18%
Cooperación	9	9%
Eurorrexión	8	8%
	97	100%

O noso modelo, que sabemos dende a nosa dimensión teórica, tería unha substancia europea elemental, como trazo globalizador de calquera modelo galego exterior. Representábase aquí nos datos con máis de cincuenta por cento das irmandades: 68 sobre 133 representan conexións co ámbito territorial da Unión Europea.

A súa vez, a emigración, como específico motivo de 23 irmandades posiciónase como un elemento definidor forte da rede galega.

Comecemos, pois, por analizar os vínculos territoriais, para despois contrastalos coas motivacións expresadas.

Sabíamos previamente da relación do modelo español cos veciños de fronteira, Francia e Portugal, o que agora advertimos que no caso galego se representa con maior intensidade, representando un 66% do total de irmandades coa UE dende Galicia.

Con Francia, máis alá da proximidade física, únenos a “cultura céltica”, e esta afirmación nace desa liña forte identificada na análise dos datos, ese vínculo intensamente bretón da rede galega, que se representaba en 21 das 23 irmandades con Francia.⁶² Deste xeito presentamos aquí o que consideramos o vínculo máis forte e representativo da nosa rede, (como veremos posteriormente cando analizemos o apoio social), o vínculo céltico/bretón, esencial como especificidade propia do noso modelo, e que se representa na seguinte rede paradiplomática:

62 Na que descubrimos que tivo unha relevancia total o Comité de Amizade Galicia-Bretaña ao longo destes últimos vinte anos. www.celticidade.blogaliza.org

REDE GALEGO-BRETONA		
A Coruña	Brest	Francia
As Neves	Canton Lege, (suroeste), grupo de 3 concellos, Corque sur Logne, Lege, Toubois	Francia
Baiona	Pornic	Francia
Cabana de Bergantiños	Treize Septier	Francia
Cambados	Le Vivier Sur Mer	Francia
Carballo	L'Île Jourdain	Francia
Castro de Rei	Plounevez-Quintin	Francia
Corcubión	Legavre, Loire	Francia
Coristanco	Guyonniere	Francia
Covelo	Geneston, (Bretaña sul)	Francia
Foz	Tregastel	Francia
Lugo	Dinan	Francia
Mondoñedo	Treguier	Francia
Ourense	Quimper	Francia
Padrón	Noirmoutier	Francia
Palas de Rei	Plouay	Francia
Pontes de García Rodríguez	Lesneven	Francia
Ribadeo	Loctudy	Francia
Sarria	Guerledan (Canton de mur)	Francia
Vigo	Lorient	Francia
Viveiro	Lannion	Francia

A súa vez, con Portugal únenos unha fronteira física, unha Eurorrexión, e un vínculo cultural, lingüístico. Con Portugal mantemos un total de 23 irmandades nas que, en moitas, explicitouse o vínculo eurorrexional da mesma, ao tempo que o europeoísta ou a existencia de características similares. Esta é a rede paradiplomática establecida polo noso modelo con Portugal.

REDE GALEGO-PORTUGUESA		
Baiona	Vila do Bispo	Portugal
Cangas	Laxes do Pico (Açores)	Portugal
Castroverde	Castroverde	Portugal
Celanova	Santo Tirso	Portugal
Ferrol	Vila do Conde	Portugal
	Agueda	Portugal
	Viana do Castelo	Portugal
Gondomar	Gondomar	Portugal
Lugo	Viana do Castelo	Portugal
Moaña	Pedroso, Vilanova de Gaia	Portugal
Negreira	Serzedo	Portugal
Noia	Estarreja	Portugal
Oroso	Gois	Portugal
Ourense	Vila Real	Portugal
Outes	Boticas	Portugal
Ponteceso	Avintes	Portugal
Pontevedra	Gondomar	Portugal
	Barcelos	Portugal
	Vilanova da Cerveira	Portugal
Redondela	Monção	Portugal
Vigo	Porto	Portugal
Vilagarcía de Arousa	Matosinhos	Portugal
Xinzo de Limia	Ponte da Lima	Portugal

No noso modelo tamén debemos ter presente a intensidade dos relacionamentos co resto de España que chegan a 23,31% do total con 31 irmandamentos asinados. A emigración interior é unha das razóns prioritarias neste vínculo, especificamente no caso de Canarias, con 7 irmandamentos asinados. Tamén razóns relixiosas como as de Neda ou Vimianzo, ou culturais como as de Castroverde.

Esta é a rede galego-española:

REDE GALEGO-ESPAÑOLA		
A Estrada	Almonte	Andalucía
A Rúa	Almendralejo	Madrid
Arteixo	Requejo de Sanabria	CastillaLeón
Baiona	Palos de la Frontera	Andalucía
Campo Lameiro	Aguas Nuevas	Castilla La Mancha
Carnota	Puerto del Rosario	Canarias
Celanova	Guadix	Andalucía
	Rubí	Catalunya
Cervo	Tijola	Andalucía
Chantada	La Guancha	Canarias
Fisterra	Sant Andreu	Catalunya
	Cadaqués	Catalunya
Melide	Castrogeriz	CastillaLeón
Muros	San Bartolomé	Canarias
Muxía	La Oliva	Canarias
Neda	Algeciras	Andalucía
O Incio	Andújar	Andalucía
Ponteareas	Orotava	Canarias
Portomarín	Lliça Damunt	Catalunya

Ribeira	Adege-Tenerife	Canarias
	Los Barrios	Canarias
Santiago de Compostela	Barcelona	Catalunya
Tui	Fromista	Castilla la Mancha
Vilalba	Collado Villalba	Madrid
Vimianzo	Sta Marta de Tera, Zamora	CastillaLeón

Seguindo a mesma lóxica identificamos unha rede americana composta prioritariamente polo elemento diaspórico, con 20 irmandamentos vinculados a ela, e 9 con proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Ten as súas “capitais” en Arxentina e Cuba, cunha compoñente mexicana de procedencia ourensá a destacar.

REDE GALEGO-AMERICANA		
REDE ARXENTINA		
Carballiño	Vicente López	Arxentina
Fisterra	Avellaneda (Bos Aires)	Arxentina
Lalín	Chascomús	Arxentina
Marín	Ann Funnes, Córdoba	Arxentina
Melide	Almirante Brown	Arxentina
Negreira	Vicente de López	Arxentina
O Irixo	Vicente Lopez	Arxentina
Pontevedra	Merlo	Arxentina
Quiroga	Quiroga	Arxentina
Silleda	Morón	Arxentina
Vila de Cruces	Campana	Arxentina
REDE CUBANA		
A Cañiza	Los Arabos	Cuba

Baiona	Rafael Freire	Cuba
Láncara	La Lisa	Cuba
Ourense	Plaza de la Revolución	Cuba
Pontes de García Rodríguez	Vila de Arroyo Naranjo	Cuba
Santiago de Compostela	Santiago de Cuba	Cuba
Viveiro	La Habana	Cuba
REDE MEXICANO-OURENSÁ		
A Coruña	Recife	Brasil
A Estrada	Bluefields	Nicaragua
A Guarda	Santo Domingo de Guzmán	Rep Dominicana
A Gudiña	Puebla de los Ángeles	México
Ames	Dept. Jalapa, San Carlos Alzatate	Guatemala
Monterrei	Monterrey	México
Ourense	Tlalnepantla	México
Pontevedra	San José	Costa Rica
Ribeira	Newward, (New York)	EUA
Santa Comba	Rio de Janeiro	Brasil

Temos, pois, unha rede americana, que explicita as súas posibilidades na variante arxentina e cubana, e unha modalidade propia ourensá conectada a México.

Unha vez definidas as redes territoriais e os diferentes rasgos específicos do noso modelo contrastarémolos unha vez máis coas motivacións iniciais destes.

Así, a substancia elemental europea, debe correlacionarse no modelo total da nosa rede de irmandamentos, tamén nun cincuenta por cento coa substancia diaspórica, que amosa as súas esencias no noso modelo coa forte compoñente que repre-

senta na rede americana, mais non só: tamén na española (con Canarias como expoñente máximo) e na europea, con aquelas tres irmandades en Alemaña.

Presentamos aquí a rede diaspórica, na que non ausentamos as irmandades mexicano-ourensás, xa que as mesmas quixeron ser definidas como produto de vínculos histórico-culturais, que non a emigración especificamente.

REDE DIASPÓRICA			
Concello	Localidade	Estado	Motivación inicial
A Guarda	Santo Domingo de Guzmán	República Dominicana	Emigración
As Neves	Canton Lege	Francia	Emigración
A Rúa	Almendralejo	Madrid	Emigración
Carballiño	Vicente López...	Arxentina	Emigración
Carnota	Puerto del Rosario	Canarias	Emigración
Chantada	La Guancha	Canarias	Emigración
Fisterra	Avellaneda (Bos Aires), Sant Andreu (Cat), Cadaqués (Cat)	Arxentina	Emigración
Lalín	Chascomús	Arxentina	Emigración
Marín	Ann Funnes, Córdoba	Arxentina	Emigración
Muros	Almirante Brown	Arxentina	Emigración
	San Bartolomé	Canarias	Emigración
Muxía	La Oliva	Canarias	Emigración
	Los Barrios	Canarias	Emigración
O Irixo	Vicente Lopez	Arxentina	Emigración
Portomarín	Lliça Damunt	Catalunya	Emigración
Ribeira	Neward, New York	EUA	Emigración

Ribeira	Adege Tenerife/ Newward, (New York)	Canarias	Emigración
Samos	Calviá	Baleares	Emigración
Santa Comba	Río de Janeiro	Brasil	Emigración
Silleda	Morón	Arxentina	Emigración
Verín	Bergen	Alemaña	Emigración
Vila de Cruces	Campana	Arxentina	Emigración
Vilanova de Arousa	Cuxhaven	Alemaña	Emigración
	Stade	Alemaña	Emigración

Pasemos agora a desglosar a segunda dimensión do modelo de irmandamentos aquí presentado, que quere ser, empregando o segundo e o terceiro nivel de análise, un termómetro das capacidades reais da propia rede galega de irmandamentos.

O apoio social (ou capital social)

En segundo lugar, adaptaremos o noso terceiro nivel de análise, xa presentado, como mecanismo para avaliar o apoio social que xera a nosa rede nos diferentes nodos ao definir o seu contido, unha vez que na primeira parte definimos as súas formas e sentidos.

Esta adaptación realizámola coa clasificación deseñada entre os concellos que se relacionan como primeira categoría de activos, os simplemente activos e os simbólicos. Os primeiros serán aquelas ferramentas adaptadas á xeración de apoio social na sociedade-rede, tanto na función de ligazón, como na de produción social (pola que recibiron esta etiqueta de activos de primeira categoría), os segundos constituirán simplemente

unións con algún elemento produtor (mediante esas actividades inconsistentes), e os simbólicos gardarán nos seus vínculos, adormecidos, ligazóns e produción pasadas potencialmente activables.

Así, os vínculos de primeira categoría, deben ser reseñados para pór en destaque onde está o apoio social activo da rede. Estes son os concellos que con maior intensidade xeran vínculos de apoio social:

1ª CATEGORÍA DE ACTIVOS		
A CORUÑA		
Concello	Localidade	Estado
Cabana de Bergantiños	Treize Septier, Bretaña	Francia
Carballo	L'Íle Jourdain, Bretaña	Francia
Ponteceso	Avintes	Portugal
Pontes de García Rodríguez	Lesneven, Carmander, Vila de Arroyo Naranjo	Francia, Reino Unido e Cuba
LUGO		
Concello	Localidade	Estado
Castro de Rei	Plounevez-Quintin, Bretaña	Francia
Castroverde	Castro Verde (Beja), Castro Verde de Campos (Valladolid), Castro Verde de Ferrato (Zamora)	Portugal, España, España
Sarria	Guerledan, rexión que acolle o cantón de Mur, que implica 5 concellos conectados, Bretaña	Francia
Viveiro	Lannion, Bretaña/La Habana Vieja	Francia, Cuba

OURENSE		
Concello	Localidade	Estado
Celanova	Santo Tirso, Guadix, Rubí	Portugal, Andalucía, Catalunya.
PONTEVEDRA		
Concello	Localidade	Estado
As Neves	Canton Lege, (suroeste), grupo de 3 concellos, Corque sur Logne, Lege, Toubois	Francia
Baiona	Pornic, Palos de la Frontera, Andrés Freire, Vila do Bispo, Santa Fé de Granada	Francia, España, Cuba, Portugal
Catoira	Frederikssund, West Somerset	Dinamarca, Reino Unido
Covelo	Geneston, Bretaña sul	Francia
Moaña	Pedroso, Vilanova de Gaia	Portugal
Redondela	Monção	Portugal

Destes datos estamos obrigados a destacar as seguintes conclusións:

A primeira consistiría en renomear a rede galego-bretona como o compoñente esencial en canto a produción social da rede, ao atoparse 9 irmandades galego-bretonas na primeira categoría de activos e 11 na situación de actividade. Destes, só sería simbólico o irmandamento do concello de Vigo.

A rede de irmandamentos de Lugo preséntase como a máis consistente e integrada de todas no apoio social que é capaz de xerar, con tan só 21% de irmandamentos simbólicos.

A rede portuguesa, co compoñente paradiplomático euro-rrexional sería a segunda no tocante a intensidade real no apoio social con 4 representantes de actividade de primeira categoría e ningún irmandamento simbólico.

A rede española sitúase ao completo na segunda categoría de activos, coa excepción dos irmandamentos de Castroverde cos seus homólogos castellanos e as irmandades entre Baiona e Palos de la Frontera e Santa Fé de Granada.

A rede americana, unha das esenciais compoñentes para a configuración do rasgo diaspórico como fundamental, obsérvase case ao cen por cen cun contido simbólico, que debe ser entendido dende as dificultades por consolidar o apoio social entre nodos tan distantes fisicamente. A rede diaspórica vese así definida polo simbolismo do carácter americano, máis enriquecido co carácter activo das irmandades españolas e europeas, que se representan máis activamente.

Resituándonos no primeiro nivel de análise coa relación total de irmandades, temos que inferir que os irmandamentos múltiples (un concello con diferentes irmandades) non son, por si mesmos, impedimento para o seu desenvolvemento se estes van acompañados dunha lóxica no planeamento local (Baiona, Caastroverde, As Pontes), mais si se aparecen sen motivacións iniciais consistentes (ou descoñecidas para nós, cando menos, como en Pontearreas, Boqueixón, ou Melide).

Por último, sinalar que ningunha das Cidades se sitúa na primeira categoría de activos, o que nos dá a entender, que son xa ferramentas residuais nas súas estratexias paradiplomáticas e internacionalizadoras, de estas existiren.

Dentro desta análise relativa ao apoio social deberíamos in-

cluír algunha metodoloxía que identificase os diferentes mecanismos de unión e produción social achegándonos directamente ás actividades que realizan uns e outros, e que aquí, expostas discontinuamente, foron xa presentadas. Limitarémonos así a esa presentación, deixando para outra ocasión, a análise das ferramentas concretas dos irmandamentos, repetindo a importancia que a participación de actores locais na mesma tivo na identificación das diferentes categorías de apoio social expostas.

Sintetizemos agora moi brevemente a definición do modelo aquí presentado.

3.2. Resumo executivo

1. O modelo galego de irmandamentos nace coa chegada da década dos 80 coa incorporación do Estado español á UE, expandíndose progresivamente, cun *boom* na década de 1990 que na actualidade comeza a remitir produto das malas prácticas (asociadas ao simbolismo), e ao proceso de alongamento comunitario que reduciu sensiblemente as subvencións dispoñibles para os nosos irmandamentos.

2. O modelo galego de irmandamentos desenvolvido nestes vinte anos é, así, fillo do proceso globalizador que para Galicia supuxo a integración do Estado español no proceso comunitario. Sen embargo, esta substancia elemental europea conxúgase no noso modelo coas especificidades propias de Galicia na sociedade-rede, nomeadamente o elemento diaspórico, tanto na dimensión americana, como europea e española.

3. Á súa vez, as especificidades da cultura galega atopan un vínculo internacional reseñable na identificación da rede de

irmandamentos máis activa por medio da identificación da rede paradiplomática galego-bretona. Tamén, a rede galego-portuguesa destaca na súa potencial utilidade en tanto que veciño fronteirizo con ligazóns histórico-culturais, como lingüísticas, reseñables. Dado que o propio modelo portugués (as geminações) relaciónase coas súas especificidades na África e Asia, podería permitir a posibilidade de introducir irmandamentos en rede que enfatizasen as diferentes sinerxías.

4. O modelo galego é máis activo ca simbólico, mais nunha porcentaxe elevada (o 46,3% dos concellos irmandados categorizados como simplemente activos) os irmandamentos non son susceptibles de entrar nas lóxicas propias da sociedade-rede ao non estableceren lazos consistentes nin orientados a obxectivos por medio de actividades de produción social adaptadas á sociedade-rede. O que de facto imposibilita a participación no programa europeo de *“Europe for Citizens”*.

5. A rede de irmandamentos lucense posiciónase como a de maior apoio social proporcional, aínda que nas provincias atlánticas de A Coruña e Pontevedra, a participación de concellos irmandados sexa maior. Destaca nesta análise provincial a baixa densidade ourensá, tanto nas sinaturas formais de irmandamentos, como no apoio social que son capaces de xerar os concellos irmandados, dos que só Celanova fai bon uso.

6. A identificación deste modelo galego, e das súas redes paradiplomáticas, non pode ser máis que unha ferramenta de calidade para apoiar e harmonizar a acción exterior propia da Comunidade Autónoma Galega.

Terceira parte:

DIMENSIÓN PROPOSITIVA

1. INTRODUCCIÓN

Por último, e tras presentar os datos sobre o modelo galego de irmandamentos e as conclusións, adentrámonos agora na derradeira parte deste proxecto, que xira en torno ás proposicións para a acción desta rede (latente) internacional galega desenvolvida e evoluída en preto de trinta anos de tradición, e contextualizada na actualidade polas características universalistas da sociedade-rede e as propias especificidades de Galicia nesta, detectadas nas lóxicas internas dos nosos irmandamentos, como pegada xenética do relacionamento de Galicia co exterior.

A priori, debemos ter en conta que non todos os gobernos locais sofren coa mesma intensidade o proceso globalizador e as consecuencias da nova era (aínda máis no contexto galego, no que a “mala ordenación” é un lastre recoñecido por todos), mais todos están conectados nunha lóxica urbana global de interrelación entre o urbano e o rural, e todos, no propósito de maximizar as potencialidades e capacidades da súa cidadanía e territorio, deben responder con modelos recursivos (non experimentados previamente). Enfrontar estes retos con atrevemento non é máis que identificar as resistencias históricas dos procesos de mudanza.

Presentaremos así un modelo normativo apoiándonos na bibliografía previa existente, na análise de datos exposta, e nas teses operativas presentadas neste traballo en relación á especificidade potencial das irmandades como ferramentas de desenvolvemento local adaptadas á sociedade-rede. Este modelo normativo definirase adaptando as diferentes tomas de decisión á planificación previa (imprescindible) das necesidades locais en relación coa irmandade, e non só, senón tamén tendo presente que os modelos a implementar non serán os mesmos nas cidades que nos concellos medios ou pequenos.

Na segunda parte desta dimensión propositiva significaremos o papel da FEGAMP como unha rede galega (formal-sistematizada) de gobernos locais que desenvolveu unha rede de conexión global sobre as súas propias lóxicas “globais”: emigración, integración europea, eurorrexión ou cooperación ao desenvolvemento. Un desenvolvemento inconsciente que na era da sociedade-rede debe ser explicitado e aproveitado para a maximización de sinerxías nese esforzo por conectarse ás oportunidades deste novo presente, non só para as cidades e concellos de xeito individual ou agregado, senón dende a lóxica dunha autonomía con historia e características propias que non quere ficar “abrasada” ante a velocidade e complexidade dos novos fenómenos sociais, políticos e económicos.

Sen dúbida, calquera proceso computador desta rede latente, debe ser integrado en relación coa rede de redes que representa a Xunta de Galicia, e dirixido por dous nodos estratégicos nesta interrelación de intereses coa FEGAMP, a Dirección Xeral da Administración Local e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

2. MODELO NORMATIVO DE XESTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN IRMANDAMENTO NA SOCIEDADE-REDE

Introdución

Finalmente, e unha vez percorrida unha exposición escalonada de comprensión do fenómeno das irmandades internacionais (globais), desenvolveremos un “deber ser”, como modelo de procesamento e desenvolvemento destes instrumentos aplicados ás características específicas desta nova era. Este modelo teórico defínese como universal, aínda que nos diferentes exemplos operativos en canto á definición de programas ou actividades empreguemos os datos do noso propio modelo como galegos, para enfatizar as ideas fortes en función da acción que nel se quere presentar.

O modelo nútrese esencialmente da tradición europea, polo que na actualidade tal modelo debe configurarse estruturalmente para o enriquecemento constante do mesmo, por medio de novas ligazóns a novas redes, produto de novas interaccións internacionais orientadas segundo as lóxicas temáticas integradas no programa europeo de “Europa para os cidadáns”, que nace para trascender as relacións a dous do modelo clásico

de irmandade, e chegar a modelos en rede de gobernos locais irmandados para concentrar o máximo posible a lóxica europeísta do programa, e os propios obxectivos do mesmo orientados na lóxica da sociedade-rede.

Orientada esta procura de ligazóns e redes en base ao diagnóstico inicial que defina onde están as informacións, os coñecementos e as relacións que a nosa irmandade quere desenvolver na planificación integral do concello, o modelo proposto será flexible, tanto para desenvolver características propias (segundo as lóxicas propiamente locais da irmandade) como para ser empregado ou non nun contexto europeo e polo tanto cun horizonte subvencionable. Desta situación, o modelo segue unha lóxica secuencial que debe ser interpretada con liberdade, mais desenvolvida sempre polos diferentes actores con roles definidos.

Por último, sinalar que o modelo aquí proposto pode ser aplicado tanto polos concellos ou agrupacións de concellos, como por entidades do asociacionismo local que en conxunto deciden impulsar un irmandamento, xa que, de non ter un enfoque relacional entre o concello e os diferentes actores locais, deberíamos falar doutro tipo de cooperación descentralizada.

1. Integración na planificación do desenvolvemento local: o diagnóstico

Sexa ao nivel político, técnico ou simplemente de cidadáns activos, cando se pense en articular algún mecanismo de cooperación internacional, ou este simplemente apareza produto dun contacto ou dunha información, debemos de preguntarnos polo sentido do mesmo na planificación local do concello, xa que can-

to máis e mellor saibamos integralo na planificación local, máis e mellor funcionará operativamente no mesmo. Así as cousas, para poder outorgarlle unha lóxica ao que fagamos debemos de ter claro quen somos e que clase de relacións queremos, ate onde queremos que cheguen e ate onde non, con que movemento asociativo e con que dispoñibilidades no interior do concello contamos, segundo a infinidade de historias individuais concretas do variado universo municipal galego. A cantidade de posibilidades diferentes é tanta, (dende actividades sectoriais para fomentar o multilinguismo a irmandades que desputen Olimpíadas deportivas, pasando por irmandades incentivadas en cooperación co mundo empresarial) que pode abrumarnos, e de aí a necesidade de pensalo correctamente buscando o maior número de sinerxías entre as diferentes redes do concello e as capacidades que o irmandamento podería viabilizar.

O único que se procura resaltar aquí é que as decisións deben de estar pensadas e consensuadas en lóxicas integradas e non limitarse a asinar papeis sen coñecer a situación real para ser aplicados, tanto en capacidade organizativa como económica.

2. Acudir ás redes, posicionarse e atopar un parceiro

Unha vez que saibamos o que queremos facer en función dos nosos recursos e capacidades poderemos acudir aos centros neuráxicos da cooperación descentralizada e os irmandamentos⁶³. Os gobernos locais, como institucións da sociedade-

63 www.twinning.eu e www.ugcl.com

rede, deben empregar estas redes internacionais na procura dos parceiros máis adecuados en función do noso diagnóstico.

Na relación, na interactuación con estes centros de información, na xeración de contactos e informacións comezaremos a desenvolvernos na sociedade-rede ao tempo que confeccionamos o mellor contexto para a nosa produción social adaptada a ela. Deberíamos sinalar aquí que cun primeiro diagnóstico ben elaborado teremos a mellor tarxeta de presentación posible.

3. Xestión do nacemento

Neste aspecto debemos identificar dous puntos igual de importantes. Dunha banda, xestionar o “parto” interno da irmandade, ou sexa, o modelo de coordinación entre a institución municipal e o asociacionismo local, ben por un comité mixto onde participen todos, a centralización no concello por medio dunha concellalía ou área específica ben delimitada, ou ben a dirección do mesmo por unha asociación cidadá que conte co concello como ponte, mais sen protagonismos.

Doutra banda, cun “comité mixto” debemos realizar visitas que nos aseguren que a elección do parceiro responde aos obxectivos, ao tempo que consoliden as relacións que nos permitirán darlle continuidade no tempo ao irmandamento.

4. Planificación anual ou plurianual das actividades

En función do diagnóstico e da selección do parceiro debemos establecer unha estratexia mínima de relacionamento co mesmo, tendo que definir así cal será o programa anual ou

plurianual de actividades, cal será o método de relacionamento entre os concellos e os comités irmandados. Non se trata de definir programas pechados de actividades, senón de orientar a mecánica que de verdade se quere implementar na construción de produción social combinada por medio da irmandade.

Neste momento, e tendo presentes as novas lóxicas de irmandamentos en redes temáticas debemos coñecer as relacións do noso parceiro, e considerar de maneira común a posibilidade de estimular algún programa que poida abrir novas vías que non se tiveran implementado antes.

5. Boas prácticas no desenvolvemento da irmandade

Sinalaremos aquí, as claves do éxito que se explicitan no *Twinning* europeo:

- Atopar o parceiro correcto.
- Envolver os cidadáns e as entidades sociais da comunidade.
- Incluír unha dimensión europea.
- Definir obxectivos comúns co parceiro e as sociedades civís interrelacionadas.
- Crear un soporte estrutural.
- Traballar coas escolas e a xente nova.
- Dirixir as actividades ás problemáticas actuais.
- Ter un orzamento definido.
- Observar o futuro sen medo aos retos e con atrevemento.
- Conformar un plan sustentable de relación.

BIBLIOGRAFÍA

- ALBA TECEDOR, C. (1997): “Gobierno local y ciencia política: una aproximación”, en ALBA TECEDOR, C. e VANACLOCHA BELLVER, F.J. (eds.), *El sistema político local: un nuevo escenario de gobierno*, Madrid, BOE-MAP.
- BALLESTEROS FERNÁNDEZ, A. (1998): *Manual de Administración local*, Granada, Comares.
- BARREIRO CABESTANY, F. (2003): *El capital social: què es i com es mesura*, Barcelona, Diputació de Barcelona.
- BLANCO, I. e GOMÁ, R. (2002): *Gobiernos locales y redes participativas*, Barcelona, Ariel.
- BORJA, J. e CASTELLS, M. (1997): *Local y global, la gestión de las ciudades en la era de la información*, Madrid, Taurus.
- BRUGUÉ, Q. e GOMÁ, R. (coords.)(1998): *Gobiernos locales y políticas públicas*, Barcelona, Ariel.
- BRUNA, F. (2008): “O comercio exterior en Galicia e a política de internacionalización empresarial”, en *Tempo Exterior* nº16.
- CANCELA OUTEDA, C. (2008): “Unha ollada a paradiplomacia galega”, en *Tempo Exterior* nº 17, IGADI.
- CARRETERO GÓMEZ, PLAZA UBESA, CARREÑO ORTEGA e VA-

- LENCIANO (2001): Desarrollo local. Una estrategia para afrontar la globalización contando con las personas.
- CASERO NUÑO, M (1998): Los hermanamientos y la cooperación, Madrid, Federación Española de Municipios y provincias.
- CASTELLS, M. (ed.) (2006): La Sociedad Red: Una visión global, Madrid, Alianza.
- CERNADAS RAMOS (coord.) (2001): Las Administraciones Públicas y sus nuevas técnicas de gestión. Especial referencia al ámbito local, A Coruña, Escuela de Negocios de Galicia.
- CHAQUÉS BONAFONT, L. (2004): Redes de políticas públicas, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.
- CMRE (2006): Twinning: a tool for living (disponible en Internet).
- DABAS, E. (1998): Redes sociales, familias y escuela. Editorial Paidós. Buenos Aires
- FEMP (1998): Guía práctica, Los hermanamientos en Europa, Madrid, Federación Española de Municipios y Provincias.
- FEMP (2002): Presentación del Servicio de hermanamientos, www.femp.es
- FERNÁNDEZ MATO J.C. (2008): “Cara un novo modelo na acción exterior da Xunta”, en Tempo Exterior nº 17.
- FERNÁNDEZ SAVATER, A. (2003): “Apontamentos sobre a necesidade de construímos mitos”, en Murguía: Revista Galega de Historia nº 3.
- FONT, J. (2001): Ciudadanos y decisiones públicas, Barcelona, Ariel.
- FUKUYAMA (1992): El fin de la historia y el último hombre, Barcelona, Ariel.
- GALOFRÉ GARRETA, G. (2002): Estudi sobre la participació de Sant Boi en l'agermanament amb San Miguelito, Sant Boi,

- Fons Catalá de Cooperació al Desenvolupament.
- GÓMEZ, M. (2003): Os irmanamentos en Galicia: a ruta local do internacional, Vigo, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.
- GONZÁLEZ LAXE, F. (coord.) (2007): Estratexia de acción exterior de Galicia, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- GONZÁLEZ VICENTE, A. (2006): A dimensión internacional da lingua galega, Longa Lingua-Deshebro.
- GONZÁLEZ VICENTE, A. e RÍOS PAREDES, X. (2006): A acción cultural de Galicia no exterior, Comisión de Cultura Galega no Exterior, Consello da Cultura Galega.
- HILDENBRAND SCHEID (2006): Les xarxes de ciutats: Un instrument emergent de cooperació intermunicipal a Europa, Diputació de Barcelona, Síntesi.
- INGLEHART (1998): Modernización Y Posmodernización : El Cambio Cultural, Madrid, CIS.
- LONGO, F. (dir.) (1996): Informe Pi i Sunyer sobre Gobierno Local en España, Barcelona, Fundació Carles Pi i Sunyer d'estudis autonòmics.
- LLADÓS MASLLORENS (coord.) (2007): Entorno innovador, iniciativa emprendedora y desarrollo local, Barcelona, Octaedro.
- LLISET BORREL, F. (2001): Manual de Derecho Local, Madrid, El Consultor de los Ayuntamientos.
- MÁRQUEZ CRUZ, G. (2004): "Futuro y perspectivas del gobierno local en Galicia", en RODRÍGUEZ, R. (dir.). Os concellos Galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e do goberno local, Santiago de Compostela, USC.
- MÁRQUEZ CRUZ, G. (2006): Las formas y tipos de gestión de las competencias de los gobiernos locales en Galicia: La dinámica

- de la gobernanza y el marco de las políticas públicas. Santiago de Compostela, IDEGA-USC.
- MORATA, F. (1999): La Unión Europea: Procesos, actores y políticas, Barcelona, Ariel.
- NABASKUES, K. (2003): Globalización y nueva política local, Vitoria, Instituto Vaco de Administración Pública.
- NEIRA, T. (1999): La cultura contra la escuela, Barcelona, Ariel.
- PÉREZ RAMÍREZ, B. e CARRILLO BENITO, B. (2006): Desarrollo Local: Manual de Uso, Madrid, ESIC/Federación Andaluza de Municipios e Provincias.
- RAMONET, I. (ed.) (2002): La post-televisión, Barcelona, Icaria.
- RÍOS PAREDES, X. (coord) (2005): Libro branco da acción exterior de Galicia, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- RÍOS PAREDES, X. (2007): “O global no local”, ECO
- RÍOS PAREDES, X. (2004): “A acción exterior no novo Estatuto de Galicia”, Tempos Novos-Setembro.
- RÍOS PAREDES (2007), X. “A paradiplomacia galega”, AGN.
- RODRÍGUEZ, R. (dir.). Os concellos Galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e do goberno local, Santiago de Compostela, USC.
- SARILLE, X.M. (2004): “Irmandamento entre Rianxo e Lubián”, en A Nosa Terra, 25 de marzo de 2004.
- SERRA, A. (2004): La transversalitat en la gestió de polítiques públiques, Diputació de Barcelona, Síntesi.
- TOYNBEE, A. (1973): Ciudades en marcha, Madrid, Alianza.
- VALENCIANO, J.de P. (2003): Desarrollo local: Una estrategia para afrontar la globalización contando con las personas, Almería, Universidad de Almería.
- VILLARES, R. (2004): Historia de Galicia, Vigo, Galaxia.

ZAPATA (2007): Manual práctico para internacionalizar la ciudad, Diputació de Barcelona, Observatorio de Cooperación descentralizada.

ZUBIRI, U. (1997): Los hermanamientos municipales y la cooperación internacional: Definición, carácter, origen, tipología, protocolos, objetivos, funcionamiento, problemas y perspectivas, Madrid, Federación Española de Municipios y Provincias.

DOCUMENTACIÓN INSTITUCIONAL

“EUROPE FOR CITIZENS 2007-2013 PROGRAMME GUIDE” Dirección Xeral de Educación e Cultura (versión válida do 1 de xaneiro de 2009).

“RELATORIOS DA VII ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS” Santiago a 22 de novembro de 2007.

“ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS POLO QUE SE ESTABECE O CONTIDO E DESENVOLVEMENTO DO PACTO LOCAL” Santiago 2006.

“DECLARACIÓN FINAL DO CONGRESO FUNDADOR DAS CIDADES E GOBERNOS LOCAIS UNIDOS: CIDADES E GOBERNOS LOCAIS: O FUTURO DO DESENVOLVEMENTO” París a 5 de maio de 2004.

“CARTA EUROPEA DE AUTONOMÍA LOCAL”, UE, Estrasburgo, 1985 (BOE do 29 de setembro de 1988).

“DECLARACIÓN DO CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE IRMANDAMENTOS DE RODAS” 2007.

LISTAXE DE ACTORES RELEVANTES

Galicia:

FEGAMP

<http://www.fegamp.es>

EGAP

<http://egap.xunta.es>

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

<http://cpapx.xunta.es/portal/>

Dirección Xeral da Administración Local

<http://cpapx.xunta.es/portal/adminlocal/index.htm>

Fundación Galicia-Europa

<http://fundaciongaliciaeuropa.eu>

IGADI

<http://www.igadi.org>

Deputacións:

<http://www.dicoruna.es/>

<http://www.depontevedra.es/>

<http://www.diputacionlugo.org/>

<http://www.depourense.es/>

Estado:

FEMP

<http://www.femp.es/>

Associació Catalana de Municipis i Províncies

<http://www.associacio.net/index.php>

FMPC (Federació de Municipis de Catalunya)

<http://www.fmc.cat/WEB/HOME/default.cfm>

FAMP (Federación Andaluza de Municipios e provincias)

<http://www.famp.es/>

FAC (Federación Asturiana de Concejos)

<http://www.facc.info/portada.aspx>

Punto Europeo de Cidadanía, Ministerio de Cultura :

<http://gl.www.mcu.es/cooperacion/MC/PEC/Programa.html>

Observatorio de cooperacion descentralizada

<http://www.observ-ocd.org/>

Centre per la innovació local (Diputació de Barcelona)

<http://www.diba.cat/innovacio/>

Unión Europea:

Comisión Europea

http://ec.europa.eu/index_es.htm

Consello Europeo de Municipalidades e Rexións

<http://www.ccre.org/>

Sección Twinning do Consello Europeo de Municipalidades e Rexións

http://www.ccre.org/champs_activites_liste_news_en.htm?ID=3115

<http://www.twinning.org/>

Secretariado xeral de Educación e Cultura

http://ec.europa.eu/dgs/education_culture/index_en.html

Citizenship

http://ec.europa.eu/citizenship/index_en.htm

Sección Twinning de “Europe for citizens”

http://ec.europa.eu/citizenship/programme-actions/doc30_en.htm

EACEA (Education, Audiovisual, Culture Executive Agency= implementador do Town Twinning)

<http://eacea.ec.europa.eu/index.htm>

“Europe for citizens” Programme (na EACEA)

http://eacea.ec.europa.eu/citizenship/index_en.htm

Europe Direct

http://ec.europa.eu/europedirect/index_en.htm

Mundo:

UCLG (Unión Muncial de Cidades e Gobiernos Locais)

<http://www.cities-localgovernments.org/uclg/index.asp>

Associação Nacional de municípios portugueses

<http://www.anmp.pt/>

Sister Cities International

<http://www.sister-cities.org/>

ANEXO 1:

Cuestionario telefónico

1. Está o seu concello (x) irmandado con algún outro?
 - 1.SI (p2)
 - 2.NON (p4)
 - 3.Intercambios (p2, p3 - p13)
2. Con cal ?
3. País? (p7)
4. Teñen algún irmandamento en perspectiva?
 - 1.SI (p5)
 - 2.NON (fin da entrevista)
 - 9.NS/NC (fin da entrevista)
5. Con quen?
6. Que país?
7. Existe algún responsable específico da xestión do irmandamento no concello?
 - 1.SI (p8)
 - 2.NON (p9)
 - 9.NS/NC (p9)

8. Que posto/función desempeña dentro do concello?
9. Houbo intercambio de visitas neste tempo?
 - 1.SI (p10)
 - 2.NON (p12)
 - 9.NS/NC (p12)
10. Con que frecuencia?
 - 1.Unha cada ano
 - 2.Unha cada dous/tres anos
 3. Menos
11. Quen participou nesas visitas?
 - 1.Axentes políticos
 - 2.Axentes económicos
 - 3.Axentes socioculturais
 9. NS/NC
12. O irmandamento do seu concello conta con algún programa de actividades?
 - 1.SI
 - 2.NON
 - 9.NS/NC
13. En que consisten as actividades do irmandamento?
14. Como se organizan as actividades?
 1. Anualmente
 2. Plurianualmente
 3. Indeterminado
 9. NS/NC
15. En que ano se realizou a última actividade ou visita institucional?
 1. No último ano
 2. Nos últimos tres anos

3. Hai máis de tres anos
9. NS/NC
16. Adícaselle no seu concello unha partida orzamentaria ao irmandamento?
1. SI (p17)
 2. NON (p19)
17. A xestionar por que concellaría?
18. A canto ascende?
19. Pediron asesoramento a algunha institución á hora de conveniar o seu irmandamento?
1. SI (p20)
 2. NON (p21)
9. NS/NC
20. Que institución lles deu asesoramento?
21. Coñecen o programa “Cidadáns para Europa” e as súas liñas de axuda para o irmandamento na UE?
1. SI
 2. NON
9. NS/NC
22. De que ano data a sinatura do irmandamento?
23. Cales foron os motivos iniciais do irmandamento?
24. Como foi o acordo do pleno?
1. Unanimidade
 2. Maioría absoluta
 3. Maioría simple
9. NS/NC

ANEXO 2: Mailing

Como vos fixemos saber na entrevista telefónica, dende o IGADI estamos a facer un estudo xeral sobre os irmandamentos en Galicia coa idea de suxerir futuras liñas de traballo da Dirección Xeral da Administración Local, no que ademáis de aportar novas perspectivas teóricas sobre o fenómeno, estamos a elaborar unha radiografía sobre o modelo que posuímos, contabilizando o número total de irmandades, o ámbito xeográfico destas e as súas motivacións iniciais. Mais tamén queríamos saber cal é a vida real destas irmandades, se se manteñen activos e a capacidade de interrelación que teñen coa cidadanía.

Daí as nosas preguntas sobre as actividades realizadas, que nos permitiron facer unha discriminación entre as irmandades activas, e as que simplemente chamamos simbólicas.

Desa discriminación nace este correo electrónico, que trata de incorporarvos máis activamente ao noso estudo xeral, ao serdes vós os responsables ou encargados (principais) dos irmandamentos activos que nós identificamos.

Sodes o “ouro” desta investigación, e por iso pregaríamovos que responderades ás seguintes cuestións nos próximos dez días, coa máxima brevidade se é preciso:

(as respostas aquí dadas serán sempre tratadas de xeito agregado, sendo apenas citados os casos específicos dos concellos que cumpra resaltar positivamente):

1- *Na relación co movemento asociativo no marco do irmandamento do seu concello, que fórmula empregan: asociación ou comité de irmandamento, ou reunións informais e comunicacións directas ? (resposta aberta, poden explicar o como e o porqué do criterio. Os que sexan membros dunha asociación ou comité de irmandamento deben responder á inversa: como se relaciona o concello con vostedes?)*

2- *Cómo financian as actividades de irmandamentos?*

3- *Existen exemplos concretos de transferencia de recursos, quer en forma de ideas ou actividades que se importaron ou “copiaron” (tanto na vida sociocultural, como institucional, económica, de benestar...) dun a outro lado da irmandade?*

4- *Díganos tres adxectivos en positivo, e tres en negativo, en base á experiencia como encargado municipal de irmandamentos no seu concello.*

Por último, agradeceríamos nos mandasen toda a información en formato dixital que teñan referida á irmandade (ben desde un plan de actividades, ao propio protocolo, unha reseña dos anos de irmandade...)

Sen máis, animálos a participar, xa que ese traballo e a capacidade de comunicalo fará do noso estudo unha ferramenta que poida reafirmar esta liña de acción da cooperación internacional non estatal.

Grazas de novo.

